





Plan Municipal de **EMPREGO**
2 0 0 4 / 2 0 0 7



Concello de Vigo
Desenvolvemento Local e Emprego



MEMORIA DE RESULTADOS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007

MEMORIA DE RESULTADOS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007





Plan Municipal de **EMPREGO**
2 0 0 4 / 2 0 0 7



Concello de Vigo
Desenvolvemento Local e Emprego

PRESENTACIÓN p.07

SOBRE O PME 2004-07 p. 09

ESTRUTURA PARA A IMPLEMENTACIÓN DO PME 04-07 p. 13

RESUMO EXECUTIVO DOS PROGRAMAS/SERVIZOS

1 PROMOCIÓN DO AUTOEMPREGO

1.1. Servizo de asesoramento a emprendedores/as (SAE) p. 24

1.2. Programas de apoio á creación de empresas

1.2.1. Axudas municipais á creación de empresas p. 30

1.2.2. Microcréditos para o autoemprego p. 36

1.2.3. Incubadora municipal de empresas p. 40

2 PROMOCIÓN DO EMPREGO

2.1. Servizo de orientación laboral (SOL) p. 46

2.2. Programas de formación-emprego

2.2.1. Escolas obradoiro (EO) p. 52

2.2.2. Obradoiros de emprego (OE) p. 62

2.2.3. Cursos de formación ocupacional p. 74

2.2.4. Subvención global FSE p. 78

2.3. Programas de contratación para a inserción

2.3.1. Programas de cooperación Xunta de Galicia-Concello p. 94

2.3.2. Programa LABORA: Xuventude con experiencia p. 104

2.3.3. Programa BIAL (Brigadas de inserción e actuación local) p. 112

2.3.4. Programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia doméstica p. 120

2.4. Programas de apoio á inserción laboral

2.4.1. Axudas municipais á contratación p. 124

2.4.2. Formación en empresas con compromiso de contratación p. 130

2.4.3. Accións de acompañamento á inserción p. 136

3 PARTICIPACIÓN NOUTROS PROGRAMAS RELATIVOS AO EMPREGO

3.1. Iniciativa comunitaria Equal p. 142

3.2. Convenios de colaboración p. 146

INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS XERAIS p. 150


ANEXOS

1. Obras realizadas polo Programa BIAL, diferenciadas por parroquias p. 165

2. Entidades colaboradoras do Servizo de orientación laboral (SOL) p. 193

3. Beneficiarios/as das Axudas municipais á creación de empresas p. 205

4. Subvención Global: Rede de entidades colaboradoras p. 213



PRESENTACIÓN

MEMORIA DE RESULTADOS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO
2004-2007

Cando se xestou o Plan municipal de emprego 2004-2007, tiña moito por facer na cidade neste eido. Os obxectivos que expuxemos dende o principio eran ambiciosos, xa que abrangían moitas e variadas problemáticas.

Preocupábanos especialmente a alta taxa de desemprego feminino. A desigualdade por cuestión de xénero que dificulta o acceso das mulleres a un emprego. E se algo nos dá o traballo é a liberdade de poder decidir. Por iso, centrámonos en colectivos coma as vítimas de violencia de xénero. E, tamén nas persoas con algunha discapacidade.

Outro dos alicerces do plan foi impulsar o espírito empresarial, o dinamismo emprendedor que define e caracteriza a esta cidade; pero, sen deixar atrás, sen esquecernos, do noso Casco Histórico, ese barrio que quere renacer.

Tiñamos moito que facer.

É por isto que, co Plan municipal de Emprego 2004-2007, promovimos exitosos proxectos de formación e inserción laboral que involucraron a diferentes administracións. Creamos un Centro para o Emprendemento no corazón do barrio histórico, convocamos subvencións que priorizaban aos colectivos desfavorecidos e á actividade no Casco Vello...


Pero, para o bo fin do plan, tamén foi importante a súa aprobación, de forma unánime, por toda a Corporación Municipal, para máis tarde acadar a concertación e o apoio de todos os axentes sociais na súa implantación.

A piques de rematar esta legislatura, xa podemos dicir que acadamos os obxectivos propostos.

Aínda que somos conscientes que hai que seguir reforzando a ambiciosa liña de traballo emprendida...



Lucía Molares Pérez
Concelleira de
Promoción
Económica e
Desenvolvemento
Local



SOBRE O PME 2004-07

Segundo datos da Unión Europea, as administracións locais xestionan o 80% dos gastos derivados da aplicación das políticas activas de emprego. Este feito, unido á ausencia legal de competencia directa na materia, outórgalles aos concellos unha singular posición na loita contra o desemprego.

Por unha banda, os procesos de orientación-formación-inserción de persoas desempregadas (ao igual que a promoción de iniciativas empresariais) non forman parte do xa de por si extenso corpo competencial dos concellos. Por outra, as persoas recoñécense mellor na súa administración máis achegada, e recorren a ela cando unha situación se vive en clave de problema.

Progresivamente, dende hai cando menos dúas décadas, as administracións locais en Galicia traducen esta preocupación polo benestar dos seus veciños e veciñas, no desenvolvemento de proxectos, programas e accións de promoción do emprego. O cofinanciamento de administracións superiores (autonómica, central e, sobre todo, europea) permitiu afrontar estes novos gastos sen forzar aínda máis ás maltreitas facendas locais.

Na actualidade, e coa experiencia acumulada nestes anos, son moitos os concellos con discurso propio no referente á promoción da actividade económica e ao emprego no seu ámbito de actuación. Ademais, os concellos con maior dimensión poden ter unha menor dependencia das correspondentes subvencións, pola súa maior capacidade para asumir compromisos.

No caso do Concello de Vigo, no período comprendido entre 2004 e 2007, dos preto de 4 millóns de euros destinados (como media anual) ao desenvolvemento de políticas activas de emprego, aproximadamente o 50% (ao redor de 2 millóns de euros) son financiados polo orzamento propio municipal; o resto achégano, principalmente, a Xunta de Galicia e o Fondo Social Europeo (directamente ou a través do correspondente programa operativo). Este esforzo orzamentario do Concello de Vigo supón aproximadamente o 2% do total do orzamento municipal consolidado e liquidado (cómpre indicar aquí que, no período 2004-2007, só houbo un ano con aprobación de orzamento anual polo

SOBRE O PME 2004-07

Pleno; o resto dos anos traballouse con orzamento prorrogado, co que isto supón de limitacións e condicionantes).

Pois ben, desde o departamento municipal responsable da xestión do PME 04-07, enténdese este esforzo orzamentario máis como investimento que como gasto, na medida en que as persoas que aproveiten a súa participación nun dos seus programas, e acaden un maior grao de inserción sociolaboral, terán máis doada unha autonomía económica (e, por ende, social) que lles permita non ter que recorrer (ou recorrer menos) aos servizos sociais municipais, que si son competencia e obriga dos concellos. Investindo en promoción, redúcense as obrigas asistenciais.

Así, o PME 04-07 pretendeu complementar os esforzos doutras administracións na loita contra o desemprego, fortalecendo aquelas actividades das que se entendeu había máis necesidade, e poñer en primeira liña ás persoas pertencentes aos colectivos desfavorecidos considerados prioritarios polo goberno municipal: mozos/as, parados/as de longa duración, maiores de 45 anos, mulleres, persoas vítimas de violencia doméstica e discapacitados/as, fundamentalmente estes dous últimos grupos.

Consensuado cos tres sindicatos maioritarios, o PME 04-07 contou cun marco de referencia para a regulación das relacións da totalidade dos traballadores e traballadoras participantes co Concello de Vigo, o "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007", asinado o 7 de xuño de 2004 entre o Goberno municipal e as unións comarcais dos sindicatos Comisións Obreiras, Unión Xeral de Traballadores e Confederación Intersindical Galega. A través dunha Comisión Paritaria de Seguimento, as centrais sindicais participaron no seguimento e avaliación dos programas e proxectos que compoñen o Plan, nomeadamente daqueles de pulo e financiamento exclusivamente municipal. A experiencia e valoración non pode máis que cualificarse, dende a perspectiva municipal, como de moi positiva.

Ao realizar esta memoria final, réndense contas ante a sociedade en relación ao realmente feito, recolléndose resultados que ás veces

SOBRE O PME 2004-07


están por debaixo do agardado e outras por riba, pero que demostran, a grandes rasgos, que a aposta polo emprego dende o ámbito local, na área de Vigo, goza de boa saúde.

Este traballo non tería sido posible sen a colaboración doutras entidades, públicas e privadas, así como de numerosas persoas que, cada unha dende a súa perspectiva e especialidade, achegaron o seu esforzo e dedicación. Coa intención, pero sen a seguridade, de non deixar a ninguén sen citar, relaciónanse de seguido as entidades que teñen colaborado dun xeito máis importante co Concello de Vigo na implementación do PME 04-07. A todas elas, o recoñecemento municipal:

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV)
 Xunta de Galicia. Consellaría de Traballo
 Fondo Social Europeo (FSE)
 Ministerio de Administracións Públicas
 Unión Comarcal Comisións Obreiras (CCOO)
 Unión Comarcal Unión Xeral de Traballadores (UGT)
 Unión Comarcal Confederación Intersindical Galega (CIG)
 Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP)
 Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)
 BIC Galicia
 Obra Social Caixanova
 Obra Social Caixagalicia
 Universidade de Vigo
 Fundación Secretariado Gitano
 Fundación Eccca
 FORMEGA

Complementariamente, nos Anexos 2 e 4 desta memoria recóllense listados de empresas e entidades colaboradoras do PME 04-07 en distintos programas e actividades.

Ignacio Ojea Pérez
 xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego



ESTRUTURA PARA A IMPLEMENTACION DO PME

XUNTA DE GOBERNO LOCAL

CONCELLEIRA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E
DESENVOLVEMENTO LOCAL

Lucía Molares Pérez

XEFE DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO

Ignacio Ojea Pérez

COORDINADORA DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007

Imelda Barrio Santamaría

ADMINISTRACIÓN

Belén Pérez Freire, administrativa

Lucía Trillo de Martín Pinillos, administrativa

ESTRUTURA PARA A IMPLEMENTACIÓN DO PME

SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL (SOL)

Xulia Veiga Cedeira, coordinadora

Xosé Alberte Cea Rodríguez, técnico orientación

Marta de la Cruz Álvarez, técnica orientación

Eva García Barbosa, técnica orientación

Olga Rey Estraviz, técnica orientación

Sonia M^a Martínez Alonso, técnica orientación

M^a Consuelo Iglesias Salas, técnica inserción

Elisa Casal Prieto, técnica inserción

SERVIZO DE ASESORAMENTO A EMPREENDEDORES/AS (SAE)

Berta Mosquera Arjona, coordinadora

Rosa Molinos Campos, técnica local de emprego-AEDL

Sonia Rodríguez Ricart, técnica local de emprego-AEDL

M^a Eugenia Cruz Lorenzo, técnica local de emprego-AEDL

Mónica López-Coronado Carnero, técnica microcréditos

M^a Elvira Baltar Mosquera, AEDL

Francisco Germade Carleus, AEDL

CENTRO MUNICIPAL DE FORMACIÓN EN NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN (CITIC)

Ricardo Veiga Rial, coordinador

ESTRUTURA PARA A IMPLEMENTACION DO PME

PROGRAMA BIAL

Ana M^a Mouriz Martínez, directora técnica
Alberto Durán Iriarte, director técnico de apoio

Susana González Torres, administradora
Xosé Antonio Muíños Acuña, responsable obras
Juan Francisco Martín Martínez, titor
Rocío García Calvo, auxiliar administrativa
Jesús Meda Cajaraville, encargado
Ángel Castro Rivas, encargado
Gumersindo Cortés Castro, xefe de equipo
Fernando Rodríguez Bastos, xefe de equipo
José Crespo Veiga, xefe de equipo
José Luís Castro Figueroa, xefe de equipo

ESCOLA OBRADOIRO "MAR DE VIGO II"

Henrique Otero Barberena, director

Margarita Queipo Fernández, titora
Santiago Cancelas Costa, experto-docente Carpintería de ribeira
Víctor Robleda Barcia, experto-docente Actividades Náuticas
Fidel Fernández Barroso, experto-docente Novas técnicas construción naval
José Feliciano Peixoto Martínez, experto-docente Apoio construción naval
M^a Dolores Guisande Oleiro, administrativa
Santiago Álvarez Fox, conserxe-condutor

ESCOLA OBRADOIRO "MAR DE VIGO III"

Henrique Otero Barberena, director

Ana M^a Sainz Almoguera, titora
Santiago Cancelas Costa, experto-docente Carpintería de ribeira
Víctor Robleda Barcia, experto-docente Actividades Náuticas
José Feliciano Peixoto Martínez, experto-docente Novas técnicas construción naval
Patricia Valls Agosta, administrativa
Santiago Álvarez Fox, conserxe-condutor

ESTRUTURA PARA A IMPLEMENTACIÓN DO PME

OBRADOIRO DE EMPREGO "VIGOZOO II"

Xulia Veiga Cedeira, directora

Gloria Pérez Durán, titora

Antonio Castro Ferreño, experto-docente Construción

Antonio Taboada Rodríguez, experto-docente Carpintaría

Beatriz Cardoso Carrera, experta-docente Xardinaría

Milagros Costa Carballo, administrativa

OBRADOIRO DE EMPREGO "VIGOZOO III"

Pedro Ffrvida Diz, director

José M^a García Velázquez, titor

Manuel Martínez González, experto-docente Construción

Angel Naveira Lorenzo, experto-docente Carpintaría

Ataulfo Fonseca González, experto-docente Electricidade-fontanería

Flor Medina Gil, experta-docente Educación ambiental

Mercedes Pousa Pereira, administrativa

PROXECTO ABEIRO-SUBVENCIÓN GLOBAL FONDO SOCIAL EUROPEO

Rosa M^a Rodríguez Sotelino, coordinadora

Dorinda Pérez Pousa, administradora

Marta Dotras Botas, técnica orientación-inserción

Eva M^a Magadán Mompó, técnica orientación-inserción

M^a Carmen Cores Otero, técnica orientación-inserción

M^a José Alonso Lameiro, técnica orientación-inserción

Laura Estévez Caride, técnica orientación-inserción

Ana M^a Sainz Almoguera, técnica orientación-inserción

Begoña González Rodríguez, técnica orientación-inserción

José Manuel Davila Peleteiro, técnico orientación-inserción

Mónica López-Coronado Carnero, técnica autoemprego

Elvira Baltar Mosquera, técnica autoemprego

M^a Jesús Lorenzo Núñez, auxiliar administrativa

Isabel García Menduía, auxiliar administrativa



ESTRUTURA PARA A IMPLEMENTACIÓN DO PME

PROXECTO ALICERCE-SUBVENCIÓN GLOBAL FONDO SOCIAL EUROPEO

Rosa M^a Rodríguez Sotelino, coordinadora


Dorinda Pérez Pousa, administradora
Eva M^a Magadán Mompó, técnica orientación-inserción
M^a Carmen Cores Otero, técnica orientación-inserción
Laura Estévez Caride, técnica orientación-inserción
Ana M^a Sainz Almoguera, técnica orientación-inserción
Begoña González Rodríguez, técnica orientación-inserción
José Manuel Davila Peleteiro, técnico orientación-inserción
Mónica López-Coronado Carnero, técnica autoemprego
Elvira Baltar Mosquera, técnica autoemprego
Nieves Méndez Martínez, auxiliar administrativa
Patricia Osuna Fernández, auxiliar administrativa

PROXECTO ACTÍVATE-SUBVENCIÓN GLOBAL FONDO SOCIAL EUROPEO


José Manuel Davila Peleteiro, coordinador

Dorinda Pérez Pousa, administradora
Clara Barciela Balado, administradora
Inmaculada Martínez Couto, técnica orientación-inserción
Ángela Lucía Capelo Docamiño, técnica orientación-inserción
M^a Belén Piñeiro Álvarez, técnica orientación-inserción
Alejandra Sousa Fernández, técnica orientación-inserción
M^a Cristina Pazos Oya, técnica autoemprego
M^a Jesús Lorenzo Núñez, administrativa

A todo este persoal habería que sumarlle outras persoas de apoio, principalmente con funcións docentes, contratadas normalmente baixo a modalidade de tempo parcial, pero que permitiron abordar aspectos puntuais importantes para a configuración completa dos diferentes programas e proxectos.




RESUM O EXECUTIVO D O S PROGRAMAS /SERVIZOS




RESUMO EXECUTIVO DOS PROGRAMAS /SERVIZOS

BENEFICIARIOS/AS TOTAIS DO PME 04-07	4.508
BENEFICIARIOS/AS SAE	1.643
BENEFICIARIOS/AS AXUDAS MUNICIPAIS Á CREAÇÃO DE EMPRESAS	185
BENEFICIARIOS/AS MICROCRÉDITOS PARA O AUTOEMPREGO	6
BENEFICIARIOS/AS SOL	1.253
BENEFICIARIOS/AS ESCOLAS OBRADOIRO	81
BENEFICIARIOS/AS OBRADOIROS DE EMPREGO	85
BENEFICIARIOS/AS CURSOS FORMACIÓN OCUPACIONAL	59
BENEFICIARIOS/AS SUBVENCIÓN GLOBAL	310
BENEFICIARIOS/AS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN	201
BENEFICIARIOS/AS PROGRAMA LABORA	86
BENEFICIARIOS/AS PROGRAMA BIAL	234
BENEFICIARIOS/AS PROGRAMA DE FOMENTO DA INSERCIÓN DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DOMÉSTICA	7
BENEFICIARIOS/AS AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN	46
BENEFICIARIOS/AS FORMACIÓN CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN	94
BENEFICIARIOS/AS ACCIÓNS DE ACOMPAÑAMENTO Á INSERCIÓN	218

**Beneficiarios/as totais do PME 04-07:
Porcentaxe por colectivos prioritarios**





RESUM O EXECUTIVO D O S PROGRAMAS /SERVIZOS

PROMOCIÓN DO AUTOEMPREGO

1.1. SERVIZO DE ASESORAMENTO A EMPREENDEDORES/AS (SAE)

1.1. SERVIZO DE ASESORAMENTO A EMPREENDEDORES/AS (SAE)

esquema

OBXECTIVOS

Fomentar a creación de empresas, impulsar o autoemprego como saída laboral, promover o espírito empresarial na poboación e apoiar a consolidación de pequenas empresas na área.

CARACTERÍSTICAS XERAIS

Nas consultas do SAE, determinadas previa cita, trátase de lles facilitar aos/ás emprendedores/as a información e o asesoramento preciso, seguindo unha metodoloxía propia que se pode concretar en 3 fases:

Análise da idea inicial e información.

Apoio na elaboración do proxecto empresarial.

Axuda na tramitación e constitución da empresa.

Dáselles un trato especial aos traballos de asesoramento para a constitución de empresas cando as consultas proveñan de beneficiarios/as doutros programas de emprego municipais.

DESTINATARIOS/AS

Emprendedores/as que queiran constituír a súa empresa na área de Vigo.

FORMA DE ACCESO

Previa cita chamando aos teléfonos: 986 810232 / 986 810178.

E-mail: sae@vigo.org. Web: <http://emprego.vigo.org>

EQUIPO

1 coordinadora-responsable

5 axentes de emprego e desenvolvemento local

1 técnica para microcréditos.

FERRAMENTAS

Asesoramento a emprendedores/as

Axudas municipais á creación de empresas.

Programa microcréditos para o autoemprego.

Incubadoras de empresas.

FINANCIAMENTO

Concello de Vigo.

Xunta de Galicia.

Fondo Social Europeo (FSE).

Caixa Galicia (Obra social)

En estreita colaboración coa Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, o Servizo de asesoramento a emprendedores/as (SAE) centrouse na creación de empresas e no apoio ao autoemprego, na área de Vigo.

As máis de 2.500 consultas de asesoramento a emprendedores e emprendedoras que se atenderon neste servizo, dende xaneiro de 2004 ata o 31 de marzo de 2007, avalan o feito indiscutible de que Vigo é unha cidade dinámica e emprendedora.

O sector con maior índice de creación de emprego na cidade é o de **servizos** (o 57,5%), no que destacan o **comercio** e a **restauración**, mentras que a **industria**, a **artesanía** e o **agrario** teñen unha incidencia menor.

A maioría das persoas que acuden ao SAE solicitan información sobre as **subvencións e axudas** que poden recibir ou sobre os **trámites de constitución dunha empresa**, aínda que tamén as consultas refírense á **forma xurídica de constitución** máis recomendable ou, mesmo, demandan orientación sobre que tipo de negocio tería máis posibilidades de éxito.

Tipo de consultas ao SAE



Un asesoramento personalizado e gratuito para a creación de novas actividades empresariais representa a primeira e principal característica do SAE



A formación das persoas emprendedoras é unha constante nas actividades do SAE



A difusión do servizo e das súas actividades en feiras e simposiums permite un maior coñecemento por parte das persoas potencialmente usuarias



Tarxetas de empresas constituídas, asesoradas polo SAE

Outra das actividades principais do equipo do SAE, que resulta ser un dos seus servizos máis demandados, consistiu na tramitación de solicitudes de subvención. Así, durante o desenvolvemento do Plan municipal de emprego 2004-2007, tramitáronse 278 solicitudes, das que o 72,3% estaban dirixidas a acadar subvencións da Xunta de Galicia e o resto cara ás propias Axudas municipais á creación de empresas (Ver punto 1.2.1).

Pero este servizo de asesoramento, e coa finalidade do fomento e difusión da cultura emprendedora, tamén procurou a formación empresarial dos emprendedores/as. Ás veces co propio persoal, como no caso das sesións de "Sensibilización empresarial" para os beneficiarios/as dos distintos proxectos do Plan municipal de emprego; outras mediante colaboración estreita con diferentes entidades: Seminarios de "Xeración de ideas empresariais" e de "Planificación empresarial" (con BIC Galicia), Seminarios de "Internet como unha ferramenta empresarial" (co IGAPE), cursos curtos e específicos relacionados coa creación de empresas (co proxecto Compás); ou derivando posible alumnado a diferentes accións formativas: cursos do proxectos "Convive+", "Cidade+" ou "Conta con elas",...

Así mesmo, a variabilidade do marco socioeconómico esixe ao propio equipo técnico unha constante actualización e posta ao día dos seus coñecementos, polo que, paralelamente á organización de xornadas de formación interna, o servizo estivo presente naqueles eventos relacionados co emprendemento, mediante stands ou relatorios: "Feira Franquiatlántico", "II Foro intercultural das migracións",...

Tamén, no marco do Salón do Emprendedor do Atlántico (anos 2005 e 2006), e coa finalidade de fomentar as iniciativas empresariais das mulleres, a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego foi a patrocinadora dos concursos da "Muller emprendedora".

Encarnación Alonso de Paz

Representante de ENTECA (Empresa de servizos: vivenda comunitaria e axuda a domicilio, beneficiaria do Servizo de asesoramento a emprendedores/as - SAE).

¿Como xurdiu a idea do seu negocio e como a definiría?

Tiña a experiencia previa do coidado da miña nai, enferma de Alzeheimer, durante seis anos, e tamén ter traballado durante dous anos e medio como auxiliar de xeriatria nunha clínica de Andorra, e logo foi decisivo a realización dun curso de auxiliar de xeriatria para emigrantes retornados, da Xunta de Galicia.

¿Tiña os obxectivos claros ou necesitou axuda?

Foi unha idea madurada ao longo do tempo coa recompilación de moita información en diferentes organismos, así como a realización de diferentes cursos especializados, como un do plan FIP "Auxiliar de xeriatria, especialidade en Alzeheimer", ou outro de "Habilidades sociais" con radio ECCA, aínda que necesitei axuda para poder materializalos.

¿Fixo unha análise coidadoso do sector antes de iniciar o seu proxecto?

Si, mediante un curso "Iniciativa de empresas" que fixen na Cámara de Comercio de Vigo.

¿Cal foi o investimento do seu proxecto e cantos postos de traballo se crearon?

En principio 25.000 € e, na actualidade, entre reformas e material aproximadamente o dobre. A día de hoxe teño catro postos de traballo na vivenda, 3 auxiliares de clínica a xornada completa e un fisioterapeuta a media xornada, ademais dunha traballadora social catro horas á semana, a miña filla catro horas á semana, para levar a xestión da empresa e 4 persoas no servizo de axuda a domicilio: dúas fan de 60 a 75 horas semanais e outras dúas, que só cubren os descansos das dúas anteriores, fan sobre dez horas semanais.

¿De que forma financiou a súa empresa?

A través dun microcrédito de 25.000 € concedido polo IGAPE.

¿Que dificultades ten atopado para levar a cabo o seu proxecto empresarial?

Informativas, á hora de recompilar información, xa que nun principio non sabes a onde ir, aínda que despois dun lado xa che envían a outro; e sobre todo económicas.



¿A que entidades acudiu en busca de axuda para a posta en práctica do proxecto?

Ao IGAPE para ter os cartos e ao Concello de Vigo onde me deron a información e me tramitaron as axudas que podía solicitar: Programa de emprego autónomo para discapacitados e Emega, para mulleres.

¿Observa carencias na axuda que se presta ás persoas emprendedoras?

Si, informativas e económicas, ademais as axudas tardan moito tempo en chegar.

¿Como coñeceu o Servizo de asesoramento a emprendedores/as e en que medida o SAE contribuíu ao desenvolvemento da súa idea de negocio en canto a ferramentas necesarias, tutelaxe e asesoramento?

A través dun curso de Radio ECCA (habilidades sociais), a profesora púxome en contacto con Rosa Molinos, quen me orientou e animou no desenvolvemento do meu proxecto, informándome das posibles subvencións.

¿En que medida se están a cumprir os seus obxectivos?

En gran medida, xa que neste momento só teño unha praza libre da vivenda comunitaria, e o servizo de axuda a domicilio comeza a funcionar e teño a gran satisfacción de poder traballar no que máis me gusta.

¿Que consello lle daría ás novas xeracións de emprendedores/as?

Valor, información e formación para poder levalo a cabo.

Rubén Hermida González

**Representante de ADOC MANAGEMENT S.L.
(Empresa de custodia e xestión de documentos,
beneficiaria do Servizo de asesoramento a
empresarios/as - SAE).**

¿Como xurdiu a idea do seu negocio e como a definiría?

A actividade xa a coñecía, de traballar en Madrid, e a idea xurdiu lendo un artigo de prensa sobre a actividade. O artigo referíase a unha empresa dedicada á xestión de documentos en Almería, tendo descuberto un nicho de mercado alí. A partir dese momento estudamos e investigamos a existencia de empresas de xestión integral de documentación en Galicia, e descubrimos que o número delas era escaso e no caso da provincia de Pontevedra, inexistente. Nese momento, vimos a oportunidade de levala a cabo.

¿Que dificultades ten atopado para levar a cabo o seu proxecto empresarial?


Ademais do financiamento, un problema co que aínda nos estamos atopando hoxe é a dificultade para facer ver a algunhas empresas a idoneidade do servizo, o aforro en custes e tempo que supón, e a mellora en control, seguridade e conservación. Este problema ten como causa a relativa novidade do servizo, ao ser novo recéase máis.

¿A que entidades acudiu en busca de axuda para a posta en práctica do proxecto?

Á Asociación de Jóvenes Empresarios (AJE), IGAPE, Servizo de asesoramento a empresarios/as (SAE) e entidades financeiras para o estudo. Intentamos cubrir todo o abano posible de organizacións ou asociacións que puidesen axudarnos a poñer en marcha o noso proxecto. En primeiro lugar, acudimos á AJE e cos seus consellos e axuda, acudimos a distintos organismos oficiais que nos indicaron aquelas entidades financeiras coas que mantiñan un trato especial ou convenio. Finalmente o SAE axudounos a esculpir a idea mellor, a crear o plan de empresa e na solicitude das axudas que pedimos.

¿Observa carencias na axuda ás persoas emprendedoras?

Existe un gran volume de información, moitos organismos oficiais ou axencias como as Cámaras de Comercio, concellos, asociacións empresariais, que ofrecen axuda para incentivar a creación de empresas; información do mercado, oportunidades, asesoramento, viveiros,.... Pero lamentablemente moitas veces se solapan, ou misturan entre elas. Como emprendedor novo, creo, que un acordo de xanela única (como sucede xa noutras comunidades) a onde acudir sería un gran paso para un mellor e máis



rápido acceso á información que se necesita, os pasos que se deben tomar e como plasmar a súa idea nunha empresa.

¿Como coñeceu o Servizo de asesoramento a empresarios/as e en que medida o SAE contribuíu ao desenvolvemento da súa idea de negocio en canto a ferramentas necesarias, tutelaxe e asesoramento?

A través do SAE, déronnos as ferramentas para facer o plan de empresa e o asesoramento administrativo para cualificala como ILE (Iniciativa Local de Emprego), e solicitar as axudas. Coñecemos o SAE a través da AJE. Tras falar co servizo e presentar a idea que xa tiñamos moi avanzada, déronnos as ferramentas para realizar o plan de empresa que serviría para observar as desviacións futuras na evolución da empresa. Ademais acompañounos ao longo de todo o proceso de solicitude de axudas, un apoio que valoramos moitísimo, xa que permitiu axilizar moitos trámites e mellorar todo o proceso administrativo.

¿Que consello lle daría ás novas xeracións de empresarios/as?

É complicado, debido á miña curta experiencia, suxerir ou aconsellar adecuadamente a novas xeracións de empresarios, xa que eu me considero esa nova xeración e son o primeiro que debe recibir eses consellos. De todos os xeitos, se teño que aconsellar, diríalles que sexan constantes, que teñan paciencia e sobre todo autoconfianza. Deben tomar moitas decisións, e aínda que é necesario asesorarse e sopesalas adecuadamente, unha vez tomada a decisión, deben ter a suficiente confianza en si para levala a cabo e non dudar, se o fan, esa decisión non será efectiva en si.



Yigo acogerá un curso del Igape sobre el uso de nuevas tecnologías

En el edificio CMC de Yigo acogerá el próximo 2 de noviembre dos seminarios promovidos por el Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) con el objetivo de difundir el uso de las tecnologías de la información y las comunicaciones entre las emprendedoras del municipio. Los cursos, de ocho horas de duración y de carácter gratuito, serán eminentemente prácticos y se impartirán durante todo el día. Los interesados llamar al 986.642.214.



El equipo del CMC de Yigo.

del Servicio de Asesoramiento a Emprendedores de Yigo
que desterrar la idea de que se puede montar una empresa sólo con las subvenciones

"El autoempleo es la salida para quien no encuentra trabajo"

La mayor parte de los emprendedores que tienen un negocio en Yigo son mujeres. Muchas de ellas son casadas, tienen hijos y quieren hacer un negocio que les permita compaginar su vida familiar con su actividad profesional. En este sentido, el autoempleo es una salida para quien no encuentra trabajo. El autoempleo es la salida para quien no encuentra trabajo. El autoempleo es la salida para quien no encuentra trabajo.

Un Seminario de Planificación Empresarial cuenta desde hace a 22 emprendedores vigueses

El equipo del CMC de Yigo. El equipo del CMC de Yigo. El equipo del CMC de Yigo. El equipo del CMC de Yigo. El equipo del CMC de Yigo.

La colaboración de los centros de formación incrementa el número de emprendedores

La colaboración de los centros de formación incrementa el número de emprendedores. La colaboración de los centros de formación incrementa el número de emprendedores.



La colaboración de los centros de formación incrementa el número de emprendedores.

El autoempleo es la salida para quien no encuentra trabajo. El autoempleo es la salida para quien no encuentra trabajo. El autoempleo es la salida para quien no encuentra trabajo.

El autoempleo es la salida para quien no encuentra trabajo. El autoempleo es la salida para quien no encuentra trabajo. El autoempleo es la salida para quien no encuentra trabajo.

El autoempleo es la salida para quien no encuentra trabajo. El autoempleo es la salida para quien no encuentra trabajo. El autoempleo es la salida para quien no encuentra trabajo.

El autoempleo es la salida para quien no encuentra trabajo. El autoempleo es la salida para quien no encuentra trabajo. El autoempleo es la salida para quien no encuentra trabajo.

El autoempleo es la salida para quien no encuentra trabajo. El autoempleo es la salida para quien no encuentra trabajo. El autoempleo es la salida para quien no encuentra trabajo.

Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme

Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme. Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme.

Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme. Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme.

Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme. Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme.

Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme. Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme.

Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme. Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme.

Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme. Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme.

Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme. Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme.

Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme. Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme.

Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme. Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme.

Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme. Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme.

Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme. Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme.

Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme. Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme.

Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme. Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme.

Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme. Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme.

Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme. Cientos de emprendedores acuden cada año al SAE de Yigo para crear su propia pyme.

Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo

Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo. Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo.

Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo. Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo.

Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo. Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo.

Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo. Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo.

Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo. Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo.

Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo. Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo.

Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo. Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo.

Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo. Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo.

Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo. Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo.

Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo. Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo.

Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo. Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo.

Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo. Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo.

Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo. Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo.

Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo. Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo.

Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo. Empresas: Hoy comienza el Seminario de Planificación Empresarial del Concello de Yigo.

PARA MÁS INFORMACIÓN
Servicio de Asesoramiento a Emprendedores (SAE)
Concello de Yigo
Teléfono: 986.610.232
http://emplego.yigo.org

1.2. PROGRAMAS DE APOIO Á CREACIÓN DE EMPRESAS

1.2.1.

AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS

esquema

OBXECTIVOS

Fomentar a creación de novos proxectos empresariais, xeradores de emprego, no ámbito de Vigo, coa finalidade de colaborar dunha forma activa na loita contra o desemprego e completar as axudas para emprendedores/as existentes noutras administracións públicas.

CARACTERÍSTICAS XERAIS

Axudas complementarias coas existentes noutras administracións de apoio á creación de novas empresas. Subvencionan parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade, a fondo perdido, concretamente:

- Existencias iniciais de mercadorías.
- Gastos de arrendamento de locais.
- Primas de seguros.
- Subministración de gastos correntes.
- Plans de formación.
- Gastos de constitución e apertura.

Os requisitos necesarios para acollerse a estas axudas veñen especificados nas súas bases reguladoras, aprobadas anualmente.

Unha Comisión de Valoración e Seguimento, unha vez estudadas todas as solicitudes, propón a concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local. Teñen prioridade aquelas empresas xurdidas ao abeiro do Servizo de asesoramento a emprendedores/as (SAE) e as constituídas por colectivos de difícil inserción.

DESTINATARIOS/AS

Empresarios/as individuais e pequenas e medianas empresas que queiran desenvolver a súa actividade e ter o seu enderezo fiscal e social en Vigo, independentemente da súa forma xurídica, constituídas no período que defina cada convocatoria.

FORMA DE ACCESO

Convocatoria anual.

EQUIPO

Equipo do Servizo de asesoramento a emprendedores/as (SAE).

FINANCIAMENTO

Concello de Vigo.

Como reforzo complementario das axudas que outras administracións teñen cara á creación de novas empresas, a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego fai, co desenvolvemento do Plan municipal de emprego 2004-2007, un esforzo de adecuación das súas propias axudas ás necesidades e perfís das persoas emprendedoras da cidade.

Así, dende a convocatoria do ano 2004 ata a do ano 2006 (na actualidade, están en proceso de tramitación as do 2007) procurouse unha definición máis axeitada das bases nas conseguíntes convocatorias anuais, coa finalidade de reducir o número de solicitudes presentadas que ao final non perciben subvención.


Por exemplo, a través do baremo de avaliación aplicable, fomentouse a presentación de solicitudes de axudas por parte das persoas usuarias do propio Servizo de asesoramento a emprendedores/as-SAE (*Ver punto 1.1*), e tamén priorizáronse aquelas iniciativas nas que as persoas promotoras ou traballadoras contratadas participaran ou tivesen participado nalgunha actividade de fomento do emprego do Concello de Vigo, coa idea de integrar e

Axudas municipais á creación de empresas

ANO	SOLICITADAS	CONCEDIDAS		CANTIDADE
2004	187	60	32 %	120.000 €
2005	91	68	74 %	118.935 €
2006	73	57	78 %	120.000 €
TOTAL	351	185	53 %	358.935 €



**Participación das mulleres no programa
Axudas municipais á creación de empresas**



provocar sinerxias entre os diferentes programas que conforman o Plan municipal de emprego.

Paralelamente, o colectivo emprendedor beneficiario destas axudas evolucionou cara as mulleres (en especial vítimas de violencia doméstica) e persoas con discapacidade, en desemprego, conxuntamente coa localización da empresa creada no Casco Vello vigués, como contribución á dinamización deste barrio.

A contía máxima das axudas tamén foi incrementándose cada convocatoria, ata acadar os 3.500 euros no ano 2006. Así mesmo ampliáronse os conceptos subvencionables, engadindo aos gastos por existencias iniciais de mercadorías, por arrendamento de locais, primas de seguros e subministracións e gastos correntes, outros conceptos novos como os gastos de constitución e apertura, ou os dereitos de propiedade intelectual.

Da análise das empresas beneficiarias das axudas municipais á creación de empresas (*Ver Anexo 3*) pódense extraer unha serie de conclusións:

- Todos os proxectos presentados ás diferentes convocatorias foron de microempresas.
- Máis do 75% dos proxectos presentados foron promovidos unicamente por unha persoa, son proxectos de autónomos. Menos do 20% son proxectos de dúas persoas e, en casos excepcionais, de tres ou máis socios/as. De xeito suave foi medrando o número de proxectos con dous o máis socios/as.
- A maioría dos proxectos de autónomos crearon só un posto de traballo, pero entre un 5 e un 15% contrataron, por conta allea, persoal para a súa empresa.
- Dende o ano 2004 ata a actualidade, incrementáronse significativamente os proxectos promovidos por mulleres.
- As novas empresas utilizaron as formas xurídicas seguintes: persoa traballadora autónoma, Comunidades de bens ou Sociedades limitadas.

Aínda que a maioría das empresas beneficiarias foron do sector servizos, van incrementándose paulatinamente as solicitudes para pequenos obradoiros artesanais ou industriais.



Rosa Agra Seco

**Representante de NAUTA - ESCUELA DE NAVEGACIÓN
(Empresa beneficiaria do Programa de axudas
municipais á creación de empresas)**

¿Como xurdiu a idea do seu negocio e como a definiría?
Sempre tiver moita relación co mundo do mar, teño o título de patrón de iate; no ano 2004 fun ao paro e comecei a darlle voltas á idea de montar unha escola, xa que en Vigo hai moita demanda de formación neste sector e poucos sitios no que acadala, falando co que foi o meu mestre no curso de patrón os dous nos puxemos de acordo para levar a idea adiante.

¿Tiña os obxectivos claros ou necesitou axuda?
Clarísimos, este é un sector que aínda está por desenvolver, estamos moi atrasados con respecto a outros países europeos, queda moito oco para crear empresas relacionadas con este sector, neste momento en Vigo non teño case competidores.

¿Fixo unha análise coidadosa do sector antes de iniciar o seu proxecto?
O que fixen foi ordenar un pouco toda a información que tiña.

¿Cal foi o investimento do seu proxecto e cantos postos de traballo se crearon?
O investimento inicial foi de 13.000 euros, e no tocante aos postos de traballo creados ademais do meu propio como autónoma teño contratados a tempo parcial a dous instrutores, un de teoría e outro de vela.

¿De que forma financiou a súa empresa?
A través dunha liña de crédito contratado co banco Santander, e tamén dos meus aforros. Posteriormente solicitei diferentes subvencións, entre elas ao Programa de axudas municipais á creación de empresas do Concello de Vigo.

¿Considera que as axudas municipais á creación de empresas se adaptan ás necesidades das persoas emprendedoras, e como as melloraría?
Como perceptora das mesmas podo dicir que si se adaptan ás necesidades, xa que cubren os gastos iniciais da maioría dos negocios, como poden ser o aluguer e a compra de mercadorías, e en canto a como melloralas, pois pedindo menos documentación á hora de tramitala, e sobre todo axilizando o cobro xa que se fai esperar moito tempo.

¿Que dificultades ten atopado para levar a cabo o seu proxecto empresarial?
Non atopei ningunha dificultade especial, só as propias do inicio de calquera tipo de negocio, tal vez por encargarme



eu dos trámites burocráticos parecéronme un pouco enrevesados.

¿A que entidades acudíu en busca de axuda para a posta en práctica do proxecto?
Fun directamente ao SAE onde me facilitaron toda información, tanto sobre os pasos a seguir para dar-me de alta, como das axudas existentes.

¿Observa carencias na axuda que se presta ás persoas emprendedoras?
En xeral non, só destacar a tardanza no cobro das axudas.

¿Como coñeceu o Servizo de asesoramento a emprendedores/as e en que medida contribuíu ao desenvolvemento da súa idea de negocio en canto a ferramentas necesarias, tutelaxe e asesoramento?
A través dunha coñecida, e a súa contibución foi inestimable xa que me facilitaron toda a información que necesitaba, e ademais me tramitaron as axudas ás que podía acceder.

¿En que medida se están a cumprir os seus obxectivos?
Nun 100%, neste primeiro ano de actividade xa teño beneficios, e ademais as perspectivas de futuro son moi alentadoras, nótase un gran interese dende diferentes estamentos na promoción e desenvolvemento de actividades e empresas que teñan relación co mundo do mar.

¿Que consello lle daría ás novas xeracións de emprendedores/as?
Que acaden información sobre a súa actividade e que sexan conscientes de que están asumindo un risco.



CONCELLO DE VIGO

DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO I

CONVOCATORIA PARA O ANO 2005 DO "PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS" NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 13/06/05, por proposta da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, aprobou as bases reguladoras da convocatoria do ano 2005 do "programa de axudas municipais á creación de empresas", no marco das actuacións do Plan municipal de emprego 2004-2007, as cales foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de data 7 de xullo de 2005.

OBJECTO
Poderán acollerse a estas axudas as/os empresari@s/as individuais e as pequenas e medianas empresas constituídas por desempregados/as independentemente da súa forma xurídica, constituídas no período comprendido entre o 1 de xullo de 2004 e o 31 de maio de 2005 que cumpran os requisitos establecidos nas bases.

PRAZOS E LUGAR DE PRESENTACIÓN
O prazo da presentación da solicitudes vai dende a data de publicación desta convocatoria ata o 31 de agosto de 2005. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, dirixidas á Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego.

INFORMACIÓN
Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego. Praza do Rei s/n (4ª planta)
Teléfono: 986 81 02 32. Correo electrónico: of.emplo@vigo.org
Tanto as bases reguladoras destas axudas como os anexos que ten que presentar o/a solicitante, estarán a súa disposición nas dependencias de información do Concello de Vigo, na Concellaría de desenvolvemento Local e Emprego e na súa páxina web: <http://emplego.vigo.org>

DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO II

CONVOCATORIA PARA O ANO 2005 DO "PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN" NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 13/06/2005, por proposta da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, aprobou as BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO ANO 2005 DO "PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN", no marco das actuacións do Plan municipal de emprego 2004-2007, as cales foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de data 7 de xullo de 2005.

OBJECTO
Conceder axudas a empresas e entidades distintas da administración pública, que contraten "Personas desempregadas da Bolsa de emprego da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego". As subvencións establécense nesta convocatoria poderán afectar ás contratacións que, reunindo os requisitos establecidos nas bases reguladoras, se formalizasen no período comprendido entre o 1 de setembro de 2004 e o 15 de setembro de 2005.

PRAZOS E LUGAR DE PRESENTACIÓN
O prazo da presentación de solicitudes vai dende a data de publicación no BOP ata o 15 de setembro de 2005. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, dirixidas á Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, ao "Programa de axudas municipais á contratación".

INFORMACIÓN
Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego. Praza do Rei s/n (4ª planta)
Tfno: 986 81 02 32; Correo electrónico: of.emplo@vigo.org
Tanto as bases reguladoras das axudas como os anexos que ten que presentar o/a solicitante, estarán a súa disposición nas dependencias de información do Concello de Vigo, na Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego e na súa páxina web: <http://emplego.vigo.org>

Información municipal en: www.xerxal.vigo.org

1.2. PROGRAMAS DE APOIO Á CREACIÓN DE EMPRESAS

1.2.2. **MICROCRÉDITOS PARA O AUTOEMPREGO**

esquema

OBXECTIVOS

Favorecer o acceso a financiamento daquelas iniciativas empresariais que, sendo viables tecnicamente, non posúen os avais ou garantías necesarios para acceder ás liñas de financiación convencionais.

CARACTERÍSTICAS XERAIS

Entidade financeira: Caixa Galicia.
 Importe: ata 12.000 € (excepcionalmente ampliado ata 25.000 €).
 Prazo de amortización: máximo 5 anos (6 meses de carencia opcionais).
 Xuro: 4 % fixo durante toda a vida da operación.
 Sen comisións de apertura, estudo, nen cancelación anticipada.
 Finalidade: finánciase inversión en activo fixo e en activo circulante (e excepcionalmente gastos correntes de inicio da actividade).

DESTINATARIOS/AS

Emprendedores/as en Vigo que non dispoñan de garantías nin avais (e que, polo tanto, non poden acceder a un crédito bancario ordinario), cun proxecto viable para crear unha pequena empresa ou ben para empresas que xa estean en funcionamento.

FORMA DE ACCESO

Previa cita, para análise da idea empresarial, chamando aos teléfonos: 986 810232 / 986 810178.

e-mail: sae@vigo.org. Web: <http://emprego.vigo.org>

EQUIPO

1 coordinadora-responsable.
 5 axentes de emprego e desenvolvemento local.
 1 técnica para microcréditos.

FINANCIAMENTO

Concello de Vigo.
 Xunta de Galicia.
 Fondo Social Europeo (FSE).
 Caixa Galicia (Obra social)

O Programa de Microcréditos para o emprego comezou as súas actividades en xaneiro de 2006, tras a sinatura dun convenio de colaboración coa Obra Social de Caixa Galicia, como unha ferramenta básica para a consecución de determinados proxectos empresariais viables pero con problemas de financiamento.

A partir dese momento, unha técnica de autoemprego contratada especificamente para este programa, dedicouse a estudar minuciosamente cada proxecto empresarial susceptible de Microcrédito antes da súa aprobación final por Caixa Galicia. Dende o período de vixencia do convenio, máis de 100 persoas consultaron no Servizo de asesoramento a emprendedores/as (SAE) o funcionamento desta ferramenta e 89 solicitaron a súa concesión, pero despois do estudo detallado de cada Plan de empresa e do perfil da persoa emprendedora só se tramitaron 8 solicitudes, das que Caixa Galicia aprobou 6 ata o 31 de marzo de 2007.


As causas do rexeitamento da solicitude dun microcrédito son variadas. Ás veces o/a emprendedor/a tiña patrimonio propio, préstamos elevados xa concedidos ou facilidade para conseguir avais; outras veces o investimento que requiría o proxecto era demasiado elevado para un Microcrédito (o investimento medio previsto para os proxectos presentados a Microcréditos é superior ao do resto do persoal emprendedor que acude ao SAE, xa que se trata dun programa específico de financiamento).

O perfil maioritario das persoas emprendedoras ás que se lles concedeu un Microcrédito tramitado pola concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego é: home, inmigrante ou emigrante retornado cun proxecto do sector da pequena industria (taller) ou en actividades relacionadas coa construción; o seu investimento medio sería de case 12.000 euros, dos que o Microcrédito suporía o 65%. Os proxectos máis avanzados son aqueles defendidos pola experiencia profesional anterior do persoal promotor no mesmo sector.



O programa de Microcréditos para o autoemprego presentouse a entidades do ámbito social da cidade en febreiro de 2007

Microcréditos



Diego Langarica da Rocha

Reparación e fabricación de instrumentos musicais. Beneficiario do Programa de Microcréditos para o autoemprego.

¿Como xurdiu a idea do teu negocio e como a definirías?
Gústame o meu traballo, considero que é o meu oficio, e a única maneira de poder realizalo é creando a miña empresa. Sei que podo facelo porque a maiores coñezo o mercado dende hai anos. A miña actividade consiste na construción de instrumentos musicais de percusión como tambores, bombos e pandeiretas, e de corda como zanfonas, guitarras acústicas e clásicas así como mandolinas. Tamén fago restauración destes instrumentos musicais,...

¿Tiñas os obxectivos claros ou necesitaches axuda?
Sí, dende o principio tiña claros os obxectivos. Para levalos a cabo necesitei axuda nos trámites, de tipo fiscal, laboral, subvencións e de financiamento.

¿Fixeches unha análise coidadosa do sector antes de iniciar o teu proxecto?
Sí e ademais xa coñecía bastante ben este mundo porque traballo nel dende hai 8 anos. Coñezo aos artesáns galegos e algúns de Asturias, León, Madrid,...

¿Cal foi o investimento do teu proxecto e cantos postos de traballo creaches?
O investimento inicial é de 15.596,13 €. Inicialmente só creábase o meu posto de traballo. A posibilidade de contratación dun novo posto de traballo dependerá da evolución do negocio.

¿De que forma financiaches a túa empresa?
Aportación propia: 6.554 €. Toda a aportación foi en especie e está composta de: maquinaria, ferramenta e útiles, mobiliario e un equipo informático. Aportación allea: 9.042,13 €. Esta aportación foi a través un Microcrédito do convenio firmado por Caixa Galicia e o Concello de Vigo. Esta aportación inclúe: gastos de acondicionamento, parte da maquinaria, ferramenta e útiles, parte do mobiliario, fianza do local, materia prima para os tres primeiros meses e unha provisión de fondos para o pagamento do primeiro mes de aluguer do local e da cota á seguridade social.

¿Que dificultades atopaches para levar a cabo o teu proxecto empresarial?
Económicas: A falta dun aval para poder obter ao meu investimento foi a maior dificultade que atopei cando tentei por en marcha o meu negocio pero que puiden solucionar co microcrédito de Caixa Galicia conveniado co



Concello de Vigo. Administrativas: A secuencia de pasos a seguir para a posta en marcha da miña empresa. Formativas: Aínda que tiveren a posibilidade de formarme na Universidade Popular, os demais coñecementos que necesitei tiveren que adquirilos doutros compañeiros da profesión e como autodidacta.

¿A que entidades acudiches en busca de axuda para a posta en práctica do proxecto?
Ao Concello de Vigo. Comecei no departamento de Benestar Social (proxecto INTES) e seguí na Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, concretamente no Servizo de asesoramento a emprendedores/as (microcréditos Caixa Galicia-Concello de Vigo).

¿Observas carencias na axuda que se presta ás persoas emprendedoras?
Non.

¿Como coñeceches o Servizo de asesoramento a emprendedores/as (SAE) e como contribuíu ao desenvolvemento da túa idea en canto a ferramentas necesarias, tutelaxe e asesoramento?
Polo departamento de Benestar Social (proxecto INTES). O servizo ofrecido polo SAE foi importante polo seu asesoramento e análise da viabilidade do meu proxecto para o programa de microcréditos, co que puiden obter o financiamento necesario para a posta en marcha da miña empresa.

¿En que medida estanse a cumprir os teus obxectivos?
Ata agora estanse a cumprir os meus obxectivos satisfactoriamente.

¿Que consello lle darías ás novas xeracións de emprendedores/as?
Que se teñen un proxecto, aposten por el.

VIERNES, 9 DE FEBRERO DEL 2007

Un convenio entre Concello y Caixa Galicia facilita el autoempleo a personas con dificultades

Medio centenar de inmigrantes optan a microcréditos para crear un negocio

En Vigo ya se han montado seis empresas por este sistema desde octubre del 2006

Total Lombaria
Vigo
«Medio centenar de inmigrantes... en su mayoría retornados»

este sistema crediticio, y que en la actualidad se encuentran en diversas fases de estudio», afirma la coordinadora del SAE, María Mosquera. «Hubo un... rable en se»

«Me concedieron 12.500 euros para montar una peluquería en Travesía»

| Winston Collins

El programa de microcréditos... para el autoempleo... ha permitido a Winston Collins... montar una peluquería en Travesía... gracias a un convenio con el Concello.

Microcréditos para emprendedores

25.000 euros para el autoempleo

Ya está abierto el plazo para optar a los Microcréditos para el autoempleo 2007, que tiene un importe máximo de 25.000 euros, un período de amortización de 5 años y un tipo máximo del 4 por ciento durante toda la operación.

Calxa Galicia y Concello presentaron ayer un convenio de colaboración para apoyar la creación laboral mediante microcréditos a personas emprendedoras por un importe máximo de 25.000 euros, con un período de amortización de 5 años. En la foto, el acto de presentación que ya acumula...


Si tienes un proyecto y dinero, pide un microcrédito

«La gente tiene un proyecto viable, que no lo deja en el cajón». Con esta filosofía se resume el convenio que el Concello y Caixa Galicia renovaron ayer. A través de él, los emprendedores pueden pedir microcréditos de hasta 25.000 euros. Lo que es el tipo de...

«El programa de microcréditos para el autoempleo 2007, que tiene un importe máximo de 25.000 euros, un período de amortización de 5 años y un tipo máximo del 4 por ciento durante toda la operación.»



«Se sesenta inmigrantes optan a microcréditos para crear un negocio en Vigo»



«VEN LUTHER, A EJEMPLO»

«Ven Luther, un inmigrante que vive en su taller de Vigo, tiene 29 años y desde hace un mes fabrica instrumentos antiguos en su taller de Vigo. Pidió un microcrédito para conseguirlo. «No me puedo quedar, ya tengo muchos encargos», explica.

Abren oficinas para solicitar microcréditos en Concello de Vigo y Caixa Galicia

Calxa Galicia y el Concello de Vigo presentaron ayer los detalles de su convenio de colaboración para el autoempleo a través de un convenio de colaboración con el Concello de Vigo. El programa de microcréditos para el autoempleo 2007, que tiene un importe máximo de 25.000 euros, un período de amortización de 5 años y un tipo máximo del 4 por ciento durante toda la operación.

«El programa de microcréditos para el autoempleo 2007, que tiene un importe máximo de 25.000 euros, un período de amortización de 5 años y un tipo máximo del 4 por ciento durante toda la operación.»

«El programa de microcréditos para el autoempleo 2007, que tiene un importe máximo de 25.000 euros, un período de amortización de 5 años y un tipo máximo del 4 por ciento durante toda la operación.»

1.2. PROGRAMAS DE APOIO Á CREACIÓN DE EMPRESAS

1.2.3. INCUBADORA MUNICIPAL DE EMPRESAS

esquema

OBXECTIVOS Fomentar o autoemprego de calidade, facilitándolles aos/ás novos/as emprendedores/as o espazo necesario, deseñado, equipado e adaptado ás necesidades da súa empresa.

CARACTERÍSTICAS XERAIS Para o acceso a este servizo darase prioridade ás empresas constituídas por colectivos en desvantaxe social e/ou beneficiarios/as doutros programas do Plan municipal de emprego.

Ademais de facilitar as instalacións necesarias (oficinas, almacéns, sala de reunións, ...), adecuadamente equipadas para o desenvolvemento da súa actividade, a incubadora municipal estará dotada duns servizos que garantirán o funcionamento operativo das empresas (novas tecnoloxías, limpeza, vixilancia, conserxaría e secretaría), así como doutros destinados ao asesoramento e á súa titorización.

DESTINATARIOS/AS Empresas constituídas por colectivos en desvantaxe social e/ou beneficiarios/as doutros programas do Plan municipal de emprego


FORMA DE ACCESO Valorarase a situación socioeconómica dos/as candidatos/as segundo o que establezan as correspondentes bases que deberá aprobar a Xunta de Goberno Local, e a viabilidade do proxecto empresarial.

EQUIPO Equipo do Servizo de asesoramento a emprendedores/as (SAE) mailo persoal específico para as instalacións.

FINANCIAMENTO Concello de Vigo.
Outras entidades.

No Plan municipal de emprego 2004-2007 indícase que, coa posta en marcha do *Centro municipal de promoción económica (CEMPE)*, nunha parcela de propiedade municipal, se contempla a *construción dunha nova edificación para o seu uso como incubadora de empresas*, coas características que o esquema anterior reflicte.

Pero dificultades alleas ao departamento de Desenvolvemento Local e Emprego non permitiron concretar ese ambicioso proxecto, aínda que continuaba a necesidade de dotar a Vigo dunha ferramenta que dese pulo á creación de pequenas empresas, facilitándolles un lugar para establecerse no período da súa posta en marcha, con facilidades fronte á situación no mercado ordinario, e co asesoramento empresarial do SAE (*Ver punto 1.1*). Esta incubadora complementaría ao viveiro de empresas xestionado, na cidade, pola Cámara de Comercio.



Neste enclave concéntranse as ferramentas municipais de apoio ao emprendemento

Así, na primavera do ano 2007 e cunha participación maioritaria do Programa BIAL (*Ver punto 2.3.3*), realizouse a rehabilitación do edificio da rúa Cánovas del Castillo onde anteriormente se ubicaba a Escola de hostalaría, local propiedade do Concello de Vigo. Acondicionouse o edificio, a proposta desta concellaría, coa finalidade de acoller o Servizo de asesoramento a emprendedores/as do Concello de Vigo e unha incubadora de empresas.

A posta en marcha desta incubadora, con sete despachos, dous deles de 13 m² e cinco de 16 m², aproximadamente, xorde da colaboración entre a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego e o proxecto “Conta con elas” da Mancomunidade de Vigo (Iniciativa Equal do Fondo Social Europeo), dirixido á loita contra o desemprego feminino (*Ver punto 3.1*). A súa denominación é EME (Espazo da Muller Emprendedora).

É por isto que, na **regulación das condicións básicas de acceso das novas empresas á incubadora**, propónse que os proxectos beneficiarios teñan que ser promovidos por mulleres de calquera dos concellos da Mancomunidade de Vigo, acorde coas normas que




En colaboración co proxecto “Conta con elas-Equal”, o centro pon a disposición das emprendedoras da área intermunicipal de Vigo un espazo destinado á ubicación de novas iniciativas empresariais

establece a iniciativa comunitaria Equal para o proxecto "Conta con elas", pero ademais propónse que teñan as seguintes características:

- As empresas acollidas serán de nova creación.
- Terán preferencia os proxectos empresariais innovadores no marco da **economía social** (Sociedades limitadas laborais -SLL- e Cooperativas de traballo asociado).
- Terán prioridade aquelas mulleres que promovan a súa actividade en sectores masculinizados ou de escasa presenza feminina.
- A promoción de empresas irá dirixida a aqueles proxectos **viábles** técnica, económica e financeiramente.
- As empresas deberán cumprir cos requisitos requiridos na Unión Europea en relación aos criterios horizontais de **sostenibilidade ambiental**, de **igualdade de oportunidades** e de participación no modelo de **cohesión social**.
- Terán preferencia aquelas emprendedoras que tivesen sido **asesoradas** no seu proxecto a través do SAE do Concello de Vigo e da iniciativa Equal "Conta con elas".
- O acceso á incubadora dependerá da **dispoñibilidade de espazos** no momento de solicitalo e da **avaliación do proxecto**.



O acondicionamento do edificio da antiga Escola de hostalaría, para o seu uso como centro de fomento do emprendemento, foi realizado polo Programa municipal de emprego BIAL.



RESUM O EXECUTIVO D O S PROGRAMAS /SERVIZOS

PROMOCIÓN DO EMPREGO

2.1. SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL (SOL)



2.1. SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL (SOL)


 esquema
OBXECTIVOS

Acompañar os procesos de busca de emprego das persoas na procura de traballo. Dotar de ferramentas, información e apoio xeral ás persoas inmersas nestes procesos.

CARACTERÍSTICAS XERAIS

O método básico e central deste servizo é a entrevista individual, onde se define o obxectivo profesional do/a desempregado/a e se avalía a adecuación do seu perfil profesional á demanda real do mercado laboral, para deseñar, posteriormente, o itinerario de ocupabilidade máis apropiado para cada persoa, en paralelo á realización dunha permanente prospección de mercado.

DESTINATARIOS/AS

Desempregados/as de Vigo en proceso de busca de emprego, co límite propio da capacidade de atención do servizo.

FORMA DE ACCESO

O acceso ao servizo regúlase mediante cita, aínda que tamén se poden converter en usuarios/as as persoas que participaron doutros programas de formación, inserción e/ou emprego dentro do Plan municipal de emprego. Teléfonos para solicitar cita: 986 810232/34.

e-mail: sol@vigo.org. Web: <http://emprego.vigo.org>

EQUIPO

1 coordinadora-responsable.
4 orientadores/as laborais.
2 técnicas de inserción.

FERRAMENTAS

Orientación e información para o emprego.
Cursos de formación ocupacional.
Axudas municipais á contratación.
Formación en empresas con compromiso de contratación.
Accións de acompañamento á inserción.

FINANCIAMENTO

Concello de Vigo.
Xunta de Galicia.
Fondo Social Europeo (FSE).
Caixa Galicia (Obra social).



Dende xaneiro de 2004 ata o 31 de marzo de 2007, 1.253 persoas acudiron, mediante cita previa, ao Servizo de orientación laboral (SOL) da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, para recibir asesoramento na súa busca de emprego. En total o equipo do servizo realizou, neste período, 2.345 entrevistas de orientación laboral e seguimentos. A cita previa serve para ordear o acceso e poder traballar dun xeito máis individualizado, concreto e directo, co tempo de atención que cada persoa demanda.

Estas cifras aínda poderían ser maiores, xa que durante o ano 2006 se produciu un período de recesión das citas debido ao cambio de aplicativo informático. A base de datos coa que se xestionaba todo o persoal beneficiario do Plan municipal de emprego 2004-2007 (e do anterior 2000-2003), con máis de 6.000 persoas, non era todo o áxil que se precisaba debido a que desbordaba os límites da súa capacidade. Foi unha das funcións do equipo do servizo realizar a carga de fichas no novo aplicativo, á vez que actualizaban a información de cada usuario/a mediante chamadas telefónicas de seguimento.



As actividades grupais deséñanse como un importante reforzo no proceso de busca de emprego


Previa cita, o SOL realiza unha atención personalizada aos/as demandantes de emprego, consensuando itinerarios de inserción



O servizo fixo nestes últimos anos un grande esforzo por aumentar as **entrevistas de seguimento** de forma periódica, coa finalidade de acadar un traballo máis efectivo coas persoas beneficiarias; persoas que, ademais de satisfacción, manifestaban constantemente a súa sorpresa polo interese mostrado dende o servizo e a calidade da orientación recibida.

Moitas persoas desempregadas acudiron a este servizo coa idea xenérica de "anotarse nun traballo, a ser posible no concello" e rexeitaron o ofrecemento da orientación "porque non o necesitan"; outras solicitaron só información sobre algún aspecto concreto (cursos, ETTs, empresas dalgún sector,...). Pero a maioría das que recibiron orientación laboral non só agradeceron o apoio ofrecido na busca de emprego, senón que tamén mostraron **fidelización ao servizo**, converténdose éste nun centro de referencia para acadar o itinerario profesional máis axeitado ao seu perfil.

Colectivos beneficiarios do SOL





A información sobre o mercado laboral e a orientación sobre as posibilidades de capacitación das persoas son os eixos de actuación do SOL

Paralelamente, o Servizo de orientación laboral (SOL) foi o encargado de desenvolver, de forma directa, diferentes programas do Plan municipal de emprego, como son os "Cursos de formación ocupacional" (Ver punto 2.2.3), as "Axudas municipais á contratación" (Ver punto 2.4.1), a "Formación en empresas con compromiso de contratación" (Ver punto 2.4.2) e parte das "Accións de acompañamento á inserción" (Ver punto 2.4.3), para o que realizou un intenso labor de prospección do mercado laboral (Ver Anexo 2) que propiciou unha estreita relación con moitas empresas de diferentes sectores. Así mesmo este servizo colaborou en distintas fases dalgúns proxectos, particularmente nos procesos de selección das persoas beneficiarias e no seu seguimento de inserción laboral posterior.

Da experiencia adquirida polo equipo do servizo xorde a necesidade de completar o seu traballo cotián cun "Centro de recursos" como lugar físico e específico destinado a facilitar o acceso á información na busca de emprego do persoal beneficiario do Plan municipal de emprego.



Tarxetero de empresas colaboradoras do SOL

Trinidad Vila Pérez

Beneficiaria do Servizo de orientación laboral (SOL)

¿Como coñeciches a existencia do Servizo de orientación laboral?

Acudín pola información obtida no Promil, a onde cheguei derivada de Benestar Social. Daquela era usuaria doutros servizos de emprego como o de Cáritas e o programa de inclusión de Benestar Social, buscaba axuda e información para o emprego. Non esperaba que se me dera un traballo nin estivo nunca nas miñas motivacións o feito de que o SOL puídesen enviar os meus datos a algunha oferta de emprego.*

¿Cales eran as túas expectativas? ¿foron cubertas?

Achegueime ao SOL para buscar información e axuda para atopar un emprego e sempre ma deron. De todos xeitos no SOL atopei algo máis que información, que é o que máis valoro. De feito o tempo adicado para tratar a miña situación global, non especificamente a de emprego, foi o elemento máis positivo. Tamén a sensación de sentirme escoitada. Ata que cheguei ao SOL sempre sentín que pedía as cousas e obtiña o servizo dependendo da opinión do técnico/a de turno. Tamén superei a sensación de considerarme avaliada cada vez que acudía a un servizo destas características.

¿Cal foi o aspecto/s máis positivos do teu paso polo servizo?

O sinalado do tempo adicado a escoírtame en todos os aspectos da miña situación persoal. Tamén resaltaría a



facilidade de acceso ás entrevistas, o rápido da resposta cando chamo por calquera cuestión e o trato en xeral de todo o equipo.

Valoro o servizo, fundamentalmente, pola oportunidade que me deu de falar respectando os meus posicionamentos.

¿Que aspectos cambiarías ou mellorarías?

Teño unha crítica para o persoal técnico en xeral sobre o posicionamento en canto a decisións que afectan ao meu futuro. En concreto, que dende que participo en servizos de inserción ou sociais moitas veces deciden por min sen respectar ás miñas opinións.

Non detecto outras carencias salientables sempre e cando o servizo non estea dirixido a colectivos con necesidades económicas urxentes. Penso que cando se fala de persoas nesas situacións é necesario outro tipo de complementos.

¿Recomendarías o servizo a outras persoas?

As miñas inquedanzas de cando cheguei ao servizo víronse satisfeitas e xa teño comentado o servizo con outras persoas incluso co meu fillo. Teño, en definitiva, unha valoración moi positiva do trato do persoal técnico e da adicación prestada á miña situación global.

**no SOL
atopei algo
máis que
información**

*Promil: Programa municipal de inserción laboral, xestionado pola concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego no marco do Plan municipal de emprego 2000-2003.

Yolanda Quiraz dos Reis

Beneficiaria do Servizo de Orientación Laboral (SOL)

¿Como coñeciches a existencia do SOL?

Comentoumo alguén coñecido e acudín fai seis anos. Con vós fun a unha entrevista en Cítroën e logo ao curso con compromiso de contratación en Alcampo. O primeiro non saíu e o segundo si.

¿Como valoras o curso?

Fixose un pouco longo para o que tiñamos que aprender.

¿Por que acudiches ao SOL?

Porque logo de enviar moitos Curriculum Vitae e solicitudes e buscar moito pensei que podíades poñerme un poquito máis doado. Quedei contenta, aínda que logo me olvidei un pouco de vós, fun pola miña conta. Máis que nada axudoume moitísimo a redactar ben o CV, despois xa o fun facendo eu pero os fixen todos sobre a base que me deu o servizo.

¿Cando chegaches aquí buscabas traballo activamente?

Si, claro. De feito traballaba facendo a limpeza en Copo os sábados por Eulen.

¿Despois seguiches buscando emprego e utilizaches a información que nós te dábamos?

Si. As veces dabadesme ofertas ou veía aí no taboleiro. Guieime bastante por vós. Utiliceí a información que me dabades vós. Incluso para as entrevistas, que eu me poño moi nerviosa.

Eu cando cheguei aquí, como quen di, estaba empezando. Logo si traballei en supermercados. Comecei a traballar con 19 anos e agora teño 28. Comecei limpando e agora rematei traballando cara ó público.

Xa contacteí co proxecto Conta Con Elas para cambiar a profesións supostamente de homes. De feito eu comecei no Plan Urban cun módulo de carpintaría. Sinceramente, de todos os traballos que tiveron ata agora foi o que máis me gustou. Aínda hai pouco estiven recompilando para o CV todo o que tiña feito e pensei que foi unha pena, que agora tería máis posibilidades nesa profesión. Daquela buscara en carpintaría e así pero non tivera demasiado éxito. Só o Servizo Galego de Colocación me chamara para traballar como carpinteira, pero era en Pontevedra ou Canarias, ou xa estaba traballando.



¿Recomendarías o SOL a outras persoas?

De feito xa o teño feito. Se viñeron ou non xa non sei. Tanto a compañeiras de traballos, amigos, coñecidos...teño falado bastante do servizo.

Por último ¿que aspectos sinalarías para mellorar e que sinalarías como positivo?

O mellor o trato e ao traballar melloras en aspectos como as entrevistas.

O que melloraría é a publicidade. Publicitalo máis. Facer máis público o servizo. Estades pouco recoñecidos. De feito eu entereime por xente non por información en medios de comunicación, nen noutros medios publicitarios.

Do resto eu creo que está bastante ben. Sempre estades aí cando se vos necesita. Sempre que quixen que me infomardes de algo o fixéchedes. Ides dando datos, axudando, e logo cada unha, se sabe aproveitar o que ofertades, xa vai buscando pola súa conta, como fixen eu. A xente tamén ten que saber non dar tanto a lata. Non estar aquí a que lle quiten as castañas do lume.

2.2. PROGRAMAS DE FORMACIÓN-EMPREGO

2.2.1. ESCOLAS OBRADOIRO (EO)

esquema

OBXECTIVOS

Promover proxectos de formación profesional en especialidades demandadas polo mercado de traballo, en alternancia coa realización de obras ou servizos de interese municipal, co que, ademais, os/as participantes adquiren experiencia profesional, ao seren contratados de xeito temporal polo propio Concello.

CARACTERÍSTICAS XERAIS

O esquema básico destes proxectos, cofinanciados pola Consellaría de Traballo da Xunta de Galicia e mailo Fondo Social Europeo, considera un período de seis meses de formación (percibindo unha bolsa-axuda) máis un ano ou ano e medio de formación en alternancia co traballo en obra (mediante un contrato de formación).

DESTINATARIOS/AS

Mozos/as de ámbos os dous sexos que, estando desempregados/as e inscritos no Servizo Público de Emprego, sexan menores de 25 anos, con preferencia para aqueles que carezan de experiencia laboral e teñan unha antigüidade de 6 meses no desemprego.

FORMA DE ACCESO

A selección do alumnado traballador (preseleccionados/as polo Servizo Público de Emprego), así como do equipo técnico, realízase por un grupo de traballo mixto constituído para tal fin por persoal da Consellaría de Traballo e do Concello de Vigo.

EQUIPO

Director/a.
Titor/a.
Administrativo/a.
Expertos/as docentes.

FINANCIAMENTO

Concello de Vigo.
Xunta de Galicia.
Fondo Social Europeo (FSE)

ESCOLA OBRADOIRO "MAR DE VIGO II" (decembro 2003-maio 2005)

A finais do ano 2003 comeza a funcionar a Escola obradoiro "Mar de Vigo II", coa finalidade de dar continuidade a unha Escola obradoiro anterior e como resposta á carencia formativa de persoal capacitado para asumir os novos retos que presenta o mundo relacionado co mar e o seu goce; carencia que é máis chamativa nunha cidade como Vigo, que naceu e creceu interaccionada co mar e na que a industria relacionada directa ou indirectamente con el é capital no seu desenvolvemento.

A pesar de ser un proxecto continuísta nos obxectivos respecto da Escola obradoiro "Mar de Vigo I", remodeláronse as especialidades para conseguir unha maior adaptación formativa-experiencial á demanda do mercado laboral.

Os obxectivos desta escola eran moitos e moi ambiciosos, porque ademais de preparar persoal cualificado para a súa inserción no mercado laboral do sector da carpintaría naval, a construción en poliéster, os clubs náuticos, portos deportivos, empresas de reparación de embarcacións e empresas de confección de velas, tamén, no ano e medio de duración da escola, había que construír, segundo modelos tradicionais, unha traíñeira de pesca, un bote polbeiro de Bueu e un cruceiro de poliéster cabinado.



Nestes proxectos de formación-emprego, o equipo humano determina o resultado final das actividades e o seu aproveitamento

ESCOLA OBRADOIRO

ESPECIALIDADES

Nº ALUMNOS/AS

DURACIÓN

E.O. Mar de Vigo II

Carpintaría de ribeira
Novas técnicas de construción naval
Actividades náuticas

45

18 meses



A recuperación do oficio de carpinteiro/a de ribeira é un dos obxectivos máis ambiciosos do proxecto



A recuperación de embarcacións tradicionais deu un salto cualitativo e cuantitativo co segundo proxecto "Mar de Vigo", ao remataren dúas embarcacións senleiras: a traíeira tradicional de pesca e o bote polbeiro



Na especialidade de construción naval trabállase primeiro con madeira (para facer o modelo do que sairá o molde), polo que tamén se adquiren competencias propias da carpintaría

Así, o alumnado de "Actividades náuticas" obtivo os títulos de "Manexo de embarcacións de motor", "Competencia mariñeira" e "Socorrista básico e primeiros auxilios", ademais de confeccionar as velas das embarcacións da escola, as súas fundas, reparar desperfectos e realizar os traballos de botadura, manobra, translación e fondeo de embarcacións, así como tarefas de divulgación, entre outras moitas actividades.

Na especialidade de "Novas técnicas de construción naval" aprenderon a laminar con fibra de poliéster, á vez que a construír o modelo do casco e da cuberta do cruceiro, os seus moldes respectivos e a embarcación en si, coas medidas de seguridade que unha ocupación destas características require.

"Carpintaría de ribeira", mentres tanto, construíu un bote polbeiro e unha traíeira de pesca, de forma tradicional, dende o deseño dos seus planos, elaboración de cadernas, remos, timón,..., todo o necesario para que ambas embarcacións puideran navegar pola ría de Vigo sen problemas, manexadas polo alumnado de "Actividades náuticas", como así foi.

Ao rematar a escola, a inserción laboral acadada foi dun 64%, algunhas contratacións realizadas polo propio Concello de Vigo, no marco dos Programas de Cooperación (*Ver punto 2.3.1*), con motivo da saída da Volvo Ocean Race. Esta inserción podería ter sido maior, sobre todo na especialidade de "Novas técnicas de construción naval" cuxo alumnado era demandado continuamente polas empresas do sector do poliéster; pero non todos os alumnos e alumnas tiñan interese real polas profesións nas que se estaban formando e o pensaban moito antes de aceptar unha oferta laboral.

Por último, salienta a nota de color que engadiu a escola, coa presenza laboral de rapaces e rapazas, nun sector que tradicionalmente foi feudo masculino e con profesionais de idade avanzada.

Oscar Cernadas Cabaleiro

Alumno-traballador da Escola obradoiro "Mar de Vigo II" na especialidade de Actividades náuticas

Outro aspecto destacable é a convivencia no grupo

¿Como recordas a túa experiencia na Escola obradoiro Mar de Vigo II?

Cando entrei na Escola non coñecía o mundo do mar nin o da náutica. Aprendín o proceso de construción dos barcos tanto en madeira como en poliéster, aínda que a participación do meu grupo foi básicamente na traíñeira de madeira: participando na súa construción, realizando as velas, o acastillaxe e os remates da botadura.

Tamén aprendimos a manexar as embarcacións, esta parte da formación foi moi agradable xa que navegar me pareceu unha experiencia importante. As prácticas realizadas en diferentes tipos de embarcacións así como as titulacións acadadas: socorrismo, manexo de embarcacións, competencia mariñeira, etc. abren as portas a un mercado de traballo que se está a implantar na cidade e hai proxectos de novos portos e de máis actividade no sector náutico.

Outro aspecto destacable é a convivencia no grupo que foi moi divertida con ceas, bullas, etc... varios seguimos mantendo contacto.



¿Como é a túa inserción laboral?

Nun principio seguí ligado á escola mediante a miña contratación a través de Programas de cooperación, despois estiven contratado en Davila Sport, empresa do sector, e tiña un bo traballo de mariñeiro, pero ao pasar sete meses busquei outro traballo que non me ocupara as noites e os horarios nos que podes estar cos amigos. Agora estou nunha velaría e estou satisfeito do traballo.

Para máis adiante estaría ben completar a formación con coñecementos do poliéster que podería aplicar tanto na vida profesional como na particular. Estou pensando en mercar unha piragua porque cada vez a miña vida se vai ligando máis ao mundo do mar, é como unha vocación que un non ten cando chega á escola obradoiro pero que, pouco a pouco, atopa con que é a súa profesión e tamén a súa vocación.

SABADO
7 DE MAYO DEL 2003

La Mirilla

Barquitos a la mar

De bote en bote a y no me entiero a ninguna esgionación. La cosa es literal. O sea, que es de barquitos. Tradicionales, pero más ciertas. **Baldío Prado** (que ni se lo pasó por la imaginación que podría llevar y se movió los pies por calzón sandalias) y **Corina Payro** experimentaron ayer demadriñas. Fue en la hotadira de un pulpero y una trabeira de pesca. Es el fruto del traballo de los 45 jóvenes que, desde diciembre del 2003, bajo los órdenes de **Enrique Osorio** han participado en la escuela taller de Vigo II. La experiencia les ha servido además de para dos pequeños de las otras.



Los alumnos, de entre 16 y 24 anos, asisten a la escuela taller situada en O Vao durante 18 meses an horario de mañano.

Buscar un empleo junto al mar

Medio centenar de jóvenes aprenden un oficio en la escuela taller "Mar de Vigo II" de O Vao

La actividad no cesa en O Vao cuando llega el invierno. En una nave situada junto al campo de fútbol del Coruxo, en el número 151, medio centenar de jóvenes de entre 16 y 24 años

busca una oportunidade en el mercado laboral. Son alumnos de "Mar de Vigo II", una escuela taller en la que se enseñan oficios vinculados al mar como la carpintería de ribeira.

Animan a los alumnos a formar una cooperativa

Lucía Molares, edil de Promoción Económica, y el delegado provincial de la Consellería de Asuntos Sociais, Joaquín, visitaron ayer la escuela de Vigo II de O Vao de una matrícula de unos cincuenta alumnos. Como es lectural, dirige



CONOCER EL MAR Y SUS TEJIDOS

Ahora por vez. Aulas do mar que organiza la Escola Obradoiro Mar de Vigo II, amez, cerca a toda esa mirrilla (tamal maraña que hñ teño) la hincada de esta cidade.

Un bote «polbeiro» a la antigua usanza

Un bote «polbeiro» a la antigua usanza. Para fabricar botes por la Xunta y el Fondo Social Europeo. Se trata de los botes que se usaban en toda la península gallega y que han sido rescatados en un proyecto de recuperación de la artesanía tradicional. Los

ESCOLA OBRADOIRO "MAR DE VIGO III" (decembro 2005-xuño 2007)

A aposta da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego pola recuperación do patrimonio cultural marítimo, e por unhas especialidades para as que non existe apenas oferta formativa, deu lugar a un novo proxecto de Escola obradoiro que comezou en decembro de 2005 para rematar en xuño deste ano 2007.

Así, a Escola obradoiro "Mar de Vigo III" dá continuidade á exitosa experiencia das escolas obradoiro "Mar de Vigo I e II", con especialidades de profesións relacionadas coa actividade marítima, de tanta importancia na nosa cidade, que complementan a oferta existente. Tamén responde á necesidade de adaptar os sectores relativos á explotación dos recursos marítimos, hoxe en crise, ás novas tendencias dos mercados e ás novas formas de vida da sociedade.

Os obxectivos desta escola poden resumirse en dous: por unha banda, e mediante a construción de embarcacións tradicionais en madeira, neste caso un galeón, dinamizar o sector da navegación en embarcacións tradicionais, recuperando a memoria histórica á vez que unha profesión en franco declive (a carpintaría de ribeira), con gran potencialidade turística e valor etnográfico, de promoción e de lecer. Pola outra, mediante a formación do alumnado-traballador nas correspondentes especialidades, incidir na utilización alternativa do recurso do mar, ao construír embarcacións de uso deportivo con novos materiais, elaborar programas de dinamización deportiva, ou



As aulas de mar permiten ao alumnado adquirir experiencia na monitorización de actividades náuticas con escolares

ESCOLA OBRADOIRO

ESPECIALIDADES

Nº ALUMNOS/AS

DURACIÓN

E.O. Mar de Vigo III

Carpintaría de ribeira
Novas técnicas de construción naval
Actividades náuticas

38

18 meses



Os coñecementos de velaría abren moitas expectativas laborais, dado o déficit de formación neste eido



O alumnado afrontou todos os aspectos técnicos e lóxicos que se producen coa participación da Escola nunha feira importante



Na especialidade de Novas técnicas trátase o proceso completo de laminado

profesionalizar a utilización das instalacións deportivas.

A obra que se está a executar coa escola, segundo especialidades, é a seguinte:

- **Carpintaría de Ribeira:** construción dun "galeón", en madeira e de xeito tradicional, dos que se adicaban ao cabotaxe nas rías galegas.
- **Novas Técnicas de Construción Naval:** construción en poliéster dunha embarcación tipo cruceiro a vela, pasando pola confección de modelo e molde.
- **Actividades Náuticas:** acastillaxe das embarcacións construídas na escola, confección de velas para as devanditas embarcacións, asistencia e organización de eventos náuticos, reparacións e mantemento das embarcacións construídas nos anteriores proxectos, programas de divulgación "aulas do mar" con escolares.

Ata o 31 de marzo de 2007, aínda a 3 meses de rematar a escola, a inserción laboral total do alumnado no mercado laboral ordinario rolda o 22%, aínda que á marxe dos datos cuantitativos de inserción, a creación de hábitos laborais en persoas que nunca antes traballaran pode considerarse en si mesmo un éxito da escola.

Na actualidade estase a preparar un novo proxecto de Escola obradoiro: "Mar de Vigo IV", no que, de ser aprobado pola Xunta de Galicia, se construírá, entre outras obras, unha "dorna de tope" de xeito tradicional nas instalacións que a concellaría mantén convenientemente equipadas para este fin, en réxime de aluguer, nun lugar con accesibilidade directa ao mar (Estrada do Vao, en Coruxo), requisito imprescindible para a realización das diferentes actuacións que o proxecto ten previstas.

Dada a experiencia adquirida e os satisfactorios resultados acadados neste ámbito ata a actualidade, sería desexable unha aposta municipal para a creación dun centro de formación permanente que investigara e impartira coñecementos dentro do campo da construción e recuperación de todo tipo de embarcacións, incluídas as tradicionais, así como da súa navegación, para contribuír á divulgación do noso legado e cara á oferta cultural e marítima da cidade.

Ángela Blanco Garrido

Alumna-traballadora da Escola obradoiro "Mar de Vigo III" na especialidade de Carpintaría de Ribeira



¿Tiñas experiencia laboral antes de entrar na escola?

Non, non traballei nunca, nese momento estaba estudando para sacar o graduado. Apunteime no paro por un amigo que mo aconsellou, el xa estivera formando parte dun proxecto de escola obradoiro.

¿Traballaras algunha vez coa madeira? ¿Por que escolleches esta especialidade?

Non, non traballara nunca coa madeira, traballara algo co meu pai que é fontaneiro, pero coa madeira nunca. Apunteime no paro para a especialidade de madeira porque considereí que facer un barco debía ser moi bonito.

¿Sénteste tratada por igual que os teus compañeiros homes?

Si, nese sentido non hai nada que me diferencie do resto dos compañeiros. Asumo todo tipo de tarefas sempre que o monitor considere que estou capacitada para asumilas, aínda que moitas cousas as aprendes durante o proceso de executalas.

¿Como valoras os primeiros meses de aprendizaxe?

Ao principio cústache un pouco xa que é preciso coller "man" coa ferramenta e, para a xente que non a manexou nunca é complicado. Hai ferramentas especialmente difíciles como a aixola que ao cabo dun tempo tes todo o corpo dolorido, outras en cambio, como pode ser a trencha para facer encaixes deuseme ben dende o principio.

Cando xa abordades a obra propiamente dita, ¿consideras que vai aumentando a túa destreza coa madeira?

Penso que é a mellor maneira de avanzar nunha profesión, xuntar a aprendizaxe coa práctica de obra, é máis creo que non hai outra maneira, xa que aprender un oficio teoricamente non serve para nada. No meu caso é palpable o aumento de destreza dende que comenzamos a construción do barco.

¿Tes unha visión global do proceso de construción do galeón ou actúas só nunha parte concreta?

Actuamos todos en todo, ímonos alternando de xeito que na medida do posible todos facemos de todo.

¿Como valoras as materias complementarias como informática, educación compensatoria e orientación laboral?

Paréceme moi importante a de orientación laboral porque te prepara de cara a enfrontarte co mundo do traballo, aprendes o que é unha entrevista, a facer un currículo....; en Informática no meu caso xa me defendía e Educación compensatoria é fundamental para quen non ten o graduado.

¿Sénteste capacitada para ingresar nunha carpintaría?

Sinto que estou capacitada para empezar a traballar nunha carpintaría, penso que a "man" xa a teño collida, agora tería que aprender o que se fai concretamente na empresa á que fora.

¿Que valoración fas da escola? ¿Que cambiarías?

Eu faría intercambio entre especialidades, aínda que fora de cando en vez, para que aprendéramos tamén, por exemplo, a traballar algo co poliéster.

En termos xerais valoro a escola como un lugar onde se dan as condicións para que o que queira aprender aprenda e no meu caso está sendo así.

Begoña Castro Vázquez

Alumna-traballadora da Escola obradoiro "Mar de Vigo III" na especialidade de Novas técnicas de construción naval

¿Traballaras algunha vez antes de entrar na escola?

Si, aínda que nunca o fixera nun oficio. Traballei na hostalaría, de repartidora e no que ía saíndo... en fin dende hai 5 anos levo traballando dunha maneira casi continua pero sen cualificación profesional.

¿Traballaras algunha vez no mundo do poliéster? ¿Por que escolleches esta especialidade?

Nunca traballara co poliéster. A verdade é que cando me chamaron para substituír a un que marchou non sabía en que me estaba metendo... por non saber non sabía nin que os barcos se facían con este material.

Entraches na escola uns meses despois dos teus compañeiros. ¿Tiveches problemas de adaptación, tendo en conta que todos eran homes?

Aparte das típicas parvadas como "non vas durar" a verdade é que non tiveron maiores problemas. Se sabes estar no teu sitio non hai problema.

¿Consideras que recibiches a atención necesaria para poñerte ao nivel deles?

Por parte do experto docente recibín a suficiente axuda como para poderme poñer ao día rápidamente, ademais coa súa actitude deixou ben claro a todos que non admitiría parvadas polo feito de ser muller.

O itinerario formativo desta especialidade contempla a adquisición de destrezas en carpintaría a maiores das que se alcancen en poliéster. ¿Como valoras esto?

Paréceme moi ben xa que estamos aprendendo todo o proceso de construción, dende o modelo en madeira ata o barco pasando pola construción do molde; isto fai que á hora de entrar nunha empresa teñas máis posibilidades.

¿Poderías comentar algo acerca das medidas de seguridade e hixiene nunha especialidade tan perigosa?, ¿recibides formación nesta faceta?

O experto está continuamente insistindo nisto. Recibimos ademais formación que nos deron os da Mutua. Os medios que usamos son adecuados e teño en todo momento a sensación de estar traballando con seguridade. A verdade é que aínda que sexan ás veces incómodos os equipos de protección son indispensables nesta especialidade.



¿Tes unha visión global do proceso de construción do cruceiro ou actúas só nunha parte concreta?

Efectivamente participei e estou participando en todas as partes do proceso, teño por tanto una visión total que se completará coa unión do casco coa cuberta e a botadura do barco.

¿Como valoras as materias complementarias como informática, educación compensatoria e orientación laboral?

A educación compensatoria estame a servir de moito, de feito vou ir polo graduado, xa que sen el é moi complicado o mundo laboral. A informática resultoume interesante, aínda que xa sabía algo. En canto á orientación laboral, a verdade é que xa levo tempo buscándome a vida e xa pasei por moitas das situacións das que falamos en orientación (creo que lles serve máis aos que nunca traballaron).

¿Sénteste capacitada para ingresar nunha empresa de poliéster?

Si, en principio baixo unhas directrices ata que colla o tranganillo para desenvolverme soa, pero creo que as bases do oficio xa as teño.

¿Que valoración fas da escola? ¿Que cambiarías?

A valoración é positiva dende o punto de vista de que a aprendizaxe é moi práctica, aprendes traballando, que penso que é a mellor maneira. Coido que a escola está ben levada e ao mesmo tempo que se esixe, tamén se comprenden as situacións particulares.

Este año trabajan 730 personas, frente a las 1.214 del pasado ejercicio

Los obradoiros de Pontevedra han perdido el 40% del alumnado

En doce meses la Xunta

Entrevista Henrique Otero
DIRECTOR DA ESCOLA TALLER MAR DE VIGO



Los profesores de taller trabajan en un proyecto de restauración. Así lo ha explicado el director de la escuela taller, Henrique Otero.

«La mitad de los que entran aquí encuentran trabajo muy pronto»

La escuela de Conso basa su trabajo en la recuperación de embarcaciones tradicionales con la ayuda de 25 voluntarios que buscan formación laboral



Preparativos del Encuentro de embarcaciones tradicionales

Un paseo a bordo de un barco tradicional por la ría de Vigo será, entre otros, el punto de partida para el Encuentro de embarcaciones tradicionales que se celebrará el próximo fin de semana. Organizado por la Asociación de Marineros Tradicionales de Vigo, la iniciativa pretende dar a conocer a los visitantes la importancia de la recuperación de estas embarcaciones y su papel en la historia y cultura de la ciudad gallega.

Los escolares vigueses se acercan al mundo del mar

4 | VIGO COSTADOS

La Escuela Obradoiro 'Mar de Vigo III' inicia esta extensa actividad de las Aulas de Mar

Bajo proyecto de divulgación forma parte del programa formativo de los alumnos del centro



Los alumnos de la Escuela Obradoiro 'Mar de Vigo III' participan en una actividad de divulgación.

El primer curso de la actividad de divulgación de las Aulas de Mar de la Escuela Obradoiro 'Mar de Vigo III' se inicia este mes de octubre. La actividad, que forma parte del programa formativo de los alumnos del centro, tiene como objetivo acercar a los escolares al mundo del mar y fomentar su interés por esta actividad. Durante este curso se realizarán diversas actividades, como visitas a embarcaciones tradicionales, talleres de restauración y charlas con expertos en el tema.

El primer curso de la actividad de divulgación de las Aulas de Mar de la Escuela Obradoiro 'Mar de Vigo III' se inicia este mes de octubre. La actividad, que forma parte del programa formativo de los alumnos del centro, tiene como objetivo acercar a los escolares al mundo del mar y fomentar su interés por esta actividad. Durante este curso se realizarán diversas actividades, como visitas a embarcaciones tradicionales, talleres de restauración y charlas con expertos en el tema.

Cielos formales
Además de la actividad de divulgación de las Aulas de Mar, los alumnos del centro también participan en otras actividades, como talleres de restauración y charlas con expertos en el tema.

Vigo Nautica

Reabrirá sus puertas en las travesías del siglo XVIII



El interior de una embarcación tradicional que se exhibirá en la feria.

Vigo Nautica abre hoy sus puertas en el Ifevi con un centenar de expositores

Entre las 250 embarcaciones expuestas en el salón figuran varias paves de más de 12 metros de eslora



Más de 250 embarcaciones expuestas en el salón.

El salón 'Vigo Nautica' se inaugura hoy en el Ifevi con un centenar de expositores. Entre las 250 embarcaciones expuestas en el salón figuran varias paves de más de 12 metros de eslora. La feria también incluye talleres de restauración y charlas con expertos en el tema.

El salón 'Vigo Nautica' se inaugura hoy en el Ifevi con un centenar de expositores. Entre las 250 embarcaciones expuestas en el salón figuran varias paves de más de 12 metros de eslora. La feria también incluye talleres de restauración y charlas con expertos en el tema.

2.2. PROGRAMAS DE FORMACIÓN-EMPREGO

2.2.2. OBRADOIROS DE EMPREGO (OE)

esquema

OBXECTIVOS Promover proxectos de formación profesional en especialidades demandadas polo mercado de traballo, en alternancia coa realización de obras ou servizos de interese municipal, co que, ademais, os/as participantes adquiren experiencia profesional, ao seren contratados de xeito temporal polo propio Concello.

CARACTERÍSTICAS XERAIS Co mesmo esquema que as escolas obradoiros e cofinanciados tamén pola Consellaría de Traballo da Xunta de Galicia e máis o Fondo Social Europeo, teñen unha duración dun ano, período durante o cal os/as participantes son contratados/as a xornada completa, coa modalidade contractual máis adecuada á obra que realizar.

DESTINATARIOS/AS Desempregados/as maiores de 25 anos e, prioritariamente, aqueles/as que estean dentro dalgún dos colectivos con especiais dificultades de inserción no mercado de traballo (parados/as de longa duración, maiores de corenta e cinco anos, mulleres e persoas con discapacidades que lles permitan realizar os traballos,...).

FORMA DE ACCESO A selección do alumnado traballador (preseleccionado polo Servizo Público de Emprego), así como do equipo técnico, realízase por un grupo de traballo mixto constituído para tal fin por persoal da Consellaría de Traballo e do Concello de Vigo.

EQUIPO Director/a.
Titor/a.
Administrativo/a.
Expertos/as docentes.

FINANCIAMENTO Concello de Vigo.
Xunta de Galicia.
Fondo Social Europeo (FSE).

OBRADOIRO DE EMPREGO "VIGOZOO II" xuño 2004-xuño 2005

Con anterioridade, no Plan municipal de emprego 2000-2003, e en colaboración cos responsables do Organismo Autónomo Municipal Vigo Zoo, a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego xestionou o Obradoiro de emprego "Vigozoo I", cuns resultados moi satisfactorios relativos tanto á formación e mellora das condicións de ocupabilidade do seu persoal traballador beneficiario como ás melloras ostensibles no estado xeral das instalacións do zoolóxico e na calidade de vida dos animais que nelas habitan.

Porén, os traballos realizados durante este período paliaron só en parte o problema do deficiente estado no que se atopaba o zoo (único equipamento deste tipo en todo o noroeste peninsular) e, claramente, non solucionaron o problema da taxa de paro da cidadanía maior de 25 anos que soporta a cidade de Vigo.

Dende xuño de 2004 ata xuño de 2005, 45 alumnos/as-traballadores, maiores de 25 anos que estaban en desemprego, desenvolveron un ambicioso proxecto de mellora do Parque das Ciencias VIGO ZOO, repartidos nas especialidades de Carpintaría, Construción e Xardinaría.



O recinto do zoo vigués necesitaba e necesita actuacións de mellora en moitos dos seus aspectos



As tipoloxías dos traballos foron variadas, predominando aqueles que incidiron en melloras na accesibilidade ao zoo

OBRADOIRO DE EMPREGO

ESPECIALIDADES

Nº ALUMNOS/AS

DURACIÓN

O.E. Vigozoo II

Xardinaría
Carpintaría
Construción

45

12 meses




A actuación combinada das diferentes especialidades do obradoiro mellorou significativamente o aspecto formal das instalacións


Do conxunto de obras realizadas por este obradoiro destacan: o empedrado granítico da entrada do zoo, o acondicionamento da caseta e recinto de ponis, a realización de camiños e parterres, a construción do invernadoiro e remodelación do contorno, a edificación do novo aulario, a preparación dos soportes de sinalización e o mantemento e nova creación de bancos e papeleiras.

Dadas as características do persoal beneficiario (desempregados/as maiores de 25 anos, parados/as de longa duración, maioritariamente mulleres), a súa participación neste proxecto ten suposto, ademais, un importante apoio na súa activación como demandantes de emprego, mellorando claramente as condicións de ocupabilidade e a confianza nas súas capacidades e posibilidades laborais.

Idade do alumnado



Sexo do alumnado



O problema real para a súa inserción no mercado laboral ordinario é que, á hora de contratar, as empresas prefiren homes non maiores de 35 anos, especialmente no sector da construción, polo que a inserción das mulleres maiores de 45 anos deste obradoiro enfocouse cara a outros sectores con máis posibilidades, como a hostalaría, limpeza ou mantemento de xardíns; aínda así, o propio Parque das Ciencias VIGO ZOO, á hora de aprobar o baremo puntuable para o acceso a postos vacantes temporais no zoolóxico, decidiu dar prioridade á participación en obradoiros de emprego, polo que os primeiros postos das súas listas de substitucións están ocupados por alumnas-traballadoras do obradoiro de emprego "Vigozoo II".

Tampouco hai que olvidar que as condicións salariais (150% do Salario Mínimo Interprofesional) e horarios (xornada continua) do persoal traballador dos obradoiros de emprego non son acordes coa realidade do mercado de traballo. Así, moitas veces, o único obxectivo que teñen ao rematar o ano de formación e práctica na súa especialidade é atopar traballo na administración, especialmente en programas de emprego.



A estreita colaboración entre os responsables do Organismo Autónomo Municipal "Parque das Ciencias-Vigo Zoo" e da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego permitiu o desenvolvemento de numerosas actividades



A formación complementaria e transversal impartida (primeiros auxilios, medio ambiente, alfabetización informática, igualdade de oportunidades, ...) permitiu abordar aspectos que de seguro terán a súa tradución na mellora das posibilidades reais de inserción das persoas participantes

Margarita Lago Sánchez

Alumna-traballadora do Obradoiro de emprego "Vigozoo II" na especialidade de Xardinaxe

¿Como foi a túa experiencia no Obradoiro de emprego Vigozoo II?

Como experiencia e a nivel profesional, moi boa. Os docentes e o equipo técnico moi ben, quedei moi contenta. A nivel compañeiros había de todo, xente "guai" e xente menos "guai". Gustoume moito, pena non poder seguir no traballo de xardinería.

¿Que foi o máis positivo do teu paso polo obradoiro de emprego? ¿E o negativo?

Como positivo a dirección e como negativo quizais os compañeiros porque había xente que, para mín, se queixaba sen motivo, xente que te quitaba as ganas de estar en clase, porque había xente que non escoitaba en clase á profesora. Fixoseme curto.

¿Cres que te serviu de algo?

Si, coñecín moito de xardinería, sentíame persoa, e máis valorada.

¿Que aspectos da túa vida -persoais e laborais- melloraron a partir da túa incorporación ao programa?

A nivel persoal enfróntome con máis forza á vida, estaba moi depresiva, e ao darme esta oportunidade, síntome máis persoa, motivame máis. Máis valorada en casa e comigo mesma.

**A nivel persoal
enfróntome
con máis forza
á vida**



A nivel laboral o problema é que non atopei traballo en xardinería pola idade. Para traballar no Concello non poñen impedimento pola idade, pero nas empresas privadas si.

¿Cal era a túa experiencia laboral anterior?

Eu traballara de nova nun supermercado. Despois casei, tiveron os fillos e despois tiveron unha cafetería durante seis anos e traballei en empresas de limpeza.

¿En que traballas na actualidade?

Traballo no Concello, en Vías e Obras. O problema é que só dura seis meses. Estiven de pintora e agora estou co camiión para desatoar canalizacións. Estou encantada co persoal de aquí.

¿Que diferencias atopas entre o teu traballo no obradoiro de emprego e este en Programas de Cooperación?

Alí eras máis estudante, había teórica e práctica, aquí eres máis traballadora.

FARO DE VIGO
Sábado, 31 de julio de 2004

VIGO

9

OBRADOIRO DE EMPLEO

Aprender un oficio en Vigozoo

Cuarenta y cinco alumnos inician un año de preparación en jardinería, carpintería y construcción

Alberto Blazquez / APRO

Un año de trabajo y aprendizaje es el tiempo que tendrán los 45 alumnos que componen el obradoiro de empleo Vigozoo, para alcanzar unos conocimientos que les permitan integrarse en el mercado laboral. Una actividad que ya llevan desempeñando desde hace un mes y que se dará por completada en el verano del próximo año. "Es muy importante para un ayuntamiento como el de Vigo, estar implicado con las personas que tienen más dificultades para poder encontrar un trabajo", afirmaba la concejala de Promoción Económica, Lucía Molares. "El objetivo es claro, lograr un empleo", dijo el delegado de la Consellería de Asuntos Socia-



La presentación del obradoiro de Vigozoo estuvo presidida por Lucía Molares y Joaquín Macías. / APROBAC

les, Joaquín Macías. Un grupo de personas que por diferentes circunstancias han tenido dificultades para incorporarse al mercado laboral y que ahora, gracias al

obradoiro, se están formando en tres profesiones diferentes: carpintería, construcción y jardinería. "Las tareas que realizan siempre son de obra municipal, en este caso dentro del zoo, con la construcción de un vivero, el mejor acondicionamiento del parque e incluso serán ellos los que preparan el lugar donde se ubicará la isla

de los monjes", explicó la directora del obradoiro, Xulia Veiga. "Nosotros estamos aquí con mucha ilusión, además hacemos cosas que ya teníamos olvidadas", afirmó Mila Viñas, alumna del grupo de construcción.

Un programa de formación con el que los alumnos conseguirán un certificado de profesionalidad en una especialidad concreta, y además tendrán la oportunidad de adquirir conocimientos de informática, de dibujo técnico e incluso a aquellos que no posean el cer-

También participarán en actividades de informática y de dibujo técnico.

tificado de Educación Secundaria Obligatoria, se les pondrán todos los medios necesarios para obtener dicho graduado. También, con el objetivo de que el proyecto obtenga su fruto, habrá un orientador laboral encargado de contactar con diferentes empresas para que la inserción laboral de estos alumnos pueda convertirse en una realidad.



A nova especialidade de fontanería-electricidade está a permitir actuacións de mellora en instalacións que xa estaban obsoletas

OBRADOIRO DE EMPREGO "VIGOZOO III" decembro 2006-decembro 2007

A vixencia das reflexións indicadas para o anterior proxecto (O.E. Vigozoo II) levaron a este Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, a dar continuidade ao traballo realizado anteriormente, polo que o Obradoiro de emprego "Vigozoo III" **comezou as súas actividades en decembro de 2006**, cunha duración dun ano, tras á súa aprobación pola Xunta de Galicia.

Con este obradoiro preténdese favorecer os **percorridos peonís do zoo e eliminar barreiras arquitectónicas**, mellorar a **senalización e acondicionar os recintos dos animais**. As obras proxectadas comprenden: a **execución do taller de instalacións**, a **cubrición con tella de varios recintos**, a **execución de camiños**, a **rehabilitación das charcas dos paxaros**, a **execución de valados**, a **senalización exterior en madeira**, o **revestimento dunha pasarela en madeira**, a **execución do mobiliario do aulario**, a **iluminación das sendas**, e a **mellora das acometidas de auga ás charcas e bebedoiros repartidos polo recinto**. Tarefas que están sendo desvoltas polo alumnado das especialidades de **Construción, Carpintaría e Fontanería-electricidade**.

OBRADOIRO DE EMPREGO

O.E. Vigozoo III

ESPECIALIDADES

Educación medio ambiental
Carpintaría
Construción
Electricidade-Fontanería


Nº ALUMNOS/AS

40

DURACIÓN

12 meses

Idade do alumnado



Complementariamente, o alumnado da especialidade de "Educación ambiental" está a colaborar co departamento de educación ambiental do Zoo de Vigo, o que implica a realización de diferentes programas, actividades e visitas dirixidas ao público, a elaboración de materiais e recursos que faciliten o coñecemento do Zoo e a sensibilización medioambiental, así como outras tarefas precisas para a viabilidade do departamento e a proxección cara ao exterior do zoológico. Esta especialidade pode considerarse innovadora dentro das programacións formativas das Escolas obradoiro e Obradoiros de emprego en Galicia, ademais de ser un claro xacemento de emprego nun futuro próximo, sobre todo no mesmo zoológico.



A presenza feminina entre o alumnado traballador é claramente maioritaria



A especialidade de Educación ambiental representa unha singular innovación neste novo proxecto de obradoiro de emprego, e está a obter unha moi boa calificación nas súas primeiras actuacións



As alumnas-traballadoras participantes na especialidade de Educación ambiental colaboran e reforzan o departamento de educación de Vigozoo, xunto coa Universidade de Vigo



Na actualidade, non se pode entender a evidente mellora formal das instalacións do zoolóxico de Vigo sen falar dos distintos proxectos de obradoiro de emprego executados




O traballo en equipo e a relación cos compañeiros/as representa para moitas das persoas participantes un reto ao que non se enfrontaran nunca con anterioridade

A inserción laboral de mulleres en sectores tipicamente masculinizados segue a supoñer un dos aspectos máis necesitados de mellora no desenvolvemento deste tipo de proxectos



Sexo do alumnado



A todo o persoal alumno-traballador do obradoiro, ademais de formarlle para ser un profesional na súa especialidade, se lle intenta inculcar uns correctos hábitos de traballo e comportamento que lles faciliten a inserción en calquera ámbito laboral, xa que moitas veces a inserción no sector da súa especialidade é complicada, sobre todo no caso das mulleres maiores de 45 anos.

Beatriz Rodríguez Paz

Alumna-traballadora do Obradoiro de emprego "Vigozoo III", na especialidade de Educación Ambiental

¿Coñecía a existencia do Programa de obradoiros de emprego antes de chegar aquí?

Si, pero sempre relacionados con temas como albanelaría, xardinaría....ademais na oficina do Servizo Galego de Colocación (Asociación de sordos) recomendáronme apuntarme a este programa.

¿Que especialidade desenvolves e que coñecementos previos tiñas antes da túa chegada ao obradoiro?

Estou na especialidade de Educación ambiental; estudei bioloxía, aínda sen rematala, ademais hai uns anos polo INEM fixen un curso de monitora de tempo libre onde nos faláron deste tipo de educación.

¿Que coñecementos pensas que vas a acadar na túa especialidade?

Penso que sobre todo coñecementos relacionados co respecto á natureza e como transmitírllos a xeracións vindeiras, que son as que máis poden facer polo medio.

¿Que esperas do teu paso polo obradoiro?

Espero sobre todo, ademais de aprender moito, saber transmitir ese coñecemento e tamén ter unha porta aberta cara un emprego fixo e que me gusta.

¿Como valoras a formación que estás a recibir?

Moi boa. Supoño que non tiña unha idea concreta do que me ía atopar, de feito todo o que aprendo é novo e moi positivo.

¿Que traballos estás a realizar e cal é qué opinas do realizado ata o momento no obradoiro de emprego "Vigozoo III"?

Polo momento estamos na parte teórica, aprendendo un pouco "o oficio"; é difícil ter unha opinión sobre a teoría, supoño que cando empecemos a guiar aos grupos de visitantes polo zoo, veranse os resultados.

¿Como valoras o equipo directivo e docente do proxecto, que esperas deles?

Por dicilo dalgunha maneira, aínda estou "aterrando" no mundo laboral, non teño moita experiencia niso de ter xefes. Creo que como en todo, sempre se pode mellorar, no que a min se refire, os meus problemas persoais son ben tratados.



¿Como te atopas dentro do equipo e que che parece o ambiente de traballo?

Estámonos coñecendo e como xa dixen anteriormente non teño moita experiencia en compañeiros; eu tento levarme ben con todas (somos todas mulleres e iso fai que o ambiente sexa bo, xa que todas temos en maior ou menor medida os mesmos problemas), e por agora ímolo conseguindo.

¿Notas algún cambio na túa vida dende a entrada no obradoiro? ¿Cales?

Verdadeiramente si. É "o meu primeiro emprego", a miña propia visión do mundo laboral faime sentir útil; ao traballar en algo que me gusta anímame a seguir loitando e sobre todo a non perder o tren desta sociedade.

¿Pensas que a túa capacidade de atopar emprego mellorará tras o teu paso polo obradoiro de emprego? ¿Por que?

Si; esta especialidade é moi actual; cada vez a sociedade mentalízase máis no coidado da natureza, nos colexios, zos, etc.... Búscanse persoas que aprendan aos nenos (sobre todo) a coidar o medio.

¿Que expectativas de futuro agardas ao remate do obradoiro?

Atopar un emprego fixo nesta especialidade. Gústame moito todo o que se refire aos animais, e transmitir esas mesmas ideas aos nenos parece-me moi bo.

¿Onde pensas atopar traballo tras o teu paso polo obradoiro?

Non sei, en colexios, nalgún parque natural, ou no propio zoo.... polo de agora non pensei nada, estou gozando o momento.

Marcos Barrul Montoya

Alumno-traballador do Obradoiro de emprego "Vigozoo III", na especialidade de Construción

¿Coñecías a existencia do Programa de obradoiros de emprego antes de chegar aquí?

Non, faláronme no INEM cando fun a solicitar emprego, dixéronme que podía apuntarme ao obradoiro, e dixen que si porque quería traballar.

¿Que especialidade desenvolves e que coñecementos previos tiñas antes da túa chegada ao obradoiro?

A especialidade de Construción. Tiña coñecementos mínimos de axudar á familia e amigos a facer pequenos traballos incluso na miña casa, pero pouca cousa.

¿Que coñecementos pensas que vas acadar na túa especialidade?

Todos os propios do oficio de albanelaría e algo de cantaría.

¿Que esperas do teu paso polo obradoiro?

Aproveitar o máximo posible do oficio para poder traballar no futuro.

¿Como valoras a formación que estás a recibir?

Moi ben, sobre todo tendo en conta que non teño estudos, o monitor explícanos as cousas ata que o entendamos para poder logo traballar na obra.

¿Que traballos estás a realizar e cal é a túa opinión do realizado ata o momento no obradoiro de emprego Vigozoo III?

Estamos facendo o acceso principal ao aulario do zoolóxico, escaleira, ramplas de acceso para minusválidos, e demolendo os antigos vestiarios do zoolóxico, estou moi contento porque todo o que aprendemos na aula o poñemos en práctica na obra.

¿Como valoras ao equipo directivo e docente do proxecto, que esperas deles?

Ben, como teñen que ser, sobre todo Manuel o monitor con quen pasamos máis tempo, é de agradecer a súa paciencia e trato con nós. Espero sacar o máximo proveito dos seus coñecementos e adquirir os hábitos, que se deben ter para ser un bo traballador.



¿Como te atopas dentro do equipo e que che parece o ambiente de traballo?

Atópome ben, creo que somos un equipo onde todas as cousas se comparten, axudámonos entren nós, e respectámonos.

¿Notaches algún cambio na túa vida dende a entrada no obradoiro de emprego? ¿Cal?

Si, economicamente e profesionalmente cada día que pasa aprendo cousas novas e sintome máis capaz de facer cousas que antes nin pensaba que podería facer.

¿Pensas que a túa capacidade de atopar emprego mellorará tras o teu paso polo obradoiro de emprego? ¿Por que?

Si, porque estarei máis capacitado, terei un título e unha experiencia que presentar alí onde vaia.

¿Que expectativas de futuro agardas ao remate do obradoiro?

Penso aproveitar todo o aprendido e traballado no obradoiro para poder traballar de albanel.

¿Onde pensas atopar traballo tras o teu paso polo obradoiro?

Véxome traballando nunha obra, gústame o que fago, polo que buscarei emprego nas empresas de construción.

OBRADOIRO EN VIGOZOO

Unos 40 alumnos trabajan en los Obradoiros de Empleo de Vigozoo, especializados en construcción, carpintería, fontanería-electricidad y educación ambiental. Ayer recibieron la visita de la concejala Lucía Molares y del delegado de Empleo, Pedro Borrajo.

O obradoiro de Vigozoo, dotado con 700.000 €

Lucía Molares e Pedro Borrajo visitaron os obradoiros de emprego de Vigozoo.

«Nesta convocatoria, os obradoiros de emprego están divididos principalmente ás mulleres, que abranguen o 73% dos 40 participantes», afirmou Lucía Molares, concelleira de Empleo, quen esteceu de anfitrióna do delegado provincial da Consellería de Traballo, Pedro Borrajo, en Vigozoo, onde foron unha visita polo obradoiro de emprego "Acondicionamento e Mellora do Parque Zoológico de Vigo", que ten unha duración de un ano e 700.000 euros de orzamento. Os alumnos están a

formarse nas especialidades de construción, carpintería, fontanería-electricidade e educación ambiental. Previamente ao comezo das obras, o alumnado traballador recibiu formación sobre riscos laborais para este traballo.

«O delegado levou moi boa impresión dos tres meses que leva funcionando. Esperamos que continúe a importante colaboración que nos prestaron este último ano. Acabaron de aprobar un programa de actividades con orzamento de algo máis dun millón de euros, que lle presentaremos próximamente», afirmou Lucía Molares.

visita.

2.2. PROGRAMAS DE FORMACIÓN-EMPREGO

2.2.3. CURSOS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL

esquema

OBXECTIVOS

Mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas beneficiarias do *Plan municipal de emprego* mediante a súa formación en ocupacións demandadas no mercado laboral.

CARACTERÍSTICAS XERAIS

Realización de accións formativas, con financiamento exclusivamente municipal ou ben no marco do plan FIP, a partir da prospección das necesidades do mercado laboral e as ofertas de traballo recibidas no departamento, tendo en conta a súa adaptación ao perfil dos/as beneficiarios/as do plan e á estrutura do paro do territorio.

DESTINATARIOS/AS

Beneficiarios/as desempregados/as do *Plan municipal de emprego* con necesidades de formación e co perfil adecuado para os cursos que se impartan.

FORMA DE ACCESO

Selección por parte do equipo do Servizo de orientación laboral entre os/as beneficiarios/as do Plan municipal de emprego nos que no seu itinerario ocupacional se contemple a necesidade de formación.

No caso dos cursos que se desenvolvan no marco do plan FIP, estarase ao disposto na normativa anual da Xunta de Galicia que regula o dito plan.

EQUIPO

Equipo do Servizo de orientación laboral.
Expertos/as docentes nas materias para impartir.

FINANCIAMENTO

Concello de Vigo.
Xunta de Galicia e FSE (FIP).

O obxectivo principal á hora de incluír os Cursos de Formación Ocupacional dentro do Plan municipal de emprego foi mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas beneficiarias do propio plan mediante a súa formación en ocupacións demandadas no mercado laboral. É dicir, o colectivo para quen estaba pensada esta ferramenta era, exclusivamente, o de persoas desempregadas que participaran ou tivesen participado nalgún dos programas ou servizos do Plan municipal de emprego, con necesidades de formación e co perfil adecuado a cada curso.

Así, na convocatoria do ano 2004 e coa finalidade de acceder á subvención no marco do Plan FIP, esta concellaría solicitou a inscrición do CITIC-Centro municipal de formación en novas tecnoloxías da información e comunicación-, no Censo de centros colaboradores de Formación ocupacional da Xunta de Galicia, ademais da homologación de diferentes especialidades de formación ocupacional, todas relacionadas coa área informática. Posteriormente a Xunta de Galicia resolveu a concesión de subvención para 4 accións formativas:



Os coñecementos en novas tecnoloxías son cada día máis necesarios, e a formación nese ámbito foi unha das prioridades do Plan


ANO 2004	CURSOS	Nº ALUMNADO	DURACIÓN
	Ofimática	15	134 h.
	Alfabetización informática: informática e internet	15	34 h.
	Iniciación á rede internet	14	69 h.
	Alfabetización informática: internet	15	19 h.
TOTAL		59	-

Este tipo de formación responde ás esixencias comúns da maioría dos distintos colectivos de demandantes de emprego, xa que cada vez en máis ofertas de traballo requírese o uso de programas informáticos. Ademais un dos criterios transversais do Plan municipal de emprego 2004-2007 (xunto coa "Igualdade de oportunidades" e a "Sensibilización ambiental") e a "Utilización das novas tecnoloxías da información e comunicación", coa idea de *incluir tanto a alfabetización informática como a familiarización con internet e correo electrónico na totalidade das accións formativas do plan, na medida das posibilidades reais de cada caso.*

Pero a regulación do acceso ao programa por parte da Xunta de Galicia, a través de oferta xenérica ao Servizo Público de Emprego, non permitiu integrar esta ferramenta formativa nos itinerarios ocupacionais das persoas beneficiarias do Plan municipal de emprego. Así, só o 21,1% do alumnado seleccionado era beneficiario do plan, polo que estes 4 cursos quedaron **inconexos** fronte ao resto dos programas ou servizos.

Por esta razón, nos anos seguintes a concellaría non solicitou subvención para máis accións formativas do Plan FIP, e solucionou a demanda existente cara ao uso das novas tecnoloxías a través de **financiación municipal**, utilizando as posibilidades que o CITIC proporcionaba. Ás veces mediante a contratación temporal de docentes e, outras veces, grazas ao labor formativo do propio coordinador do centro, a maioría do persoal beneficiario do Plan municipal de emprego tivo acceso á formación en informática que completaba o seu itinerario ocupacional (*Ver apartado "Infraestructuras e Servizos xerais"*).

Ademais, o resto da oferta en Formación ocupacional do territorio (a ofertada por centros colaboradores e axentes sociais no marco do Plan FIP) recóllese como recurso para as actividades de información e orientación para o emprego que desenvolve o Servizo de orientación laboral - SOL- (*Ver punto 2.1*). A importante dimensión desta oferta, unida á escaseza de infraestruturas municipais para a formación ocupacional, son, tamén, razóns que levaron ao Plan municipal de emprego a non afondar máis nesta vía de traballo.



2.2. PROGRAMAS DE FORMACIÓN-EMPREGO

2.2.4. SUBVENCIÓN GLOBAL FSE

esquema

OBXECTIVOS Reforzar a cooperación económica do Estado coas entidades locais, coa finalidade de fomentar iniciativas que desenvolvan actividades que respondan a necesidades locais xeradoras de emprego no sector de servizos de atención a persoas con especiais necesidades, tales como nenos e nenas, persoas da terceira idade, persoas con minusvalías, enfermos, excluídos/as sociais ou persoas en risco de exclusión social.

CARACTERÍSTICAS XERAIS Cofinanciados polo Fondo Social Europeo, cunha duración dun ano ou dos, e actuando sobre sectores considerados como novos filóns de emprego, os proxectos acollidos a esta subvención deben incluír actividades de información, orientación e asesoramento técnico á función xerencial, ademais de entrevistas profesionais, titorías individualizadas, información individualizada sobre o mercado de traballo, formación e prácticas en empresas.

DESTINATARIOS/AS Desempregados/as, con especiais dificultades de inserción, inscritos/as como demandantes no Servizo Público de Emprego, con motivación para o traballo na atención ás persoas.

FORMA DE ACCESO Convocatoria pública e posterior selección a través dunha entrevista persoal.

EQUIPO Segundo o proxecto.

FINANCIAMENTO Concello de Vigo.
Fondo Social Europeo (FSE).



Plan Municipal de EMPREGO
2004/2007

SUBVENCIÓN GLOBAL - PROXECTO ABEIRO marzo 2003 - maio 2004

Coa finalidade de promover a mellora da ocupabilidade das mulleres con dificultades de inserción laboral mediante a súa capacitación para o emprego, o Proxecto ABEIRO comeza a desenvolverse en marzo de 2003 cun orzamento total de 651.357,08 euros, dos que o Concello de Vigo achegou o 30%.

Ata o seu final, en maio de 2004, despois de entrevistar a 331 solicitantes, en total 150 mulleres da cidade participaron no proxecto, algunhas sen ningunha experiencia ou formación previa no sector de atención ás persoas (Itinerario II), outras xa con coñecementos previos formativos ou experienciais na área, que necesitaban só especializarse en temas relacionados coa terceira idade e/ou a enfermidade mental (Itinerario III) e 10 delas con espírito emprendedor e/ou cunha idea de negocio neste ámbito, ás que se lles apoiou na creación da súa propia empresa (Itinerario I).

A segmentación das alumnas beneficiarias do proxecto en tres itinerarios diferentes permitiu a definición de accións adaptadas e diferenciadas que daban resposta a distintas situacións de partida, o que posibilitou a formación de grupos homoxéneos dentro da diversidade existente.

Así, 140 mulleres da cidade pasaron polas seguintes fases: Preformación en habilidades sociais, Formación profesional (xenérica ou especializada), dotación de experiencia laboral mediante Prácticas profesionais en



O labor sanitario complementa a faceta asistencial

empresas e entidades, Motivación e Sensibilización medioambiental, Orientación laboral e acompañamento directo á inserción cun Plan individualizado de busca de emprego, e sempre coas conseguíntes titorizacións.

As 10 alumnas restantes, participantes no Itinerario de "Creación de empresas" contaron con titorías para a posta en marcha dos seus proxectos empresariais, despois de recibir un curso de Habilidades sociais xerenciais (xestión do tempo, liderado, toma de decisións,...) e a formación específica para a posta en marcha de iniciativas empresariais relacionadas coa atención a persoas.

Itinerarios formativos do Proxecto ABEIRO

PROXECTO	ITINERARIO	CURSOS	Nº ALUMNOS/AS	DURACIÓN
ABEIRO	I	Creación de empresas	10	210 h.
	II	Auxiliar axuda domicilio (2 edicións)	30	500 h.
		Auxiliar servizos comunitarios en saúde mental e discapacidade	15	500 h.
	III	Coidados paliativos	11	120 h.
		Mobilización e ximnasia pasiva	12	120 h.
		Alzheimer e demencias	13	120 h.
		Servizos comunitarios en saúde mental (2 edicións)	23	150 h.
		Ocio e tempo libre na terceira idade (3 edicións)	36	50 h.
	total	12 cursos	150	

Destas 150 persoas que comezaron o proxecto, o **95% rematou todo o seu itinerario formativo.**

Segundo datos da avaliación externa contratada polo proxecto, os centros onde se realizaron as **prácticas profesionais** (Ver anexo 4) percibiron a estancia das alumnas do Proxecto como unha axuda no desempeño das súas funcións cotiás, ao tempo que unha potencial fonte de recrutamento en caso de necesidade de persoal. Ao mesmo tempo, definiron con clave de éxito os mecanismos de comunicación, control e seguimento desas prácticas por parte do equipo do proxecto.

Tamén a grande maioría das alumnas afirmaron estar satisfeitas con todas as accións e aspectos do proxecto, e o **37,6% logrou inserirse no mercado laboral**, ademais de **constituírse 3 empresas.**



Metodoloxía demostrativa. Un dos grupos de auxiliar de axuda a domicilio.



Traballo docente na aula. Grupo de Mobilización e ximnasia pasiva

Hortensia Ventín Amoedo

Beneficiaria do Proxecto Abeiro; itinerario de Auxiliar de axuda a domicilio.

¿Cal era a túa experiencia profesional antes de participar no Proxecto Abeiro?

Antes de participar no proxecto Abeiro a miña experiencia no sector de atención a persoas era nula. Eu non coñecía nada disto. Antes traballara no sector da hostalería e era duro, durísimo. Tiña un bar e antes unha tenda de ultramarinos e despois recicleime e decidín probar aquí, cambiei para mellor.

¿Que opinas da formación recibida?

Aínda que xa pasaron dous anos lémbrome, e encantoume. Eu volvería repetilo mil e unha vez. Lémbrome da profesora e gardo boísimos recordos dela, era moi boa.

E, ¿das prácticas realizadas?

Lémbroas perfectamente. Estiven un mes na Residencia Alvi-Beade, foi onde máis aprendín. Un mes na Residencia Moledo de Vigo e tamén gustoume moito, moi boa xente. Tamén na Residencia Asistida de Vigo, onde nos atenderon moi correctamente, de marabilla. E finalmente no Servizo de atención ao fogar da Cruz Vermella, fenomenal.

¿Pódesnos explicar en que consiste o teu traballo actual?

Pois, traballo en axuda a domicilio... e estou moi contenta. Estou contratada tanto en Adom Servicios como en Cruz Vermella e complemento as 8 horas entre as dúas. En Cruz Vermella 5 horas e pico; en Adom o resto, de luns a venres. Sempre como coidadora a domicilio... como auxiliar de axuda a domicilio. Alimentacións, aseos, cremas, limpar e tamén servo de compañía ás persoas.

¿Que aprendiches no Proxecto Abeiro?, ¿Pensas que che serviu para desenvolver a túa actividade profesional?

Si, si, servíume de moito para desenvolver agora a miña actividade como auxiliar de axuda a domicilio. Recicleime un montón. Aprendín cousas que nunca fixera antes e estou super contenta.



Na túa opinión, ¿cales son os aspectos máis positivos do traballo con persoas dependentes?

Traballar con estas persoas no seu domicilio fai que ás veces lles leves unha pouca de compañía, outras veces unha pouca de alegría. Fai que te sintas realizada plenamente. Á parte de ser un traballo polo que me pagan, fai que te sintas útil... realizada.

¿Como valoras a túa participación no Proxecto Abeiro?

A valoración final da miña participación no proxecto Abeiro sería a todas luces positiva, foi enriquecedora, coñecín moita xente. Leveime unha formación e unha morea de amigas coas que todavía me relaciono. Ou sexa que a miña valoración é moi positiva, gardo moi bo recordo, boísimo.

¿Recomendarías a outras persoas desempregadas que se animaran a participar en iniciativas semellantes ao Proxecto Abeiro?

Si que animaría a outras persoas a que participasen neste tipo de proxectos sempre e cando lles guste traballar con xente maior dependente, iso é básico, ten que gustarche e ter moitísima paciencia. Se lles gusta, eu si as animaría, sen dubidalo. Si que lles recomendaría que fixesen o "curso".

Graduación

ENTREGA DE DIPLOMAS DEL PROYECTO ABEIRO

Las beneficiarias del proyecto de empleo "Abeiro" reciben los diplomas acreditativos de su formación en la atención de personas mayores

El Concejo promueve el plan "Abeiro" de formación para 120 mujeres desempleadas

La comisión de gobierno aprobó ayer la financiación, con un importe de 150.000 euros, del plan de formación "Abeiro" de 120 mujeres desempleadas de larga duración. Con un presupuesto de 150.000 euros, el Concejo de Galdakao-Usansolo, a través del Centro Social de Galdakao, promoverá la formación profesional de 120 mujeres desempleadas de larga duración. El plan de formación "Abeiro" tiene como objetivo la inserción laboral de estas mujeres a través de la formación profesional en el sector de atención de personas mayores. Las beneficiarias del plan recibirán un curso de formación profesional de 120 horas de duración, con un importe de 150.000 euros. El curso de formación profesional se impartirá en el Centro Social de Galdakao, entre los meses de octubre y febrero de 2005. Las beneficiarias del plan recibirán un curso de formación profesional de 120 horas de duración, con un importe de 150.000 euros. El curso de formación profesional se impartirá en el Centro Social de Galdakao, entre los meses de octubre y febrero de 2005.

Las beneficiarias del proyecto "Abeiro" harán prácticas

Las beneficiarias del proyecto "Abeiro" harán prácticas en centros de atención de personas mayores. Este curso de formación profesional de 120 horas de duración, con un importe de 150.000 euros, se impartirá en el Centro Social de Galdakao, entre los meses de octubre y febrero de 2005. Las beneficiarias del plan recibirán un curso de formación profesional de 120 horas de duración, con un importe de 150.000 euros. El curso de formación profesional se impartirá en el Centro Social de Galdakao, entre los meses de octubre y febrero de 2005.

Formación de mujeres para la inserción laboral

El programa "Abeiro" ofrece prácticas a sus beneficiarias. Este curso de formación profesional de 120 horas de duración, con un importe de 150.000 euros, se impartirá en el Centro Social de Galdakao, entre los meses de octubre y febrero de 2005. Las beneficiarias del plan recibirán un curso de formación profesional de 120 horas de duración, con un importe de 150.000 euros. El curso de formación profesional se impartirá en el Centro Social de Galdakao, entre los meses de octubre y febrero de 2005.

El programa "Abeiro" ofrece prácticas a sus beneficiarias

Las mujeres beneficiarias del proyecto "Abeiro" completarán su formación en atención de personas con prácticas en distintos centros y residencias de la red social de la ciudad. Este curso de formación profesional de 120 horas de duración, con un importe de 150.000 euros, se impartirá en el Centro Social de Galdakao, entre los meses de octubre y febrero de 2005. Las beneficiarias del plan recibirán un curso de formación profesional de 120 horas de duración, con un importe de 150.000 euros. El curso de formación profesional se impartirá en el Centro Social de Galdakao, entre los meses de octubre y febrero de 2005.

Capacitación profesional no sector de atención a personas

El programa "Abeiro" ofrece prácticas a sus beneficiarias. Este curso de formación profesional de 120 horas de duración, con un importe de 150.000 euros, se impartirá en el Centro Social de Galdakao, entre los meses de octubre y febrero de 2005. Las beneficiarias del plan recibirán un curso de formación profesional de 120 horas de duración, con un importe de 150.000 euros. El curso de formación profesional se impartirá en el Centro Social de Galdakao, entre los meses de octubre y febrero de 2005.

Cinuenta y cuatro mujeres harán prácticas en centros y residencias

Las mujeres beneficiarias del proyecto "Abeiro" completarán su formación en atención de personas con prácticas en distintos centros y residencias de la red social de la ciudad. Este curso de formación profesional de 120 horas de duración, con un importe de 150.000 euros, se impartirá en el Centro Social de Galdakao, entre los meses de octubre y febrero de 2005. Las beneficiarias del plan recibirán un curso de formación profesional de 120 horas de duración, con un importe de 150.000 euros. El curso de formación profesional se impartirá en el Centro Social de Galdakao, entre los meses de octubre y febrero de 2005.

FORMACIÓN O EMPLEO

El Concejo de Galdakao-Usansolo, a través del Centro Social de Galdakao, promoverá la formación profesional de 120 mujeres desempleadas de larga duración. El plan de formación "Abeiro" tiene como objetivo la inserción laboral de estas mujeres a través de la formación profesional en el sector de atención de personas mayores. Las beneficiarias del plan recibirán un curso de formación profesional de 120 horas de duración, con un importe de 150.000 euros. El curso de formación profesional se impartirá en el Centro Social de Galdakao, entre los meses de octubre y febrero de 2005.

El programa "Abeiro" ofrece prácticas a sus beneficiarias

Las mujeres beneficiarias del proyecto "Abeiro" completarán su formación en atención de personas con prácticas en distintos centros y residencias de la red social de la ciudad. Este curso de formación profesional de 120 horas de duración, con un importe de 150.000 euros, se impartirá en el Centro Social de Galdakao, entre los meses de octubre y febrero de 2005. Las beneficiarias del plan recibirán un curso de formación profesional de 120 horas de duración, con un importe de 150.000 euros. El curso de formación profesional se impartirá en el Centro Social de Galdakao, entre los meses de octubre y febrero de 2005.

Capacitación profesional no sector de atención a personas

El programa "Abeiro" ofrece prácticas a sus beneficiarias. Este curso de formación profesional de 120 horas de duración, con un importe de 150.000 euros, se impartirá en el Centro Social de Galdakao, entre los meses de octubre y febrero de 2005. Las beneficiarias del plan recibirán un curso de formación profesional de 120 horas de duración, con un importe de 150.000 euros. El curso de formación profesional se impartirá en el Centro Social de Galdakao, entre los meses de octubre y febrero de 2005.

Cinuenta y cuatro mujeres harán prácticas en centros y residencias

Las mujeres beneficiarias del proyecto "Abeiro" completarán su formación en atención de personas con prácticas en distintos centros y residencias de la red social de la ciudad. Este curso de formación profesional de 120 horas de duración, con un importe de 150.000 euros, se impartirá en el Centro Social de Galdakao, entre los meses de octubre y febrero de 2005. Las beneficiarias del plan recibirán un curso de formación profesional de 120 horas de duración, con un importe de 150.000 euros. El curso de formación profesional se impartirá en el Centro Social de Galdakao, entre los meses de octubre y febrero de 2005.



SUBVENCIÓN GLOBAL-PROXECTO ALICERCE marzo 2004-outubro 2005

O Proxecto ALICERCE, cun orzamento total de **843.147,87 euros**, dos que o Concello de Vigo cofinancia o 30%, e unha duración de 20 meses, xestouse como un primeiro achegamento desta concellaría para traballar itinerarios formativos que procuren a inserción laboral de colectivos con niveis educativos universitarios, nalgúns ámbitos tamén novedosos.

Destas 70 persoas que comezaron o proxecto, o **92,9%** rematou todo o seu itinerario formativo.

Se ben é certo que, segundo os estudos previos á xestación do proxecto, o campo da atención ás persoas é un xacemento de emprego cun importante potencial de crecemento na área de Vigo, e moitos dos empregos xerados neste ámbito precisan de niveis de titulación universitaria cunha especialización posterior, unha exposición máis realista do sentido da formación ocupacional e as súas limitacións, así como a propia experiencia extraída do desenvolvemento do proxecto, pon de relieve que as aspiracións formativas do

Itinerarios formativos do Proxecto ALICERCE

PROXECTO	ITINERARIO	CURSOS	Nº ALUMNOS/AS	DURACIÓN
ALICERCE	I	Mediación intercultural	15	580 h.
	II	Adicións e condutas de risco	15	600 h.
	III	Animación en terceira idade e discapacidade	15	370 h.
		Monitor de tempo libre+ Animación en terceira idade e discapacidade	15	470 h.
		Creación de empresas	10	125 h.
	total	5 cursos	70	

alumnado universitario van máis dirixidas a estudos das características dos postgraos, cunhas esixencias de máis alto nivel có da formación ocupacional.

Tal vez a formación de especialistas en "Mediación Intercultural" non pareza nestes momentos tan prioritaria no municipio dado que a maior parte da poboación inmigrante provén da emigración galega previa e, polo tanto, non é susceptible de demandar servizos para a súa adaptación sociocultural. Non obstante, dadas as tendencias rexistradas a nivel nacional, é importante formar profesionais anticipándose ao desenvolvemento social que moi previsiblemente alcanzará a Vigo nun futuro máis ben próximo.

Tamén detectáronse moitas limitacións para atopar emprego por conta propia ou allea nas áreas de traballo con inmigrantes/emigrantes retornados e drogodependentes, dado que a maior parte das entidades que traballan neste sector son asociacións, administración pública, fundacións, ONG's ou organizacións sindicais; aínda así, o proxecto conseguiu involucrar a 27 entidades diferentes para a realización de prácticas laborais, mediante a sinatura de convenios de colaboración (Ver anexo 4), ou para participar directamente nos procesos formativos. Ao rematar o proxecto, o 40% do total do alumnado estaba contratado por conta allea, e o 50% do módulo de "Creación de empresas" comezara os trámites para a constitución do seu propio negocio.



Formación en adicións e condutas de risco. Centro Cívico de Teis-Vigo.



Dinámicas de traballo en grupos. Grupo de mediación intercultural.

Beatriz García Vilaboa

Beneficiaria do Proxecto ALICERCE do itinerario de "animación en terceira idade e discapacidade"

¿Cal era a túa experiencia profesional antes de participar no Proxecto Alicerce?

Experiencia profesional como tal ningunha, só o "practicum" que fixen durante os meus estudos de Educación Social, pero non me tiña achegado xamais ao ámbito das persoas con discapacidade nin das persoas maiores, e moito menos facendo animación con elas.

¿Que opinas da formación recibida?

Considero que a formación recibida no Proxecto Alicerce foi moi boa, tanto para o traballo con discapacitados/as como con maiores.

E, ¿das prácticas realizadas?

O mellor de todo. Fíxenas no centro residencial de maiores de Bembrive que xestiona a empresa Mapfre-Quavita. O trato do persoal foi moi bo, a titora do proxecto estaba sempre pendente de nós e a supervisora do centro deixábanos participar en todas as actividades de animación programadas, incluso nalgúns momentos dirixíndoas. Para a avaliación final destas prácticas, tivemos que programar e desenvolver actividades relacionadas co tempo de Nadal. Gardo bos recordos da experiencia e creo que foi onde máis aprendín.

¿Pódesnos explicar en que consiste o teu traballo actual?

Traballo como animadora sociocultural no Centro de Día para persoas maiores ALEIDA, aquí en Vigo. A miña labor realízase directamente coas persoas usuarias a nivel do desenvolvemento de actividades que exerciten fundamentalmente a memoria e as capacidades cognitivas, tamén traballamos a súa psicomotricidade e por suposto programo algunhas cousas por puro divertimento.

¿Pensas que a formación recibida che serviu para desenvolver a túa actividade profesional?

Si, de feito moitas das cousas aprendidas, sobre todo actividades prácticas realizadas na nosa formación,



estounas a aplicar actualmente neste centro. Ademais, todavía reviso con frecuencia a documentación entregada.

¿Como valoras a túa participación no Proxecto Alicerce?

Fago unha valoración positiva, tanto dende o punto de vista persoal como formativo. Acadamos un moi bo ambiente para a aprendizaxe que ademais as docentes souberon aproveitar para que acadamos as ferramentas necesarias para que poideramos, nun futuro, traballar de xeito profesional como animadoras destes colectivos, maiores e persoas con discapacidade.

¿Recomendarías a outras persoas desempregadas que se animaran a participar en iniciativas semellantes ao Proxecto Alicerce?

Si que o recomendaría, se ben teñen que ter moita vocación para traballar con estes colectivos que son tan sensibles e que van supoñer un esforzo que, ás veces, faise duro levar.



O proxecto Alicerce do Concello de Vigo publica as bases para a participación como beneficiario do programa

O proxecto Alicerce, programa de emprego da Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, vén de anunciar a convocatoria do proceso de selección dos participantes no propio programa.

El Concello aprueba el proyecto Alicerce de formación y empleo

BRESES



Un momento de la entrega de diplomas.

La voz | Vigo
La concejala de promoción económica y empleo, Lucía Molares, aprobó ayer el proyecto Alicerce, dedicado a la formación y el empleo en el campo de la atención a las personas.
Se trata del primer proyecto en marcha dentro del plan municipal de empleo iniciado este año y que tendrá vigencia hasta el 2007.

Un momento de la entrega de diplomas.

Sesenta desempleados mejoran su capacitación en el programa "Alicerce"

La concejala de Promoción Económica y Empleo, Lucía Molares, anunció ayer que se han entregado los diplomas de formación a 60 personas que concluyeron el proyecto Alicerce.
Con este lugar se ha dado lugar al programa "Alicerce".
Las prácticas se realizaron en el campo de Meirás. Las prácticas finalizarán el 18 de marzo de 2007 y a partir de ese momento se iniciarán los cursos de formación.
El programa "Alicerce" tiene una duración de 20 meses, con un presupuesto total de 843.147 euros, de los cuales el Fondo Social Europeo aporta el 70% y el Ayuntamiento asume el 30% restante.

- Adición e condutor (persoas). Formación: C.C. Sociais (Traballo, Educación Social, Psicoloxía)
- Lecer e tempo libre (30 horas)
- Disponibilidade horaria e formada afín

Quince desempleadas realizan prácticas con ancianos y discapacitados

Las quince mujeres desempleadas que forman parte del proyecto "Alicerce" podrán realizar hasta final de año prácticas de inserción sociocultural en siete entidades de Vigo, dedicadas a la atención de mayores y discapacitados, gracias al convenio firmado ayer por la concejala de Desarrollo Local.
La concejala Lucía Molares firmó el acuerdo con las representantes de los centros "Parras de Castro", "Asociación Sís", "Asociación Padriño", "Asociación de Postos de Saúde do Bembreiño", "Centro de Día de Vigo", "Luz Barro" e "Asociación "as fundas" en colaboración con "Agrupación de Voluntarios". El acuerdo se firmó en la sede de la "Asociación Sís".

Entrega de diplomas del proyecto 'Alicerce'

De las 70 participantes en el proyecto, el 45% de ellas ya ha logrado un empleo.

Lucía Molares hace entrega de los diplomas a los diplomados.

Mujeres en paro harán prácticas en empresas que colaboran no proxecto Alicerce

Las quince mujeres desempleadas que forman parte del proyecto "Alicerce" podrán realizar hasta final de año prácticas de inserción sociocultural en siete entidades de Vigo, dedicadas a la atención de mayores y discapacitados, gracias al convenio firmado ayer por la concejala de Desarrollo Local.
La concejala Lucía Molares firmó el acuerdo con las representantes de los centros "Parras de Castro", "Asociación Sís", "Asociación Padriño", "Asociación de Postos de Saúde do Bembreiño", "Centro de Día de Vigo", "Luz Barro" e "Asociación "as fundas" en colaboración con "Agrupación de Voluntarios". El acuerdo se firmó en la sede de la "Asociación Sís".

O Concello renova a colaboración con entidades de integración social

A concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Lucía Molares, anunciou que se renovou a colaboración coas entidades de integración social que traballan no campo de Meirás.
Con este lugar se ha dado lugar al programa "Alicerce".
Las prácticas se realizaron en el campo de Meirás. Las prácticas finalizarán el 18 de marzo de 2007 y a partir de ese momento se iniciarán los cursos de formación.
El programa "Alicerce" tiene una duración de 20 meses, con un presupuesto total de 843.147 euros, de los cuales el Fondo Social Europeo aporta el 70% y el Ayuntamiento asume el 30% restante.

documentación:
Tlf. 986 26 63 20.
Z. Garrido, 21 Int. Baixo
alicerce@vigo.org
vigo.vigo.org

activa-t


SUBVENCIÓN GLOBAL-PROXECTO ACTÍVATE novembro 2005-xullo 2007

Cun orzamento total de 640.026,67 euros, dos que o Concello de Vigo cofinancia o 30%, o Proxecto ASISTE nace en novembro de 2005 coa idea de desenvolver itinerarios de inserción laboral para **90 persoas** demandantes de emprego, prioritariamente mulleres con dificultades para atopar un emprego e **colectivos en situación ou en risco de exclusión social**.

Estes itinerarios de inserción inclúen unha oportunidade de práctica laboral e formación adecuada en ámbitos considerados xeradores de emprego no sector de servizos a persoas con minusvalía, enfermidade, exclusión social ou en risco de exclusión.

Despois dun amplo estudo de mercado para detectar as potencialidades da cidade neste sector, e tendo en conta que este proxecto era xa o 4º aprobado polo Ministerio de Administracións Públicas para ser subvencionado mediante a modalidade de "Subvención Global" do Fondo Social Europeo (antes deste Plan municipal de emprego

Colectivos beneficiarios



desenvolveuse tamén o Proxecto ASISTE, no marco desta subvención), deseñouse o Proxecto ACTÍVATE como unha integralidade dirixida á procura da inserción no mercado laboral do antedito colectivo, que comprende: Preformación en Habilidades Sociais, Formación profesional específica, Prácticas en empresas, Sensibilización empresarial, Sensibilización medioambiental, Iniciación á informática, Prácticas profesionais, Orientación laboral, Técnicas de busca de emprego e Grupos de busca de emprego, todo isto arroupado cunha titorización estreita por parte do equipo do proxecto.

Destas 90 persoas que comezaron o proxecto, o 88,4% está a rematar todo o seu itinerario formativo.

Algúns destes itinerarios, ademais, pretendían ser unha oportunidade de acceso a ámbitos laborais onde a muller está subrepresentada, como no caso da obtención do carné de autobús para as 15 mulleres participantes do itinerario de Conductor/a-monitor/a de transporte adaptado e escolar; outros tentaban contribuir na



O proceso formativo contou cun intérprete nos itinerarios con persoas con discapacidade sensorial

Itinerarios formativos do Proxecto ACTÍVATE

PROXECTO	CURSOS	Nº ALUMNOS/AS	DURACIÓN
ACTÍVATE	Conductor/a-monitor/a de transporte adaptado e escolar	15	434 h.
	Axudante de cociña en centros escolares e sociosanitarios	15	444 h.
	Auxiliar de axuda a domicilio	15	694 h.
	Experto/a en limpeza	15	294 h.
	Teleoperador/a	15	494 h.
	Lenzaría, lavandería e pasado de ferro	15	414 h.
	6 cursos	90	



Instalacións axeitadas para unha adecuada formación. Grupo de axudante de cociña en centros escolares e sociosanitarios

profesionalización e valoración social dun sector tradicionalmente relacionado coa "Economía sumerxida", como o de Auxiliar de axuda a domicilio, pero todos eles tiñan en común a boa valoración polo alumnado das prácticas en empresas, como unha oportunidade inmejorable para saír do desemprego.

Estas prácticas realizáronse, mediante convenios de colaboración, con empresas que xa viñan participando en proxectos de Subvención Global anteriores, e con outras que se incorporaron con este proxecto á rede de entidades colaboradoras (Ver Anexo 4); para estas entidades o Concello de Vigo é un referente de boas prácticas no proceso de formación de profesionais no sector de atención ás persoas.

Tamén o traballo con colectivos en situación ou en risco de exclusión social esixiu unha colaboración estreita con entidades derivadoras de posibles beneficiarios/as ao proxecto, que se mantivo durante todo o seu desenvolvemento; ademais precisou dunha atención máis integral e continuada das titoras cara a un alumnado que demandaba cada vez máis o seu servizo.

Na actualidade, a catro meses de rematar o proxecto, e aínda con dous itinerarios formativos en fase de prácticas, a inserción laboral acadada rolda o 20%.



As aulas dispuxeron dos recursos metodolóxicos necesarios. Grupo de limpeza

Ana Rosa Álvarez Orbe

**Beneficiaria do Proxecto Actívate;
itinerario de axudante de cociña en centros escolares e
socio-sanitarios**

¿Cal era a túa experiencia profesional antes de participar no Proxecto Actívate?

Ningunha dentro da especialidade de hostalaría.

¿Que opinas da formación recibida?

Pareceume de gran axuda despois de tantos anos voltar a buscar unha saída laboral que te axude a traballar é moi difícil.

E, ¿das prácticas realizadas?

Sen as prácticas tivera sido casi imposible traballar nunha cociña profesional, posto que non ten nada que ver o que habitualmente facemos nas nosas casas co que realmente é unha cociña profesional. Quizais me atrevo a dicir que é o máis importante de todo o proxecto sen desprezar ao resto.

¿Pódesnos explicar en que consiste o teu traballo actual?

Actualmente traballo nunha cociña dunha tapería un pouco especial porque tan só teño que cocinar tres ou catro pratos variados que se ofrecen de balde coas consumicións da clientela, é un traballo fácil e moi leveiro.

¿Que aprendizaches no Proxecto Actívate?, ¿pensas que te serviu para desenvolver a túa actividade profesional?

É a base do meu traballo, non é o mesmo presentarte a unha oferta de traballo dicindo, "si, sei cocinar, fágoo todos os días na miña casa" a dicir "sí, son axudante de cociña porque teño estes estudos teórico-prácticos que me avalan, meu carné de manipuladora, as miñas prácticas," etc...

¿Como valoras a túa participación no Proxecto Actívate?

Moi positiva, para min foi unha participación moi activa, non aborrecín ningún día, ao principio custoume un pouco o ritmo da cociña pola falta de costume, pero no meu caso era moi importante aproveitar esta oportunidade para poder buscar unha saída laboral. Todos os módulos parecerónme interesantísimos, se ben



algúns xa os coñecía pola miña profesión anterior, outros me pareceron un luxo.

¿Recomendarías a outras persoas desempregadas que se animaran a participar en iniciativas semellantes ao Proxecto Actívate?

Xa o fixen, somos moitas as mulleres da miña idade que buscamos unha oportunidade para traballar, teño moitas amigas en paro. É moi necesario proxectos como este en calquera dos seus itinerarios, pero o máis importante de todo é a posibilidade de facer prácticas e que as empresas do sector te coñezan, non todas por suposto, pero polo menos algunha e poder dicir que poden pedir referencias actuais a algún sitio. Fixen outros cursos tamén moi longos anteriormente pero o erro sempre foi a falta de prácticas en empresas.

Berta Moldes Cancelas

Beneficiaria do Proxecto Actívate; itinerario de condutor/a-monitor/a de transporte adaptado e escolar

¿Cal era a túa experiencia profesional antes de participar no Proxecto Actívate?

Profesionalmente nunca desempeñei ningunha labor como condutora salvo a nivel particular e teño 24 anos de carné B. Noutras áreas teño desempeñado diferentes funcións: peona de vías e obras, monitora infantil nun comedor escolar, auxiliar de xeriatria, socorrista, etc...

¿Que opinas da formación recibida?

¡Sorprendida!, nunca imaxinei que chegado a este punto final do proxecto os módulos seguisen sendo interesantes como todos os demais. A formación foi completa, impartida de forma sinxela e elaborada de maneira que sentía cumprir obxectivos en cada módulo, sentíame motivada e apoiada.

E, ¿das prácticas realizadas?

Foi unha experiencia moi interesante, enriquecedora e útil tanto a nivel persoal como profesional. Levar a cabo a práctica ponte en contacto coa realidade e dáte soltura e experiencia.

¿Pódesnos explicar en que módulo formativo do itinerario estás actualmente e que interese ten para ti?

Actualmente estou en "Busca activa de emprego". Facíltanme información e datos de gran interese para o momento de incorporarme ao mercado laboralmente.

¿Que aprendiches no Proxecto Actívate?, ¿pensas que te serviu para desenvolver a túa actividade profesional?

Aprendín moito de min e dos demais a nivel formativo e persoal.

No ámbito persoal aprendín a loitar por conseguir obxectivos e beneficiarme dos resultados; a pensar e valorarme máis positivamente; a valorar o esforzo dos demais e sentirme apoiada por compañeiros/as, docentes, monitores, etc. A nivel formativo introduciume en moitos coñecementos novidosos e tiveron a sorte de atopar profesionais competentes que tiñan coñecementos dabondo para desempeñar a súa labor resolvendo dúbidas ou imprevistos con destreza e isto falaba moi positivamente da súa capacidade profesional.

O proxecto non só me serviu nas diferentes áreas da miña profesión, se non que ademais me abriu novas expectativas laborais.



Na túa opinión, ¿cales son os aspectos máis positivos do traballo con persoas dependentes?

As persoas dependentes pórñennos en contacto cunha forma emocionalmente distinta de ver e sentir. Recórdannos que a perfección e a seguridade son utopías que viven ao noso redor e pretendemos dominar. Fannos tomar conciencia do vulnerábeis, fráxiles e sensíbeis que somos.

Na miña experiencia profesional temos moito que aprender destas persoas. Podo dicir que tiveron a sorte de pasar por eses momentos máxicos.

¿Como valoras a túa participación no Proxecto Actívate?

Síntome activa -nunca mellor dito- en todo momento, e saco esta conclusión por todo o que levo dentro de min. Síntome enriquecida quizais debido á variedade de módulos que me enriqueceron en distintos ámbitos e que son aplicábeis a diferentes posibilidades de emprego, quizais tamén á forma de impartir os módulos que me transmitiu seguridade e confianza.


¿Recomendarías a outras persoas desempregadas que participen en iniciativas semellantes ao Proxecto Actívate?

¡Claro que si!! Paréceme unha grande oportunidade para ampliar coñecementos, formación de utilidade para o mercado laboral e quizais o máis importante ou ao que eu lle dou un valor especial é o enriquecemento persoal. Fai que estas en contacto con outros/as compañeiros/as na mesma situación ca ti, faite despertar e loitar. Aprendes a compartir e traballar en equipo, son moitos estímulo que te axudan a medrar.

El gobierno vigués promueve la formación de conductoras de autobuses

Casi cien mujeres podrán mejorar su situación laboral con el proyecto Actívate

Las empresas de autocares, que contarán con tres alumnas y un profesor de formación profesional y para futuras salidas como conductoras.



El proyecto "Actívate" beneficiará a 90 desempleados con dificultades de inserción

El plan Actívate favorece que 90 alumnos hagan prácticas en empresas

La Concejalía de Empleo firmó un convenio del que se beneficiarán las 15 personas del curso "experto en limpieza"



Un momento de la firma, ayer en el concejo. / María V.

Alumnos de Actívate harán prácticas como acompañantes

Representantes de varias empresas de transporte de viajeros y la concejalía de Empleo firmaron ayer un convenio de colaboración mediante el que catorce alumnos del proyecto Actívate realizarán prácticas como acompañantes en autobuses escolares de la ciudad.

Los alumnos que se están despidiendo entre febrero de 2007 y julio de 2007 y que culminan con una fase práctica.

Según el convenio de ayer, los alumnos que se van a incorporar al proyecto Actívate, plan de inserción laboral, podrán acceder al programa de prácticas en empresas.

Los 15 limpiadores del proyecto Actívate comienzan a trabajar

Los quince alumnos que participan en el proyecto Actívate comenzarán durante este mes de septiembre con sus prácticas como limpiadores. Estos trabajos tendrán una duración de 100 horas por persona y se realizarán en distintos establecimientos dependientes del concejo y en los que el grupo S.A. tiene concesión del servicio de limpieza.

El grupo S.A. tiene concesión del servicio de limpieza en el concejo y en los que el grupo S.A. tiene concesión del servicio de limpieza. El grupo S.A. tiene concesión del servicio de limpieza en el concejo y en los que el grupo S.A. tiene concesión del servicio de limpieza.

Catorce desempleadas realizan prácticas en buses con escolares

Representantes de varias empresas de transporte de viajeros y la concejalía de Empleo del Ayuntamiento de Vigo, Lucía Molares, firmaron ayer un convenio de colaboración mediante el que catorce alumnos -en su mayoría mujeres- del Proyecto Actívate realizarán prácticas como acompañantes en autobuses escolares de la ciudad.



Un momento del convenio, ayer. / RAMA ESTEVEZ

Trece personas harán prácticas de cocina en colegios de Vigo

Los trece alumnos que participan en el proyecto Actívate comenzarán durante este mes de septiembre con sus prácticas como cocineros en los colegios de la ciudad. Estos trabajos tendrán una duración de 100 horas por persona y se realizarán en distintos establecimientos dependientes del concejo y en los que el grupo S.A. tiene concesión del servicio de catering.

El programa está dirigido a desempleados de larga duración y con dificultades de inserción. El grupo S.A. tiene concesión del servicio de catering en el concejo y en los que el grupo S.A. tiene concesión del servicio de catering.

El grupo S.A. tiene concesión del servicio de catering en el concejo y en los que el grupo S.A. tiene concesión del servicio de catering. El grupo S.A. tiene concesión del servicio de catering en el concejo y en los que el grupo S.A. tiene concesión del servicio de catering.

2.3. PROGRAMAS DE CONTRATACIÓN PARA A INSERCIÓN

2.3.1. PROGRAMAS DE COOPERACIÓN XUNTA DE GALICIA-CONCELLO

esquema

OBXECTIVOS Ofrecer experiencia profesional e garantir oportunidades efectivas de emprego a persoas desempregadas con especiais dificultades de inserción, á vez que materializar obras e servizos de interese social e xeral.

CARACTERÍSTICAS XERAIS Axudas anuais da Consellaría de Traballo da Xunta de Galicia destinadas ao financiamento de accións de fomento do emprego por parte das entidades locais. A Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego solicita en cada convocatoria subvención para a contratación de traballadores/as desempregados/as que realizarán obras e servizos de interese social e xeral nos diferentes distritos da cidade, segundo as memorias de necesidades de actuación presentadas polos departamentos municipais e aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

DESTINATARIOS/AS Desempregados/as inscritos/as no Servizo Público de Emprego, prioritariamente, aqueles/as que estean dentro dalgún dos colectivos con especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, especialmente mozos/as, mulleres, parados/as de longa duración, maiores de 45 anos, persoas vítimas de violencia doméstica e discapacitados/as.

FORMA DE ACCESO Preselección de candidatos/as polo Servizo Público de Emprego e selección final segundo procedemento específico aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello.

EQUIPO Definido en cada memoria de actuación presentada á solicitude.

FINANCIAMENTO Concello de Vigo.
Xunta de Galicia.
Fondo Social Europeo (FSE).

Cando, no marco do Plan municipal de emprego, se decidiu participar na convocatoria de subvención da Xunta de Galicia para o fomento do emprego a través de Programas de Cooperación, a idea era dotar dunha ferramenta de acceso ao mundo laboral a persoas con especiais dificultades de inserción, á vez que realizar un determinado conxunto de obras ou servizos singularizados de interese municipal.

Así, nos distintos baremos aprobados pola Xunta de Goberno Local, para os procesos de selección de cada convocatoria desta subvención, tivéronse en conta algúns factores de discriminación laboral como ser muller, desempregado/a de longa duración, maior de 45 anos, persoa con discapacidade ou vítima de violencia doméstica; ademais, na fase de entrevista de selección, para determinados postos de baixa cualificación, primouse a necesidade e a motivación para comezar a traballar.

É por isto que, das 201 persoas contratadas ao abeiro deste programa dende o ano 2004, case na súa totalidade parados/as de longa duración, o 56% eran maiores de 45 anos e, para os postos de peón, o 62 % foron mulleres, na maioría contratadas para postos típicamente masculinizados (peón albanel, peón de obras públicas, peón xardinaxe, peón pavimentación,...).

Para moitas destas mulleres era a súa primeira experiencia laboral remunerada con contrato despois de moitos anos ao coidado da súa familia e, aínda que na súa maioría comezaron algo intranquilas a experiencia, dubidando da súa propia capacidade para realizar este tipo de traballos, resultaron ser unhas traballadoras exemplares, respondendo moi satisfactoriamente á oportunidade dada.

O *Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007* define a táboa salarial para aplicar ao persoal beneficiario e xestor dos programas de emprego. Así, as retribucións para o



A participación nos Programas de cooperación proporciona experiencia laboral a desempregados/as inscritos no Servizo Público de Emprego

persoal beneficiario, aínda que dignas e consoantes co resto do contorno socioeconómico, distaban moito de aproximarse ás condicións do persoal municipal (funcionariado e persoal laboral fixo), polo que algunhas das persoas contradas para este programa sentíanse agraviadas comparativamente.

O motivo de adaptar a táboa salarial do persoal beneficiario á realidade do mercado laboral normalizado xurdiu da constatación, pola experiencia de anos anteriores, de que unha maior cantidade retributiva producía un efecto non desexado de desmotivación para a posterior incorporación á empresa privada, que é o fin último dos programas de emprego. Así, para reforzar a

Memorias realizadas ao abeiro de Programas de Cooperación

2004

Axardinamento e recuperación de zonas verdes	1 enxeñeiro/a técnico/a agrícola 5 oficiais albaneis 3 oficiais xardineiros/as 1 oficial carpinteiro/a 1 oficial fontaneiro/a 1 oficial condutor/a 2 peóns albaneis 4 peóns xardineiros/as
Mellora de accesos ás instalacións deportivas	4 oficiais mantemento 4 peóns albaneis
Conservación de zonas verdes	4 oficiais xardineiros/as 1 oficial fontaneiro/a 1 oficial condutor/a 9 peóns xardineiros/as
Actuacións de mellora e mantemento urbano	1 arquitecto/a 1 aux. administrativo/a 3 oficiais albaneis 3 oficiais pavimentadores/as 1 oficial ferreiro/a 1 oficial canteiro/a 1 oficial condutor/a 1 oficial palista 3 peóns pavimentadores/as 3 peóns albaneis

función de activación e mellora da ocupabilidade destas persoas, o Acordo regulador contempla a dedicación de, como mínimo, un 15% do tempo de contrato á formación, condición que se recordaba a todos os departamentos implicados na realización das distintas obras ou servizos.

Para participar no programa, os diferentes departamentos presentaban una memoria de actividades, que debían ser singularizadas e non podían pretender suplir as carencias do cadro de persoal municipal. O desenvolvemento dalgunhas obras/servizos requiría profesionais que, aínda que en situación de desemprego, non estaban dispostos a traballar polo salario ofrecido, como no caso dos postos de oficial albanel e oficial condutor; outras veces as persoas candidatas enviadas polo Servizo Público de Emprego estaba a punto de xubilarse, polo que rexeitaban a oferta de traballo. É por isto que, ás veces, resultaba complicado casar as necesidades dos departamentos municipais coa realidade do desemprego na cidade.

Entre as actividades realizadas no marco deste programa, no ano 2005, é salientable o proxecto denominado



O axardinamento, recuperación e conservación de zonas verdes da cidade foron algunhas das actividades realizadas no marco deste programa

Memorias realizadas ao abeiro de Programas de Cooperación

2005

Pintado do parque de bombeiros	4 oficiais pintores/as
Mundo do mar	1 experto en actividades náuticas 12 alumnos/a da escola obradoiro
Mellora de accesos de instalacións deportivas	4 oficiais mantemento 4 peóns mantemento
Estudo e dinamización dos recursos turísticos de Vigo	3 diplomados/as en empresas e actividades turísticas
Conservación de zonas verdes	2 oficiais xardineiros/as 1 oficial condutor/a 2 peóns xardineiros/as

“Mundo do Mar” (xestionado pola concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego) pola súa singularidade e porque a súa finalidade foi continuar o labor comezado pola Escola obradoiro “Mar de Vigo II” (Ver punto 2.2.1), aproveitando os eventos marítimos en Vigo, do ano 2005, relacionados coa saída da Volvo Ocean Race.

Parte do alumnado-traballador da Escola obradoiro, xa formada nas especialidades de “Actividades Náuticas” e “Carpintaría de Ribeira”, colaborou activamente na promoción e divulgación da cultura do mar durante 6 meses, xa que, ademais de realizar a conservación e mantemento das embarcacións tradicionais construídas polo alumnado-traballador das Escolas obradoiro Mar de Vigo I e II (unha gamela coruxeira, un bote polbeiro e unha traífeira de pesca), organizaron “Bautismos do mar” para escolares, participaron en xuntanzas de embarcacións tradicionais e foron demandados polo Concello de Pasaia para participar coa traífeira na Regata da Concha como invitados de honor; incluso, xa nos actos previos á saída da Volvo Ocean Race o galeón Gotheborg solicitou os servizos do persoal carpinteiro de ribeira contratado para realizar unha reparación na súa proa.



A memoria “Mundo do mar” permitiu a participación activa do Concello nos actos da saída da Volvo Ocean Race, e mesmo a reparación do casco da goleta sueca Goteborg, substituíndo bancos de proa



A participación da muller nestes programas é tamén maioritaria


Memorias realizadas ao abeiro de Programas de Cooperación

2006

Itinerarios turísticos polo centro de Vigo	3 diplomados/as en empresas e actividades turísticas
Análise estatístico	2 diplomados/as en empresas e actividades turísticas
Mellora da accesibilidade das instalacións deportivas	1 oficial albanel 1 oficial pintor/a 1 oficial fontaneiro/a 1 oficial electricista 4 peóns mantemento
Conservación de vías e espazos públicos	1 arquitecta técnica 1 auxiliar administrativa 7 oficiais albaneis 2 oficiais canteiros/as 1 oficial carpinteiro/a 2 oficiais ferreiros/as 2 oficiais fontaneiros/as 4 oficiais pavimentadores/as 2 oficiais pintores/as 4 oficiais condutores/as de motoniveladora 6 oficiais condutores/as 26 peóns obras públicas
Adecuación arquitectónica de parques	1 enxeñeiro técnico agrícola 4 oficiais condutores/as 1 oficial fontaneiro/a 6 oficiais albaneis 9 peóns albaneis 9 peóns xardineiros/as
Integración e reforzo de liñas de alumeados	1 enxeñeiro/a técnico/a industrial (electricidade) 3 oficiais electricistas 1 oficial condutor/a 4 peóns en xeral

Uxío Xordo García

Beneficiario de Programas de cooperación; contratado como auxiliar de actividades náuticas para a memoria "Mundo do mar" (Desenvolvemento Local e Emprego)



¿Traballaras antes no sector ?

Antes non tiña ningunha relación con este tipo de actividade, a non ser bañarme na praia ou remar nunha barca inchable. Logo de traballar na Escola Obradoiro Mar de Vigo II, abríuse un mundo novo para min, unha oportunidade de sacar proveito dun curso e seguir traballando e formándome en algo tan emocionante como poden ser as actividades náuticas.

¿Que che pareceron as actividades realizadas contratado para Programas de Cooperación?

As actividades realizadas foron moitas e diversas, a monotonía non facía mella ningún día, dende o mantemento das embarcacións, tanto o invernaxe como as reparacións (de madeira, poliéster ou acastillaxe), ata a navegación nelas, o novedoso non era ir nun simple barco, senón ir nunha embarcación tradicional, un costume que nos tempos que corren estase intentando recuperar. Para min as actividades realizadas sinificaron un aumento de coñecementos, proveitosos para o traballo.

¿Que actividades resaltarías?. ¿Con cal che quedarías ?
Persoalmente a actividade máis valorada foi a oportunidade de navegar, facendo incidencia na preparación anterior a esta que consistía en preparar os enseres (rizóns, cabos, emisoras, chalecos...) e analizar os mapas marítimos calculando as rutas e indagando na meteoroloxía. Navegar transmite certa paz e tranquilidade, mentres que hai que previr posibles sucesos e situacións.

Despois dos seis meses de duración da memoria "Mundo do mar". ¿Sénteste capacitado profesionalmente para traballar no sector?

Logo de acabar estes seis meses, o que se pode dicir é que foron aproveitados; penso que estou capacitado para a execución deste tipo de traballo no mundo da náutica, xa que na Escola obradoiro "Mar de Vigo II" fun formado para un traballo específico, aínda flaqueando en certos aspectos como é o das reparacións de madeira ou a confección de pezas da mesma materia que require unha preparación máis extensa.

¿Como ves o sector da náutica?

O sector laboral da náutica esta empezando a demandar persoal, obsérvase que aínda está empezando pero é favorable que as persoas xa empecen a considerar esta actividade con saída.

O evento máis importante ao que asistimos foi a Volvo Ocean Race



¿Que che pareceron as actividades de divulgación realizadas dentro de "Mundo do mar"?

O Programa Mundo do Mar fixo unha serie de actividades de divulgación que foron proveitosas a nivel persoal e para os colectivos a quen foi dirixido; participamos en xuntanzas de embarcacións tradicionais nas cales fomos invitados e nas que tivemos unha gran aceptación, percorrendo así lugares diferentes á Ría de Vigo, coñecendo Combarro ou Pasaia en Donosita, onde pasamos uns días espléndidos admirando outros tipos de embarcacións tradicionais e onde presenciámos a famosa regata de traíñeiras da Praia da Concha. Outra satisfacción foi sacar a navegar a nenos, proxecto ao que chamamos Bautismo de Mar; apuntáronse moitos, algúns nunca navegaran tendo ás portas esta maravillosa Ría, gustoulles e saían tremendamente agradecidos. Pero sen dubidar o evento máis importante ao que asistimos foi a Volvo Ocean Race, alí puxemos un stand no cal mostrábase o noso proxecto, e as persoas que asistiron mostraban grande interese, axudamos (incluso fixemos unha reparación no Goteborg) e presenciámos a saída sobre a traíñeira.

¿Aportouche algunha satisfacción a nivel económico, laboral ou persoal?

Este proxecto aportoume unha gran oportunidade no transcurso da miña vida laboral posto que as condicións eran boas respecto os horarios, aínda que no tema económico sempre se pode pedir máis, ¿non?, bromas aparte, nin estabamos mal pagados nin as condicións eran malas, senón todo o contrario. No meu caso abríuse un mundo no mar que non coñecera e ao que agora aprecio tanto laboral como profesionalmente.

M^a Pilar Reboredo Penedo

**Beneficiaria de Programas de Cooperación;
contratada como peón de obras públicas para a
memoria "Conservación de vías e espazos públicos
(Vías e Obras)**



¿Como comezaches a traballar no Concello de Vigo?

Chamáronme do INEM, entreguei os papeis polo Servizo Galego de Colocación no Concello. Volvéronme chamar para a entrevista e dixéronme que estaba admitida. E aquí estou.

¿Cal era a túa experiencia laboral anterior?

En casas de limpeza, en casas particulares como empregada de fogar, e despois traballei no Programa BIAL.

¿Traballaras algunha vez como peón de obras públicas?

Non, nunca antes do BIAL. O primeiro traballo en obras públicas foi no Programa BIAL.

¿Estás a gusto traballando como peón de obras públicas? ¿Por que? ¿Repetirías?

Si, moi a gusto, porque é un traballo que me gusta e o ves rematado. Repetiría mañá mesmo.

¿Que aspectos da túa vida -persoais e laborais- melloraron a partires da túa incorporación ao programa?

A nivel persoal a economía. Érgome contenta da cama, con ánimo.

A nivel laboral mellorar día a día.



¿Que foi o máis positivo da túa contratación polo Concello de Vigo? ¿E o negativo?

O positivo é a cotización, levo moitos anos traballando na limpeza e só teño cotizados seis anos, e teño 55 anos.

Como negativo non se me ocorre nada.

¿Que diferencias atopas entre o teu traballo no Programa BIAL e este en Programas de Cooperación?

Ningunha, estiven contenta cos encargados no BIAL e aquí tamén. Trátanme con respecto, non vexo diferenzas.

EL DIARIO VASCO

PAXAIA LONDRES, 4 DE SEPTIEMBRE DE 2005



más unidos gracias al embarcacioners tradicionales

La tradición y la historia volverá a hacerse a la mar en O Vao

La 'Escuela do Mar' organiza más sobre conservación de embarcaciones tradicionales

Galizia eta Euskal Herria gertuago Ontzi Tradizionalen Topaketari esker

ESTROPADA | Pasaiatik Kontxako estropada luustera joango dira gaur, arraut nahiz balazko ontzietan

hitzaz

Harpidatuz gero hitzaz • Irailak 4 • 2005-09-04 • 10. orria • 601. zenbakia



Rumbo á estela da tradición

Poio: Comarca

El 'Mar' más tradicional de Combarro

Navarra El mundo de Combarro, un mundo tradicional



Festa do MAR

2.3. PROGRAMAS DE CONTRATACIÓN PARA A INSERCIÓN

2.3.2. PROGRAMA LABORA: XUVENTUDE CON EXPERIENCIA

esquema

OBXECTIVOS

Ofrecer experiencia profesional e garantir oportunidades efectivas de emprego a mozos/as na busca do seu primeiro emprego, á vez que materializar obras e servizos de interese social e xeral.

CARACTERÍSTICAS XERAIS

A Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia subvencionaba, anualmente, a contratación de xente nova sen experiencia, cunha duración mínima de contrato de 12 meses, para a realización de obras ou servizos de interese social e xeral nos diferentes distritos da cidade, segundo as memorias de necesidades de actuación presentadas polos departamentos municipais a esta concellaría e aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

DESTINATARIOS/AS

Desempregados/as inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia que teñan subscrito un documento de adhesión ao Programa Labora.

FORMA DE ACCESO

Preselección de candidatos/as polo Servizo Público de Emprego e selección final segundo procedemento específico aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello.

EQUIPO

Definido en cada memoria de actuación presentada á solicitude.

FINANCIAMENTO

Concello de Vigo.
Xunta de Galicia.

A participación no Programa Labora: xuventude con experiencia permitía ao Plan municipal de emprego ofrecer unha experiencia laboral, dun ano de duración, a menores de 30 anos, na súa maioría con titulación. Pero a concepción do programa por parte da Xunta de Galicia obrigaba ao Servizo Público de Emprego a enviar candidatos/as inicialmente residentes en Vigo e, se non había suficientes, procurábaos na súa área de influencia primeiro e, posteriormente, en toda a Comunidade Autónoma. É por isto que só o 57% das 86 persoas contratadas no marco deste programa durante os anos 2004 e 2005 (o programa foi derogado para a administración pública no ano 2006) residían en Vigo.

Ademais, á base de datos do Programa Labora adscribíase a mocidade con diferentes e variadas titulacións, pero a coincidencia en tempo dos procesos de selección e das necesidades de persoal dos diferentes concellos, e doutras entidades solicitantes de subvención, concurrían para provocar escaseza de persoal titulado nalgunhas das especialidades, como no caso das enxeñerías, xornalismo, diplomatura en biblioteconomía e documentación ou en actividades turísticas.

Este problema de concurrencia uniuse ao feito de que no Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego se retribuía a este persoal beneficiario coa Base mínima de cotización de cada ano, tal e como se estipulaba na propia orde nas súas primeiras convocatorias; cando máis adiante a orde estableceu que cada entidade tiña potestade para decidir cales serían as retribucións deste persoal, e as diferenzas salariais entre entidades eran considerables, a contratación polo

No programa Labora participaron numerosos departamentos e servizos municipais, moitos deles sen experiencia na implementación de programas de emprego no seu ámbito de actuación



Este programa permitiu a contratación de persoas desempregadas con titulación universitaria e sen experiencia laboral





Como no conxunto do Plan municipal de emprego, a maior parte das persoas participantes no programa Labora foron mulleres

Concello de Vigo non foi todo o atractiva que se esperaba e os/as candidatos/as rexeitaban os postos ofrecidos por este concello, se tiñan outra oferta con maiores vantaxes salariais.

Curiosamente, unha das titulacións máis demandadas polos departamentos para a realización das memorias presentadas ao Programa Labora foi a de licenciatura en historia; a causa radica no feito de que moitas das necesidades de actuación singularizadas do concello estaban relacionadas coa organización de arquivos, bibliotecas ou catalogacións, e ante a escaseza de diplomados/as en biblioteconomía e de licenciados/as en documentación adscritos á base de datos do programa, contratáronse licenciados/as en historia (o 50% das contratacións no ano 2005 e case o 34% no ano 2006).

Así mesmo, o 73,2% das persoas seleccionadas e contratadas ao abeiro deste programa foron mulleres, do mesmo xeito que a grande maioría das persoas candidatas enviadas polo Servizo Público de Emprego (o 71,6%).



Entre as actividades con maior demanda para a participación neste programa destacan as relacionadas coa xestión de espazos culturais

Memorias realizadas ao abeiro do Programa Labora: xuventude con experiencia

2004

Vigo paso a paso	3 diplomadas empresas e actividades turísticas
Catalogación e inventario do arquivo municipal de Vigo	14 licenciados/as en historia 2 auxiliares administrativas
Actualización e organización da Biblioteca e Área de documentación da casa da Xuventude	1 licenciado en documentación
Inventario e actuacións para as instalacións deportivas de Vigo	1 arquitecta 2 FPII Delineación de edificios 1 FPII Desenv. aplicac. Informáticas
Oficina de Voluntariado	1 licenciada en cc.ss políticas 1 diplomada en traballo social
Actualización de protocolos de coordinación interinstitucional	1 diplomada en traballo social
Xornal dixital, tarefas de apoio	2 licenciados en periodismo
Control e catalogación dos fondos da Biblioteca Pública Central	3 licenciadas en historia
Visualización e incorporación da perspectiva de xénero	1 licenciada en socioloxía
Informatización dos arquivos da Casa Galega da Cultura	2 licenciados/as en historia 1 licenciada en filoloxía galega
Actualización da informatización de fondos das bibliotecas da Casa Galega da Cultura	2 licenciados/a en historia
Dinamización da mediateca do IME	2 licenciados en historia
Servizo de atención ao público na Biblioteca Pública Central	2 técnicas especialistas educación infantil 1 técnica especialista informática de xestión 1 técnica superior administración de sistemas informáticos 1 bacharelato rama humanidades 1 técnica superior interpretación da lingua de signos

2005

Manual de estilo	1 licenciada en filoloxía galega 1 licenciada en publicidade e RRPP 1 FP II artes plásticas e deseño
Catalogación do fondo de depósito legal anterior a 1958 da Biblioteca Pública Central	2 licenciados/as en documentación 1 licenciado en historia
Etnolingüística	1 licenciada en filoloxía galega 1 FP II administración sist. informáticos
Catalogación de plantas cultivadas do Xardín Histórico do Pazo de Castrelos	1 licenciado en bioloxía 1 enxeñeira informática
Catalogación de cartografía histórica do Concello de Vigo	1 licenciada en historia
O labor no arquivo Pacheco	3 licenciados/as en historia 1 FP I xestión administrativa
Reorganización da sala permanente de arqueoloxía do museo "Quiñones de León"	1 licenciado en historia 1 diplomada en conservación e restauración de bens culturais
Adaptación dos sistemas de información do Concello de Vigo á Lei orgánica de protección de datos	1 enxeñeira organización industrial
Oficina de voluntariado	1 licenciada en cc.ss. políticas 1 diplomada en educación social 1 FP II aplicacións informáticas
Estudo sociolóxico da xuventude viguesa	1 licenciada en socioloxía 1 FP II secretariado
Centro turístico Vigo 05	2 licenciadas en publicidade e relacións públicas 1 diplomada en empresas e actividades turísticas
Vigo, rutas con encanto	4 diplomados/as en empresas e actividades turísticas
Observatorio estatístico Vigo 05	1 licenciada en socioloxía 1 licenciada economía 2 diplomados/as en empresas e actividades turísticas
Actuacións en materia de eventos deportivos na Regata VOR	1 licenciada en xornalismo
Catalogación informática da infraestrutura e programas deportivos	1 arquitecta 1 FP II delineación edificios 1 FP II desenvolv. aplicac. informáticas
Igualdade entre xéneros no ámbito educativo	2 licenciadas en pedagogía

Laureano Fernández Iglesias

Licenciado en xornalismo. Beneficiario do Programa LABORA: xuventude con experiencia, para a memoria "Xornal dixital, tarefas de apoio"



Comecei a traballar no Gabinete de Prensa do Concello de Vigo en novembro de 2004, aproximadamente un mes despois de inscribirse como solicitante de emprego no Plan Labora, grazas ao cal recibira xa dúas ofertas de traballo.

A primeira destas ofertas viña da Radio municipal de Tui e pensei seriamente en presentarme á entrevista, aínda que vivo en Cangas e tería que alugar un piso para ir ocupar o posto en cuestión. Sempre me gustou a radio, de modo que estaba encantado cunha posibilidade como aquela.

Pouco despois de aparecer esa oferta recibín outra do Gabinete de Prensa da Universidade de Vigo. Esta pareceume máis interesante porque me permitía residir no meu fogar e desprazarme cada día ao lugar de traballo. Fixen a entrevista pero non me elixiron para o posto.

Pouco despois entrei no Gabinete de Prensa do Concello de Vigo. Daquela xa estaba satisfeito co funcionamento do Plan Labora. Foran tres as ofertas que recibira nun par de semanas e as tres eran interesantes. Levaba máis dun ano selando como demandante de emprego no INEM e nunca me pasara nada parecido. Para min, ademais, era importante poder traballar en algo relacionado co xornalismo, que a fin de contas é o que estudei.

O Plan Labora deume a oportunidade de exercer a miña profesión durante un ano no Concello e creo que a experiencia foi bastante positiva. Puiden desenvolver as miñas capacidades nun posto directamente relacionado co que estudei e coa tranquilidade que comporta ter un horario fixo e unha xornada continua.

O meu labor principal consistiu en redactar noticias para o Xornal Dixital do Concello de Vigo. Isto permitíume formar parte dun medio innovador como é Internet desempeñando ao mesmo tempo as tarefas ligadas á redacción xornalística, que constitúen parte importante da formación que se recibe na carreira de Xornalismo. Tamén eran funcións miñas o envío de notas de prensa por fax e a convocatoria de previsións informativas. Todo este traballo, coa súa rutina, resultou gratificante porque me axudou a mellorar o meu currículo e a afrontar con máis seguridade o meu futuro laboral.

Ademais, neste tempo teño coñecido compañeiros e compañeiras cos que resulta moi agradable traballar. Algunhas destas persoas tamén gozaron dun ano de experiencia laboral a través do Plan Labora.

Silvia Alonso Cardoso

Licenciada en Pedagogía Beneficiaria do Programa LABORA: xuventude con experiencia, para a memoria "Igualdade entre xéneros no ámbito educativo"

¿Que te levou a inscribirte no programa Labora?

O motivo que me levou a inscribirme no programa Labora foi basicamente un: "conseguir experiencia laboral como pedagoga", xa que ata o momento dita experiencia era moi reducida. Convertíndose ese aspecto, á súa vez, nunha traba á hora de atopar un traballo acorde coa miña formación.

¿Fixeches busca activa de emprego relacionado coa túa titulación antes de inscribirte no programa? ¿que problemas atopaches?

Dende que rematei de estudar a miña meta foi atopar traballo, e a ser posible, que estivese relacionado cos meus estudos de pedagogía. Para iso levei a cabo unha serie de iniciativas tales como inscribirme no Servizo Galego de Colocación, así como tamén en diferentes páxinas web de busca de emprego. Tamén enviei currículos a varias entidades que eu consideraba que puideran estar interesadas en contratar a unha persoa co meu perfil, e contestei a chamamentos de emprego que aparecían nos xornais enviando o meu currículo, etc. Pero toda esta busca activa non resultou todo o positiva que eu esperaba, xa que as ocasións nas que me requiriron para un emprego dende o INEM, este nada tiña que ver coa miña titulación. Por outra banda, a inscrición en páxinas web tampouco tivo moito éxito, así como tampouco a constestación de anuncios de traballo dos xornais. A todo isto súmase o feito de que hoxe en día a oferta laboral para unha persoa titulada en pedagogía, como é o meu caso, non é moi ampla, debido sobre todo a que socialmente non está moi valorada. Isto non significa que non exista unha necesidade real do labor de pedagogas/os, o que acontece é que a súa tarefa a levan a cabo outros /as profesionais.

¿Que foi o máis positivo da túa contratación polo Concello de Vigo?

Eu fun contratada polo Concello de Vigo, dentro do Plan Labora, para traballar como pedagoga na Concellaría da Muller dende o 15 de setembro de 2005 ata o 14 de setembro de 2006. A miña tarefa xunto con outra pedagoga, consistiu en desenvolver o programa "Camiña

con nós pola igualdade" o cal ten por obxecto fomentar a educación en igualdade de oportunidades entre nenos e nenas dende a comunidade educativa para promover a coeducación e previr a violencia de xénero. O meu labor consistiu principalmente no deseño e desenvolvemento de obradoiros en diversos centros de Educación Infantil e Primaria do Concello de Vigo durante o curso académico 2005-2006. Á hora de valorar a miña experiencia debo dicir que foi moi positiva, xa que tanto a nivel persoal como profesional estou moi implicada con todo o que teña que ver coa coeducación, e coa prevención da violencia de xénero. Grazas a esta oportunidade que se me brindou puider ampliar os meus coñecementos e por suposto a miña experiencia profesional. Gustárame engadir que todo isto debeuse xa non só ás





**Grazas a esta
oportunidade
puiden ampliar
o s meus
coñecementos**

miñas ganas de aprender, senón tamén ao apoio e confianza que dende un primeiro momento mostraron tanto a xefa do departamento como o resto das compañeiras que traballan na oficina da Muller do Concello de Vigo.

¿Que foi o máis negativo?

No meu caso poderíase dicir que o máis negativo foron os madrugóns que tiven que facer xa que non son de Vigo e a hora á que me tiña que erguer era considerable. Pero quero aproveitar esta oportunidade para dicir que en moitos casos as condicións laborais "dos/as Labora" non eran as máis idóneas debido á precariedade dalgúns convenios. En ocasións os salarios non eran acordes coa súa titulación, ou as actividades para realizar acordadas nun principio, nada tiñan que ver coas que despois desenvolvían, asumindo así responsabilidades que nada tiñan que ver coa súa condición de "Labora".

¿Traballas na actualidade en algo relacionado coa túa titulación?

Sí, estou contratada por Avalía Grupo de Coordinación S.L. para seguir desenvolvendo xunto con outra pedagoga o programa "Camiña con nós pola igualdade".

Polo tanto, digamos que é unha prolongación do labor que estiven desempeñando neste último ano. Un labor, moi necesario na sociedade actual, da que me sinto moi satisfeita e orgullosa, e da que sigo aprendendo todos os días.

2.3. PROGRAMAS DE CONTRATACIÓN PARA A INSERCIÓN

2.3.3.

PROGRAMA BIAL (BRIGADAS DE INSERCIÓN E ACTUACIÓN LOCAL)

OBXECTIVOS

Facilitarlles ás persoas desempregadas, con dificultades de inserción laboral, os medios adecuados para mellorar a súa capacitación profesional e persoal mediante a realización de actuacións de mellora da cidade.

CARACTERÍSTICAS XERAIS

Con financiamento exclusivamente municipal, consiste no establecemento de contratos de traballo dun ano de duración (directamente ou en dúas fases de seis meses), en quendas anuais conforme ao que en cada anualidade establecen os orzamentos municipais para este fin. As contratacións van acompañadas de procesos formativos adaptados ás necesidades dos/as participantes e das actuacións para realizar, á vez que de accións de orientación laboral e acompañamento á inserción.

Tras a presentación do programa aos diferentes departamentos, e recibidas as propostas de actuación, o equipo de dirección do Programa BIAL preselecciona aquelas susceptibles de ser acometidas cos medios e recursos humanos existentes, antes de propoñer a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local e de realizar, posteriormente, o proxecto de obra pertinente.

A selección das persoas traballadoras realízase mediante un procedemento que se lle presenta á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación, no que se asignan cotas e criterios de participación para os diferentes colectivos con especiais dificultades de integración.

Unha comisión formada por representantes das centrais sindicais máis representativas xunto cun membro do equipo de goberno e técnicos/as municipais participa na selección e control do desenvolvemento do programa.

DESTINATARIOS/AS

Traballadores/as con especiais dificultades de inserción (desempregados/as de longa duración, mozos/as, mulleres, maiores de 45 anos, persoas vítimas da violencia doméstica e discapacitados/as).

FORMA DE ACCESO

Convocatoria pública e procedemento específico de selección aprobado pola Xunta de Goberno Local.

EQUIPO

Directora, administradora, responsable operativo de obras, titor, auxiliar administrativa, encargados, xefes de equipo.

FINANCIAMENTO

Concello de Vigo


A filosofía do Programa BIAL está baseada na realización de obras e servizos de interese municipal a través da contratación de persoas desempregadas de Vigo con maior **necesidade social** e, prioritariamente, pertencentes a **colectivos con maiores dificultades de inserción laboral**. Para isto o Programa contou dende o principio cun equipo estable de 10 persoas que organizou e coordinou as diferentes actuacións propostas polos distintos departamentos do concello. Nas categorías de oficial e peón as contratacións realizáronse mediante convocatoria pública, en quendas anuais, tendo en conta os criterios anteriores.

A experiencia dos dous primeiros anos de traballo con este programa destapou a dificultade de atopar oficiais, seleccionados/as polo criterio dos seus ingresos económicos e pertenza a colectivos difíciles de inserir, coa experiencia e a motivación necesarias para acometer as actuacións programadas, polo que no terceiro ano de funcionamento do programa a Comisión paritaria de Seguimento do *Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007* decidiu



O financiamento exclusivamente municipal e a preferencia de participación das mulleres son outras características salientables do programa Bial


Programa Bial: Persoal por sexos



Ao comezo de cada quenda, as persoas participantes reciben formación adecuada aos traballos para realizar



Programa Bial: Persoal beneficiario por colectivos



manter só aos peóns como persoal beneficiario do programa e seleccionar os/as oficiais baseándose na súa experiencia e formación, igual que para o resto dos técnicos/xestores do Plan municipal de emprego; así, no ano 2007 contratáronse 15 oficiais que pasaron a formar parte do equipo estable do Programa BIAL.

Como a finalidade última dos programas de emprego é a inserción do persoal beneficiario no mercado de traballo normalizado, e tal e como se recolle no antedito Acordo regulador (que contempla que, para o persoal beneficiario, como mínimo dedícarase o 15% do tempo do contrato a formación), é imprescindible realizar unha programación formativa intensa que habilite a este persoal para a consecución das obras ou servizos programados e que, á súa vez, lle facilite unha inserción laboral posterior. Así, ao comezo da contratación reciben unha formación básica repartida en diferentes módulos: **Construción, Medio ambiente, Fontanaría, Electricidade, Desinfección-Desratización-**

Desinsectación, Habilidades Sociais, Igualdade de Oportunidades e Prevención de Riscos Laborais; máis adiante complétase con formación en Informática segundo o nivel de cada persoa. O primeiro ano esta formación foi contratada coa Fundación Laboral da Construción e impartida polo equipo do proxecto nos dous seguintes.

A implicación de todo o equipo estable nas accións formativas do programa permitiu adaptar os coñecementos e os contidos ás necesidades reais do traballo cotiá e realizar un seguimento máis cercano e individualizado do grao de aprendizaxe, motivación e interese de cada persoa.

Á hora de propoñer á Xunta de Goberno Local cales son as obras ou servizos que se acometerán cada mes, de entre todas as presentadas polos distintos departamentos (*Ver Anexo 1*), o equipo técnico ten en conta o seu grao de dificultade e a súa aportación á traxectoria formativa-experiencial do persoal beneficiario, ademais de contemplar a importancia e prioridade da obra/servizo para cada departamento.

O compromiso do goberno municipal cos sindicatos maioritarios foi, nos programas de contratación, dedicar, como mínimo, o 15% do tempo a formación



A formación abarca a totalidade dos aspectos referidos á obra pública, facendo especial fincapé nos ámbitos da construción que logo se desenvolverán en obra



O desenvolvemento do programa evidenciou diferentes pautas que se repiten na maioría dos programas de emprego:

- **Bo labor e motivación das mulleres contratadas para realizar tarefas claramente masculinizadas, aínda que coñecen as dificultades que se van topar ao tentar inserirse, posteriormente, no mercado laboral ordinario.**
- **Mellora da autoestima das persoas beneficiarias do programa, xunto cun forte fortalecemento da importancia do seu rol no conxunto das súas relacións familiares, persoais e sociais.**
- **Importancia do mantemento da disciplina dende o primeiro día do contrato e da diferenciación clara organizativa fronte ao resto do persoal funcionario ou laboral fixo do concello.**
- **Aumento paulatino das esixencias do persoal traballador en relación aos seus dereitos laborais e normas preventivas de seguridade laboral, aínda que tamén, no transcurso do tempo de contrato, se incrementan significativamente as baixas por incapacidade temporal debido a continxencias comúns.**



Ademais, a formación para a obra completeuse con formación para o emprego: orientación, habilidades sociais, técnicas de busca de emprego, ...

Aldina Fraga Araujo
Beneficiaria de Programa BIAL,
contratada como peón



¿Por que te presentaches á convocatoria do Programa BIAL?

Polo posto de traballo que era e máis polo tema dos meus fillos, para ter tempo para eles pola tarde.

¿Que esperabas atopar?

Máis o menos sabía do que ía, porque tiña unha compañeira que estaba aquí.

¿O programa cumpriu as túas expectativas?

Si, bastante tanto no tema dos nenos, como do traballo.

¿Que aspectos da túa vida -persoais e laborais- melloraron a partir da túa incorporación ao programa?

A nivel persoal melloraron e máis a partir de atopar unha compañeira coma a que me tocou. A nivel laboral mellorou a miña experiencia, que collín co meu encargado e cos meus compañeiros.

¿Que supuxo para ti participar no BIAL, tanto positivo como negativo?

No negativo destacar que hai pouco compañeirismo, ao haber moita xente hai moitos rollos.

¿Que valoración fas do programa?

Darlíalle unha nota media dun oito e medio ou nove.

¿Cres que melloraron as túas posibilidades de atopar un emprego despois de pasar polo BIAL?

Neste ramo dubldoo, e tampouco vai ser un sitio onde eu vaia buscar traballo, a ningunha empresa de construción, porque eu son realista, se me presento xunto cun rapaz,

aínda que sexa peón, é seguro que o collen a el antes ca min por ser home, aínda que eu teña experiencia nisto. De todos os xeitos sempre é positivo acumular experiencia.

Tendo en conta a túa condición de muller e o tipo de tarefas que se realizan no programa, moitas delas aún vetadas ao xénero feminino no mercado laboral ¿consideras que fuches nalgún intre discriminada?

Non, nese sentido non, todo o contrario.

Globalmente e en liñas xenéricas, fai unha valoración tanto da formación recibida, como desta experiencia laboral.

A formación está ben, sempre que un queira aprender. A experiencia laboral ben, porque o traballo me gusta, e aínda que xa tiña algún coñecemento adquirín bastantes máis, incluso podo facer algúns traballos na miña casa.

Yolanda González Martín

Beneficiaria do Programa BIAL, contratada como peón

¿Por que te presentaches á convocatoria do Programa BIAL?

Porque eu persoalmente quería traballar, tiña medo ao principio de non ser capaz, era unha cousa de peón e eu nunca estivera nin fixera cousas así, pero necesitaba traballar.

¿Que esperabas atopar?

Non esperaba nada, porque como é un mundo que eu non sabía como ía ser, eu o que quería era encaixar, e creo que o conseguín a día de hoxe, mellor ou peor, penso que sí, pouco a pouco, pero estou moi contenta.

¿O programa cumpriu as túas expectativas?

Sí.

Que aspectos da túa vida -persoais e laborais-melloraron a partir da túa incorporación ao programa?

Todo, abrinme máis, a nivel personal viña moi cerrada polas miñas cousas persoais e creo que son como outra persoa, no aspecto de máis aberta, relaciónome máis.

¿Que supuso para ti participar no BIAL -tanto positivo como negativo?

Como positivo todo, ensinome un pouco o oficio, non para ser unha profesional, iso se vai aprendendo día a día, pero todo o que aprendín nun ano estivo ben, estou moi contenta. Como negativo nada.

¿Que valoración fas do programa?

En xeral ben, eu daríalle unha nota dun dez.

¿Que aspectos cres que se deben mellorar no programa?

A organización dende abaixo ata arriba.

¿Cres que melloraron as túas posibilidades de atopar un emprego despois de pasar polo BIAL?

Sí, creo que si, saíu moi animada, atópome moi ben e foronseme moitos medos que tiña, atópome moi segura.



¿Cara que sector ou sectores orientarás a túa busca de emprego?

Eu sinceramente tal e como está o mercado laboral hoxe en día ao que saia, porque tampouco te podes pór a pedir quero isto ou quero o outro.

Tendo en conta a túa condición de muller e o tipo de tarefas que se realizan no programa, moitas delas aún vetadas ao xénero feminino no mercado laboral ¿consideras que fuches nalgún intre discriminada?

Non, para nada, a min tratáronme por igual sempre, niso tiven moita sorte.

Globalmente e en liñas xenéricas, fai unha valoración tanto da formación recibida, como desta experiencia laboral.

A formación inicial creo que é demasiado tempo, creo que cun mes chegaríanos de formación, porque a práctica vaise facendo día a día na rúa. Da experiencia laboral non teño queixa, aprendín bastante, unha grande satisfacción porque coa xente que traballei estiven moi ben, tanto oficiais como compañeiros.



2.3. PROGRAMAS DE CONTRATACIÓN PARA A INSERCIÓN

2.3.4.

PROGRAMA DE FOMENTO DA INSERCIÓN LABORAL DAS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DOMÉSTICA

esquema

OBXECTIVOS

Dobre finalidade: dunha banda, a psicosocial, de recuperación da propia identidade e autoestima e de proporcionar uns medios de subsistencia para as mulleres vítimas de violencia e, doutra, a de ser un primeiro paso cara á súa incorporación ou reincorporación ao mercado de traballo.

CARACTERÍSTICAS XERAIS

Axudas da Consellaría de Traballo da Xunta de Galicia destinadas ao financiamento de accións de fomento do emprego por parte das entidades locais, dirixidas á contratación de mulleres vítimas de violencia adheridas ao seu programa, para a realización de obras e servizos de interese xeral e social.

DESTINATARIOS/AS

Mulleres vítimas de violencia desempregadas que, residindo na Comunidade Autónoma de Galicia, estean inscritas no Servizo Público de Emprego e teñan subscrito un documento de adhesión a este programa da Xunta de Galicia.

FORMA DE ACCESO

Oferta especial ao Servizo Público de Emprego, logo de autorización expresa da delegación provincial correspondente da Xunta de Galicia.

EQUIPO

Definido en cada memoria de actuación presentada á solicitude, coa titorización por parte do equipo do Servizo de orientación laboral (SOL).

FERRAMENTAS

Orientación e información para o emprego.
Cursos de formación ocupacional.
Axudas municipais á contratación.
Formación en empresas con compromiso de contratación.
Accións de acompañamento á inserción.

FINANCIAMENTO

Concello de Vigo.
Xunta de Galicia.
Fondo Social Europeo (FSE).

No ano 2005 e no marco dun proxecto denominado “Apoio á xestión dos servizos de atención ás persoas do Concello de Vigo”, a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego participou na convocatoria desta axuda autonómica contratando, como conserxes, 7 mulleres pertencentes á base de datos de mulleres vítimas de violencia da propia Xunta de Galicia.

Repartidas entre tres departamentos municipais sensibles a esta problemática que realizan servizos de atención ás persoas dentro de plans municipais específicos como son: Benestar Social (Plan local de drogas), Muller (Plan de igualdade de oportunidades) e o mesmo Desenvolvemento Local e Emprego (Plan municipal de emprego), onde estas mulleres realizaron funcións de atención telefónica, conserxaría e apoio administrativo básico, entre outras.

Xa nos obxectivos do Plan municipal de emprego 2004-2007 defínese ao colectivo de persoas vítimas de violencia doméstica como un dos **prioritarios** á hora de favorecer a súa inserción laboral. Así, concretízase que o plan *tentará dar cabida, dentro dos diferentes programas, á totalidade de persoas que anualmente ingresaran na Casa de acollida de mulleres maltratadas*. A derivación destas mulleres e a súa adecuación aos diferentes proxectos contou cunha estreita e frutífera colaboración entre as dúas concellarías implicadas: Desenvolvemento Local e Emprego e Muller.


É por isto que, dende xaneiro de 2004 ata o 31 de marzo de 2007, máis de 150 mulleres vítimas de violencia doméstica, formaron parte do persoal beneficiario en distintos programas do Plan municipal de emprego; algunhas, incluso, participaron en diferentes accións como parte do seu itinerario ocupacional: entrevista de orientación laboral, curso de competencias para o emprego, formación específica, alfabetización informática e inserción laboral nun programa de emprego municipal ou na empresa privada, con seguimento posterior.

No caso específico do *Programa de fomento da inserción das mulleres vítimas de violencia doméstica*, as 7 mulleres



O traballo de inserción laboral con mulleres vítimas de violencia doméstica require, ademais, unha especial receptibilidade e sensibilidade

Distribución por programas das mulleres vítimas de violencia participantes no PME



participantes recibiron, ao comezo da súa contratación e despois dunha entrevista diagnóstico, unha "Charla de adecuación ao posto de traballo" (16h.), formación en "Habilidades sociais" (20 h.) e un curso de "Iniciación á informática" (30 h.), coa finalidade de facilitarlles a realización das súas funcións como traballadoras. Aínda así, tras avaliar o programa ao rematar o contrato de traballo, estas mulleres sinalaron que tería sido positivo continuar coa formación en habilidades sociais ao longo de todo o período de contrato, para reforzar o seu enfrontamento a situacións difíciles ou como apoio na resolución de conflitos.

Para a **Casa de acollida de mulleres maltratadas**, este programa permitiu a independencia económica destas 7 mulleres (aínda que fose temporal) e o cambio do seu estatus, aumentando a súa seguridade e tranquilidade. A nivel interno contribuíu a incrementar a propia autoestima, facilitou a estruturación do seu espazo persoal, acrecentou a responsabilidade e minimizou a vitimización.

Por último, non hai que olvidar que as mulleres vítimas de violencia doméstica que participan nestas iniciativas xeralmente é porque, previamente á situación de violencia, xa tiñan unha baixa ocupabilidade. As mulleres que teñen perfís profesionais completos e posibilidades de inserción no mercado laboral non chegan aos programas, resollen antes a súa situación.

Eva Lago Veiga

Beneficiaria do Programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia

¿A través de que programa accediches á túa contratación municipal?

A finais do ano 2005 accedín a un posto de traballo no Concello de Vigo a través do programa subvencionado pola Xunta de Galicia para mulleres vítimas de violencia doméstica.

¿Que posto ocupaches e cales eran as túas funcións?

O meu contrato era como conserxe pero por sorte me deron oportunidade de desenvolver outras funcións de apoio administrativo como atención os/as usuarios/as telefonicamente e persoalmente, tramitación e arquivo de expedientes, apoio na elaboración das listaxes dos participantes dos distintos programas que houbo durante o ano, ou busca das sinaturas precisas para a tramitación de expedientes.

**contaba co
apoio e a
confianza de
todos/as os
meus**

¿Cales eran as túas expectativas cando fuches contratada?

Pois a verdade pensei que ía estar sentada atendendo ao teléfono todo o día e pouco máis.

¿Cumpríronse esas expectativas?

¿Se se cumpriron? Xamais pensei que sería capaz de desenvolver unhas funcións con tanta responsabilidade, pero por sorte contaba co apoio e a confianza de todos/as os meus compañeiros, dende o xefe de departamento ata a administrativa, iso axudoume a tirar cara a adiante sen medo.

¿Cal foi o aspecto/s máis positivo/s do teu paso polo concello?

Todo o que aprendín en tan só un ano enriqueceume como persoa, sobre todo porque me din conta de que non hai límite, que podo seguir aprendendo, que non teño por que estancarme profesionalmente, que podo estudar e abrir outras portas.



¿Que aspectos cambiarías ou mellorarías?

Melloraría o final, acabas o ano de contrato e tes que volver á realidade, eu a traballar no supermercado de caixeira, que non o menosprecio porque é un traballo que me gusta, pero me encantaría poder traballar de secretaria, de auxiliar administrativa, teño que estudar pero tamén teño que traballar porque hai un neno que depende de min..., non sei, creo que poderíamos ter outro tipo de saída, ver outra porta, ter a oportunidade de continuar.

¿Cres que mellorou a túa ocupabilidade despois desta experiencia?

No meu caso non, pero dame máis seguridade, porque sei que, se quero, podo facer calquera tipo de traballo, só é cuestión de propoñerse.

2.4. PROGRAMAS DE APOIO Á INSERCIÓN LABORAL

2.4.1. AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN

esquema

OBXECTIVOS

Impulsar a integración no mundo laboral das persoas desempregadas participantes no Plan municipal de emprego, facilitando o contacto entre a empresa e a persoa na procura de emprego.

CARACTERÍSTICAS XERAIS

As empresas que contraten, de forma temporal, a tempo parcial ou completo, a persoas derivadas dende algunha das accións do Plan municipal de emprego, recibirán unha axuda económica, nunha contía que dependerá de:

Características e número de beneficiarios/as.

Duración e tipo de contrato.

Disponibilidade orzamentaria.

Compatibilidade con outras axudas que se puidesen ter solicitado co mesmo fin.

Unha comisión de valoración avalía cada solicitude de subvención presentada e proponlle á Xunta de Goberno Local a súa concesión, se é o caso. Priorízase a contratación de persoas con especiais dificultades de inserción.

Para solicitar candidatos/as, de ser preciso por parte da empresa potencialmente beneficiaria, utilízase un modelo normalizado que se achega nas bases de cada convocatoria anual ou na páxina web <http://emprego.vigo.org>.

DESTINATARIOS/AS

Empresas e entidades privadas, independentemente da súa forma xurídica, sempre que o obxecto da súa solicitude sexa a contratación de persoas desempregadas da bolsa de emprego da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, e que esta contratación supoña un aumento do cadro de persoal da empresa en termos netos.

FORMA DE ACCESO

Convocatoria anual.

EQUIPO

Equipo do Servizo de orientación laboral (SOL).

FINANCIAMENTO

Concello de Vigo.

As axudas á contratación do Concello de Vigo concíbense coa pretensión de ser un complemento das subvencións autonómicas existentes para impulsar os contratos indefinidos de persoas desempregadas.

Dende a súa convocatoria no ano 2004 ata a deste ano 2007, que se está a tramitar na actualidade, foron evolucionando para adaptarse ás necesidades do contorno, primando a contratación dun colectivo moi específico durante máis de 6 meses. Así, na convocatoria do 2006, especificábase que o obxectivo é fomentar a contratación de *persoas desempregadas que participen ou participasen nalgunha das accións ou programas da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, e que posúan ademais algunha destas condicións ou características: muller, discapacidade ou situación do posto de traballo no "Casco Vello" de Vigo. No caso de persoas discapacitadas, poderanse ter en conta tamén as derivacións doutras entidades de recoñecida solvencia no traballo con este colectivo. A axuda incrementase se a muller contratada é vítima de violencia doméstica.*

Estas axudas municipais á contratación publicítáronse a través da prensa escrita, Boletín Oficial de Pontevedra, páxina web da concellaría e correspondencia masiva a través de correo electrónico e ordinario, ademais das visitas que realiza o persoal técnico de inserción ás empresas, como parte do seu labor habitual de prospección de mercado. Aínda así, o éxito deste programa é relativo.

Axudas municipais á contratación


ANO	N contratados/as	CANTIDADE
2004	15	9.294,74 €
2005	16	9.123,75 €
2006	15	10.843,75 €
TOTAL	46	29.262,24 €

O **93%** das contratacións subvencionadas foron de mulleres, maioritariamente menores de 30 anos, en profesións tradicionalmente femininas como caixeira, dependenta, limpadora,...

Pero o reducido número de solicitudes recibidas en cada convocatoria reflicte que, aínda que nun primeiro momento a posibilidade de recibir incentivos por realizar contratacións temporais é moi ben acollida polas empresas, máis adiante parécelles, ás veces, unha traba burocrática e outras veces, un risco contratar durante 6 meses como mínimo, preferindo a fórmula de concatenar contratos: 3 meses primeiro e 3 meses despois.

Ademais, o 65% destas contratacións subvencionadas realizáronse con participantes doutro programa do Plan municipal de emprego 2004-2007, **Formación en empresas con compromiso de contratación** (Ver punto 2.4.2). Cando unha empresa tiña necesidade de contratar máis persoal que o 50% que se lle esixía no convenio de colaboración regulador deste tipo de formación, solicitaba unha axuda económica pola contratación do outro 50%; solicitude que entraba na legalidade pero que desvirtuaba en parte o obxectivo último de impulsar novos contratos por conta allea.

Persoas contratadas con axuda municipal



Ana Belén Moldes Fajardo

Representante da empresa AQUILEA, S.L., beneficiaria do Programa de Axudas municipais á contratación



¿Por que medios coñeceu a existencia do noso Servizo de orientación laboral SOL? ¿Con que idea inicial chegou?

Eu coñecín o SOL a través do Servizo de asesoramento a emprendedores da Mancomunidade, dixéronme que chamase ao concello porque tiñan unha base de datos e poderían responder ás ofertas de traballo que lles formulase.

Ademais de acudir ao noso servizo ¿requiriu este tipo de asistencia noutras entidades?

Acudín ao INEM, pero nunca obtiven resposta, e ao Servizo Galego de Colocación, pero os curriculum das candidatas que recibín non estaban dispoñibles, ou facía moito tempo que non exerceran a súa profesión.

¿Solicitou algunha das iniciativas que se contemplan dende o SOL (axudas á contratación, formación con compromiso de contratación, ofertas de emprego)?

Solicitei en varias ocasións peiteadoras e axudas á contratación en dúas convocatorias, tamén solicitei, se hai, axuda na convocatoria do ano 2007, xa que teño unha persoa do SOL contratada dende o mes de setembro por un ano.

Se solicitou traballadores/as ao SOL ¿a preselección realizada e o tempo de resposta cubriu as súas expectativas? Si, sempre. Nese sentido, tiveron bastante sorte.

No relativo ás axudas á contratación que se convocan anualmente ¿cambiaría ou melloraría algún dos aspectos contemplados (contía, características do persoal obxecto da axuda, outros) para a súa concesión? A vantaxe das axudas do concello respecto ás da Xunta de Galicia é a súa maior flexibilidade á hora de contratar a alguén. A través da Xunta poñen moitas máis pegas (pola modalidade de contrato, límites de idade, etc.), mentres que no concello hai uns requisitos mínimos pero non son grandes limitacións, do mesmo xeito que ocorre coas axudas á creación de empresas. É certo que a contía da Xunta de Galicia é máis elevada pero o Concello de Vigo é máis flexible e isto favorece á contratación.

¿Cales son na súa empresa os principais motivos para que de momento non sexa viable a posta en marcha dunha acción formativa con compromiso de contratación? ¿A través do seu colectivo empresarial sería factible a súa realización?

Se podería facer algún curso a través da "Asociación de peluqueros de Pontevedra", que é de carácter provincial. Normalmente, avísante como socio de cursos e podes

organizar algún de forma privada. Os cursos subvencionados pola Fundación tripartita son moi contados e normalmente fóra do horario de traballo. Unha posibilidade sería dispoñer dun profesional que acuda aos centros de traballo a reciclar o persoal.

¿Cre que están suficientemente publicitadas as accións que se desenvolven dende a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego? ¿Cal sería o medio máis adecuado para poder chegar ao seu sector?

Non, a moita xente que lle comento, tanto a nivel de empresa como a nivel persoal, descoñecen este servizo. Cando abrín o salón de peiteado contratei unha traballadora e non pedín axuda á contratación porque non sabía que a había. Os centros de formación do sector deberían coñecer a que sitios poderían acudir os estudantes para buscar emprego. Para chegar a este colectivo o Concello de Vigo podería publicar unha revista semestral, na que as empresas puidesen inserir as súas ofertas e os departamentos municipais informaran dos seus servizos. Tendo en conta que estamos cara ao público e que nos salóns de peiteado se manexan moito as revistas. Tamén se podería chegar a través de internet.

¿Cal foi o seu grado de satisfacción en canto á atención recibida por parte do persoal técnico e respecto ao servizo prestado?

Moi bo, co persoal do concello leveime unha grata sorpresa. Vas cunha idea preconcebida e sempre tiveron unha atención bárbara, en todos os departamentos nos que estiven.

Coñecedora das necesidades do seu contorno empresarial. ¿Que aspectos cre que desde un servizo de orientación laboral serían de interese e deberíanse ter en conta para próximos proxectos?

Que unha empresa puidese reciclar a persoal cualificado e que o poidan contratar despois.

Pablo M. Búa Burgos

Representante da empresa LINORSA S.A., beneficiaria do Programa de axudas municipais á contratación



¿Por que medio ou medios coñeceu a existencia do noso Servizo de orientación laboral SOL? ¿Con que idea inicial chegou ao SOL?

Linorsa colaborou en temas do Plan municipal de emprego a raíz da petición do Proxecto Actívate dun presuposto para o desenvolvemento dunha acción formativa de operario/a de limpeza. Parecelles ben e a parte teórica fíxose nas instalacións de Linorsa en Coruxo e as prácticas en distintas entidades. Non foi un curso con compromiso de contratación, aínda que despois das 15 persoas formadas fíxose contrato a 3 persoas por un ano. Dende o proxecto Actívate é onde nos informaron das accións que se desenvolven dende o SOL.

Ademais de acudir ao noso servizo ¿requiriu este tipo de asistencia noutras entidades?

Linorsa participou no programa de inserción laboral Insercep da CEP e está prevista a formación en colaboración coa Asociación do Síndrome de Down e a formación de inmigrantes coa Cruz Vermella de Ourense. Así mesmo, estase estudando a posibilidade de solicitar un curso de compromiso de contratación do Plan FIP.

¿Solicitou algunha das iniciativas que se contemplan dende o SOL (axudas á contratación, formación con compromiso de contratación, ofertas de emprego)?

Linorsa contratou tres persoas das que fixeron a formación de operario/a de limpeza do Proxecto Actívate polas que se solicitou, na convocatoria de 2006, axudas á contratación.

No relativo ás axudas á contratación que se convocan anualmente ¿cambiaría ou melloraría algún dos aspectos contemplados (contía, características do persoal obxecto da axuda, outros) para a súa concesión?

O prazo para recibir o importe da axuda debería ser máis curto, maior axilidade nos trámites e respecto á contía, parece un pouco inxusto que dependa da duración da xornada porque redúcese moito o importe.

¿Cales son, dende a súa empresa, os principais motivos para que ata o momento non sexa viable a posta en marcha dunha acción formativa con compromiso de contratación? ¿A través do seu colectivo empresarial sería factible a súa realización?

Descoñecía este tipo de iniciativa. Penso que sería factible no noso contorno empresarial pero haberíallo que dar a coñecer. Dende Linorsa apostamos pola incorporación de persoal cualificado a través da formación teórica e práctica.

¿Cre que están suficientemente publicitadas as accións que se desenvolven dende a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego? ¿Cal sería o medio máis adecuado para poder chegar a profesionais do seu sector?

Non, non están suficientemente publicitadas. A mellor forma de dalo a coñecer sería mediante entrevista concertada co responsable de persoal ou de recursos humanos das empresas ou a través dunha campaña en radio e/ou TV. A información por medio de mailing, e-mail e correo postal non ofrece o mesmo resultado, porque ás empresas chega moita información da mesma forma e non se lle presta atención.

¿Cal foi o seu grado de satisfacción en canto á atención recibida por parte do persoal técnico e respecto ao servizo prestado?

De todo satisfactoria en xeral e, concretamente, o coordinador e todo o equipo do proxecto Actívate continuamente fixeron un seguimento adecuado da acción formativa, a través de chamadas telefónicas e visitas.

Vostede que coñece as necesidades do seu contorno empresarial. ¿Que aspectos considera que dende un servizo de orientación laboral serían de interese e se deberían ter en conta para próximos proxectos?

Temos unha asociación empresarial a nivel provincial AELPO integrada por 13 empresas, onde se tentou facer algo conxunto a nivel formativo pero non foi adiante. Por un lado serían necesarias máis accións formativas a través da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego e fomentar a realización de prácticas en empresas. E, por outro lado, dende a miña experiencia, creo que o persoal técnico de orientación laboral debe ter un contacto máis directo coas empresas para un coñecemento máis amplo da realidade empresarial.



BANDO

TRANSPORTE ESCOLAR. TRAMITACION DA AUTORIZACION MUNICIPAL PARA O CURSO 2006-2007

De conformidad co disposto no artigo 3 do Ordenanza municipal lexislada de transporte escolar aprobada polo Pleno municipal en sesión do 11/09/1992, limitadas as solicitudes de autorización de transporte escolar a escolas de educación primaria, que antes do comezo do próximo curso 2006-2007 (setembro 2006), deberán dicar da seguinte autorización municipal:

A fin de poder se emitir lóxicas autorizacións antes do comezo do próximo curso, acórdase un prazo de 15 días para que se presenten no Servizo Xeral do Concello de Vigo, as correspondentes solicitudes de autorización de transporte escolar, acompañadas coa seguinte documentación:

- Relación de vehículos que se solicitará con aplicación á prestación do servizo.
- Permiso de Inspección Técnica de Vehículos, acreditativa de que os vehículos teñan pasado a revisión técnica e cumpran as prescricións legais relativas a transporte escolar.
- Permiso de circulación dos vehículos a nome do/a titular da autorización do transporte, ou título de posesión do vehículo no art. 48.1 do Regulamento de ordenación do transporte escolar, cunha fotocopia do mesmo.
- Contrato co centro escolar no que quede perfectamente detallado o itinerario e o número de paradas.
- Título de Inspección do vehículo e homologación de remolque.
- Datos do titular do vehículo e titular da autorización.
- Datos do titular do vehículo e titular da autorización.
- Autorización de Transporte emitida pola Dirección de Transportes do Xunta de Galicia.
- Permiso de circulación dos vehículos a nome do/a titular da autorización do transporte, ou título de posesión do vehículo no art. 48.1 do Regulamento de ordenación do transporte escolar, cunha fotocopia do mesmo.
- Permiso de circulación dos vehículos a nome do/a titular da autorización do transporte, ou título de posesión do vehículo no art. 48.1 do Regulamento de ordenación do transporte escolar, cunha fotocopia do mesmo.

As solicitudes presentaranse no Servizo Xeral do Concello de Vigo, durante o prazo de 15 días, a contar desde a data de publicación do Bando no BOP ata o 15 de setembro de 2006.

INFORMACION:

Concello de Vigo, Servizo Xeral de Atención ao Cidadán, Rúa de Galicia, 10. 36201 Vigo (P.O. 36201021).

DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO

CONVOCATORIA PARA O ANO 2006 DO "PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACION" NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007

A Junta de Goberno Local, na súa sesión de data 18/08/2006, a proposta da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, aprobou as bases reguladoras de convocatoria do ano 2006 do "PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACION" no marco das actuacións do Plan Municipal de emprego 2004-2007, as cales foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 14 de xullo de 2006.

OBJECTO:

Podrán solicitar estas axudas as empresas e entidades distintas da administración pública, que pertencen ao sector privado, persoas físicas ou xurídicas que participen ou teñan participado nunha das accións de formación de persoas con discapacidade, ou que o posto de traballo destas actividades estea situado na zona de actuación do programa de emprego municipal de creación de empresas, no marco das actuacións do Plan Municipal de emprego 2004-2007, as cales foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 14 de xullo de 2006.

PRazos e LUAR DE PRESENTACION:

O prazo de presentación de solicitudes vai desde a data de publicación no BOP ata o 15 de setembro de 2006.

As solicitudes presentaranse no Servizo Xeral do Concello de Vigo, durante o prazo de 15 días, a contar desde a data de publicación do Bando no BOP ata o 15 de setembro de 2006.

INFORMACION:

Concello de Vigo, Servizo Xeral de Atención ao Cidadán, Rúa de Galicia, 10. 36201 Vigo (P.O. 36201021).

DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO

CONVOCATORIA PARA O ANO 2006 DO "PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACION DE EMPRESAS" NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007

A Junta de Goberno Local, na súa sesión de data 18/08/2006, a proposta da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, aprobou as bases reguladoras de convocatoria do ano 2006 do "PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACION DE EMPRESAS" no marco das actuacións do Plan Municipal de emprego 2004-2007, as cales foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 14 de xullo de 2006.

OBJECTO:

Podrán solicitar estas axudas as empresas e entidades distintas da administración pública, que pertencen ao sector privado, persoas físicas ou xurídicas que participen ou teñan participado nunha das accións de formación de persoas con discapacidade, ou que o posto de traballo destas actividades estea situado na zona de actuación do programa de emprego municipal de creación de empresas, no marco das actuacións do Plan Municipal de emprego 2004-2007, as cales foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 14 de xullo de 2006.

PRazos e LUAR DE PRESENTACION:

O prazo de presentación de solicitudes vai desde a data de publicación no BOP ata o 15 de setembro de 2006.

As solicitudes presentaranse no Servizo Xeral do Concello de Vigo, durante o prazo de 15 días, a contar desde a data de publicación do Bando no BOP ata o 15 de setembro de 2006.

INFORMACION:

Concello de Vigo, Servizo Xeral de Atención ao Cidadán, Rúa de Galicia, 10. 36201 Vigo (P.O. 36201021).

DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO

CONVOCATORIA PARA O ANO 2006 DO "PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACION DE EMPRESAS" NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007

A Junta de Goberno Local, na súa sesión de data 18/08/2006, a proposta da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, aprobou as bases reguladoras de convocatoria do ano 2006 do "PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACION DE EMPRESAS" no marco das actuacións do Plan Municipal de emprego 2004-2007, as cales foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 14 de xullo de 2006.

OBJECTO:

Podrán solicitar estas axudas as empresas e entidades distintas da administración pública, que pertencen ao sector privado, persoas físicas ou xurídicas que participen ou teñan participado nunha das accións de formación de persoas con discapacidade, ou que o posto de traballo destas actividades estea situado na zona de actuación do programa de emprego municipal de creación de empresas, no marco das actuacións do Plan Municipal de emprego 2004-2007, as cales foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 14 de xullo de 2006.

PRazos e LUAR DE PRESENTACION:

O prazo de presentación de solicitudes vai desde a data de publicación no BOP ata o 15 de setembro de 2006.

As solicitudes presentaranse no Servizo Xeral do Concello de Vigo, durante o prazo de 15 días, a contar desde a data de publicación do Bando no BOP ata o 15 de setembro de 2006.

INFORMACION:

Concello de Vigo, Servizo Xeral de Atención ao Cidadán, Rúa de Galicia, 10. 36201 Vigo (P.O. 36201021).

2.4. PROGRAMAS DE APOIO Á INSERCIÓN LABORAL

2.4.2.

FORMACIÓN EN EMPRESAS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN

esquema

OBXECTIVOS

Formar, no propio ámbito produtivo, a traballadores/as desempregados/as en ocupacións demandadas no mercado laboral e adecuadas ás necesidades das empresas para facilitar a súa posterior inserción laboral.

CARACTERÍSTICAS XERAIS

O deseño das accións formativas, eminentemente prácticas, está adaptado tanto ás características dos/as beneficiarios/as do Plan como ás necesidades das empresas coas que se asina un convenio que recolle un compromiso de contratación, como mínimo, do 50% do alumnado que remata satisfactoriamente o curso, participando este dunha aprendizaxe activa levada a cabo dentro do ámbito produtivo real, a empresa, onde o alumnado pode observar e desempeñar as actividades e funcións propias dos distintos postos de traballo e coñecer as relacións laborais e a organización interna da empresa.

DESTINATARIOS/AS

Beneficiarios/as do Plan municipal de emprego con necesidades de formación.

FORMA DE ACCESO

Preselección de beneficiarios/as por parte do equipo do Servizo de orientación laboral e selección final da empresa coa que se asina o compromiso de contratación.

EQUIPO

Equipo do Servizo de orientación laboral (SOL).

FINANCIAMENTO

Concello de Vigo.

Aínda que non hai dúbida de que a formación con compromiso de contratación é unha das mellores ferramentas para axustar o perfil das persoas empregadas ás necesidades de contratación de man de obra cualificada por parte das empresas, moitas delas son reticentes a utilizar esta fórmula.

A través das tarefas de **prospección de mercado** realizadas polo equipo de técnicas en inserción do Servizo de orientación laboral (*Ver punto 2.1*), detéctase que o tecido empresarial vigués considera importante que as accións formativas para persoas en desemprego estean deseñadas segundo as particularidades e demandas de cada empresa. Tamén consideran primordial que a aprendizaxe activa se leve a cabo dentro do ámbito produtivo real onde o alumnado pode observar e desempeñar as actividades e funcións propias dos distintos postos de traballo e coñecer as relacións laborais e a organización interna da empresa. Pero o requisito de **contratar, polo menos, o 50% do alumnado** que remate satisfactoriamente a acción formativa, é considerado como un problema para as pequena empresas.

Salvo que sexan empresas cun elevado número de persoal traballador (neste caso Alcampo ou Vegonsa), para desenvolver unha acción formativa destas características, habería que unir a varias empresas do mesmo sector para que posteriormente cada unha incorpore unha ou dúas persoas á formación. Isto é moi difícil dada a competitividade existente e, só algunhas veces, grazas a asociacións empresariais, pódese recorrer a esta fórmula (neste caso a Federación de empresarios de hostalaría de Pontevedra).

Este programa tenta casar as necesidades de persoal que manifestan ter as empresas, coas características e demandas das persoas participantes no Plan municipal de emprego





O Concello de Vigo e as empresas colaboradoras deste programa certifican a participación e características da acción formativa

Algunhas veces o problema é a falta das instalacións adecuadas para formación, xa que a empresa non pode alterar a súa produción; outras veces escasean docentes cualificados. Pero tampouco hai que esquecer a desconfianza de moitas empresas respecto ás persoas integrantes da base de datos do Plan municipal de emprego, causada por experiencias previas negativas con outros programas sociais do concello ou doutros organismos.

Aínda así, dende xaneiro de 2004 ata o 31 de marzo de 2007, asináronse 5 convenios de colaboración para desenvolver cursos con compromiso de contratación.

ANO	DENOMINACIÓN	Nº CURSOS	BENEFICIARIOS	DURACIÓN	ENTIDADE
2004	Caixeiro/a de grandes superficies	1	24	125 h.	Alcampo
	Dependente polivalente da distribución alimentaria	1	15	240 h.	Vegonsa
	Total	2	39	-	-
2005	Caixeiro/a de grandes superficies	1	21	125 h.	Alcampo
	Técnicas de servizo en barra e sala	1	14	40 h.	Fed. Emp. hostalaría Pontevedra
	Total	2	35	-	-
2006	Caixeiro/a de grandes superficies	1	20	125 h.	Alcampo
	Total	1	20	-	-
TOTAL		5	94	-	-




Na maior parte dos casos, a empresa supera o compromiso de contratación do 50% das persoas participantes

Este programa mostrouse como unha importante ferramenta para combatir o desemprego feminino menor de 25 anos, xa que das 95 persoas participantes nos 5 cursos con compromiso de contratación, o 94,7% son mulleres e o 40,4% menor de 25 anos. A inserción total acadada foi do 80%.

Para este ano 2007, estanse a tramitar novos convenios de colaboración con empresas que manifestaron interese por participar no programa, de diferentes sectores: alimentación, 3ª idade ou limpeza, entre outras.

% Participantes formación con compromiso de contratación



Miguel González-Puelles Casal

Representante da empresa Alcampo S.A., beneficiaria do Programa de formación con compromiso de contratación

¿Por que medio ou medios coñeceu a existencia do noso Servizo de orientación laboral SOL? ¿Con que idea inicial chegou ao SOL?

Eu coñecín o SOL porque fixeran formación con compromiso de contratación en Alcampo Vigo 2, e puxémonos en contacto co servizo para poder participar dende a nosa empresa, Alcampo Vigo 1 neste programa.

Ademais de acudir ao noso servizo ¿requiriu este tipo de asistencia noutras entidades?

No seu momento, fixéramos formación coa CEP e tamén facemos formación en Fundosa.

¿Solicitou algunha das iniciativas que se contemplan dende o SOL (axudas á contratación, formación con compromiso de contratación, ofertas de emprego)?

Levamos facendo formación con compromiso de contratación desde o ano 2002 co Concello de Vigo, chegando en todos os cursos a contratar case ao 100% das persoas que realizaron a acción formativa por tempo superior aos tres meses esixidos no convenio. Tamén desde o ano 2002 levamos solicitando axudas á contratación.

Se solicitou traballadores/as ao SOL ¿considera que a preselección realizada e o tempo de resposta cubriu as súas expectativas?

Nunca solicitamos traballadores/as porque nós sempre queremos formar directamente ás persoas que incorporamos á nosa empresa.

¿Cre que están suficientemente publicitadas as accións que se desenvolven dende a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego? ¿Cal sería o medio máis adecuado para poder chegar a profesionais do seu sector?

Non, considero que o medio máis adecuado é un anuncio nos medios audiovisuais e escritos da cidade, e sobre todo o contacto directo a través das entrevistas persoais entre o persoal técnico do SOL e os representantes das empresas.



¿Cal foi o seu grado de satisfacción en canto á atención recibida por parte do persoal técnico e respecto ao servizo prestado?

Quedei moi satisfeito co trato recibido polo persoal técnico. A pega que poñería e a excesiva burocracia dende que se solicita unha acción formativa ata que se pode comezar dita acción, e isto ralentiza moito.

Vostede que coñece as necesidades do seu contorno empresarial. ¿Que aspectos considera que desde un servizo de orientación laboral serían de interese e deberíanse ter en conta para o desenvolvemento de próximos proxectos? Deberíase ter en conta a nova realidade social da inmigración para incluír os colectivos máis desfavorecidos e con maior problema de inclusión social.

Personas desempleadas de Vigo beneficiaríanse dun curso de formación en empresas con compromiso de contratación

A concelleira de Desenvolvemento Local e Emprego, Lucía Mojares, e o concelleiro de Formación Profesional, Álvaro Martínez, asinaron un convenio para realizar o curso de formación do programa de formación en empresas con compromiso de contratación, que se desenvolverá dentro do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, xunto coa colaboración do Plan Municipal de Emprego do municipio de Vigo.

para o deseño deste curso, hoxe se realizou un encontro entre a concelleira de Desenvolvemento Local e Emprego, Lucía Mojares, e o concelleiro de Formación Profesional, Álvaro Martínez, no Cconcello de Vigo.

O concello asina un convenio con Vegonsa co fin de apostar pola formación de persoas desempregadas en empresas

O convenio, asinado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Lucía Mojares, coa empresa Vegonsa, do grupo Alimentaia S.A., para desenvolver un curso de formación profesional de "Desenvolvemento polivalente da distribución Alimentaria".

Con este novo convenio o Concello comprométese a financiar a formación dun total de 15 persoas participantes por un período de tres meses, sempre e cando a empresa traballe por parte da empresa.

Lucía Mojares livo entrega dos diplomas de formación de empresas con compromiso de contratación

A concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e Emprego, Lucía Mojares, entregou hoxe, coa presenza do concelleiro de Formación Profesional, Álvaro Martínez, os diplomas de formación de empresas con compromiso de contratación, no marco do programa de formación en empresas con compromiso de contratación, do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, en que se desenvolverán os cursos formativos no espazo das empresas Alimentaia S.A. e de colaboración para a realización dun curso de formación polivalente de distribución alimentaria, de 24 horas.

Lucía Mojares manifestouse moi satisfeita pola superación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Vigo e a empresa Vegonsa. Entre as outras entidades colaboradoras participaron no programa, o que equivale a un 80% do custo.

A concelleira, como responsable do departamento de Mellor, q hoxe se achega para facilitar o curso que se impartirá no posto de traballo e recibir os efectos deste área por iniciativa laboral.

CONCELLO DE VIÑO

PROGRAMA DE FORMACIÓN EN EMPRESAS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN

O Concello de Vigo ten a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego xunto ao Plan municipal de emprego 2004-2007 (aprobado polo Pleno do Concello municipal na súa sesión do 28 de xuño de 2004) que abarca un convenio unificado de accións encamiñadas a mellorar a inserción de persoas desempregadas en empresas con compromiso de contratación, que se basé na análise dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e as empresas interesadas en desenvolver cursos adaptados ás súas necesidades. O Concello de Vigo financiará as actividades e actividades formativas, de a participación entre as persoas beneficiarias do Servizo de orientación laboral, alínda que as empresas tamén poden participar neste, e leva un seguimento exhaustivo do seu desenvolvemento. A entidade colaboradora realiza a acción formativa compartimentada a contratación polo menos do 50% do alumnado que resulta satisfactoriamente das actividades, por un período non inferior a tres meses.

Para participar no Plan Formativo que se desenvolverá ata ano 2007, presentárase á Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego un programa e un presupuesto que serán avaliados por este departamento municipal.

O programa recollerá: obxectivo do curso, obxectivos específicos de cada módulo, metodoloxía formativa (contidos teóricos e prácticos e métodos de ensino), etc., de participación e o seu parte, nun, de horas totais de curso desde a súa iniciación a remate do curso, horario, materiais didácticos e lugar de implantación, metodoloxía e avaliación.

O presupuesto incluírá custos directos, custos materiais e custos do alumnado.

Nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 36/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

O prazo para a presentación de solicitudes rematará o 12 de marzo de 2007 e se admitiran accións de formación que se poidan iniciar dende o día en curso na súa totalidade.

Para calquera consulta sobre estas cuestións poder contar co asesoramento permanente do departamento.

Servizo de orientación laboral - GDL
Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego
 Pta. do Bar. núm. 1, 2º andar, 36002 Vigo
 Telfax: 986 310 252 / 805 816 324
 http://emprego.vigo.org

COMUNICACIÓN CIUDADA

A Junta de Goberno Local, na súa sesión de 5 de febreiro de 2007, aprobou a Lei de colaboración do programa para o fomento de actividades de participación cidadá e desenvolvemento socioeconómico, se bases están na oficina de Información do Concello de Vigo.

O prazo de presentación remata o día 12 de marzo de 2007 en 18.30 horas.

Información municipal en www.xornal.vigo.org

010

2.4. PROGRAMAS DE APOIO Á INSERCIÓN LABORAL

2.4.3. ACCIÓNS DE ACOMPAÑAMENTO Á INSERCIÓN

esquema

OBXECTIVOS

Desenvolver actitudes, habilidades e potencialidades que contribúan á eficacia dos proxectos persoais e profesionais; motivar na busca individual de emprego; potenciar a autonomía persoal; propiciar o traballo en grupo, as relacións persoais e a colaboración; crear hábitos para a autoinformación; familiarizar o/a usuario/a no uso das tecnoloxías da información para a busca de emprego.

CARACTERÍSTICAS XERAIS

O itinerario para o acompañamento á inserción divídese en tres tipos diferentes de accións:

1) Cursos de competencias persoais para o emprego.

Intervención práctica no ámbito das habilidades persoais e sociais mediante o achegamento á realidade profesional e persoal das persoas participantes, relacionándoa coa súa utilidade no mercado laboral actual e co seu desenvolvemento profesional.

2) Obradoiros de busca de emprego.

Obradoiros onde as persoas participantes adquiren ou amplían o seu coñecemento das ferramentas básicas empregadas na súa busca activa de emprego, conxuntamente cunha análise previa dos seus obxectivos e do contorno, no marco dun plan de actuación individual de busca.

3) Grupos de busca de emprego.

Estes grupos sitúanse, normalmente, a continuación dos obradoiros anteriores. Neles exemplifícase un proceso de busca de emprego, tendo en conta os aspectos, criterios e técnicas traballadas previamente e facilitando o achegamento aos medios necesarios para o seu desenvolvemento.

DESTINATARIOS/AS

Desempregados/as que, tendo incrementado o seu "nivel de ocupabilidade" mediante a súa participación nalgún dos programas do Plan municipal de emprego (ou en programas semellantes doutras entidades), descoñezan cómo enfrontarse ao mundo laboral e teñan vontade de ter unha disposición activa no seu proceso de integración laboral.

FORMA DE ACCESO

Selección de participantes polo equipo do Servizo de orientación laboral.

EQUIPO

Equipo do Servizo de orientación laboral.

FINANCIAMENTO

Concello de Vigo.
Xunta de Galicia.
Fondo Social Europeo (FSE).

A pretensión do Plan municipal de emprego 2004-2007 foi que todo o persoal participante na grande maioría dos seus programas/proxectos relativos á promoción do emprego por conta allea accédese, cando menos, a un curso de “Competencias persoais para o emprego” coa finalidade de contribuír ao desenvolvemento de habilidades persoais eficaces aplicadas ao mundo laboral.

Así, proxectos específicos como ABEIRO, ALICERCE, ACTÍVATE ou BIAL contemplaron dende a súa xestión este módulo, outorgándolle unha importancia relevante fronte ao resto da formación impartida.

Outros programas, como no caso da “Formación con compromiso de contratación”, adaptaron os contidos xenéricos dun curso destas características ás necesidades do alumnado, particularidades da acción formativa con compromiso de contratación e tipo de emprego, para axustar e aclarar as expectativas e responsabilidades sobre a acción que comezaba, á vez que se revisaban conceptos básicos de comunicación e habilidades relacionados coas funcións que desempeñarían. Ademais, como este módulo, que foi denominado “Cohesión grupal e habilidades sociais”, era impartido pola mesma persoa que titorizaba a formación con compromiso de



A mellora e desenvolvemento das competencias persoais para o emprego, completa os procesos de procura de emprego-orientación, formación, inserción-

CONTIDOS XENÉRICOS CURSO “COMPETENCIAS PERSOAIS PARA O EMPREGO”

COMPETENCIAS ACTITUDINAIS	<p>Autoconecemento e autoestima: concepto, adquisición. A seguridade persoal. Estratexias para a mellora da autoestima.</p> <p>Comunicación Interpersonal: definición, a comunicación verbal e non verbal, escoita activa.</p> <p>Estilos comportamentais: asertivo, pasivo,...</p> <p>Desenvolvemento das habilidades sociais: facer e recibir cumpridos, críticas, peticións, inicio, mantemento e remate de conversación.</p>
COMPETENCIAS PROFESIONAIS E SOCIAIS	<p>Traballo en equipo: características, roles no grupo de traballo.</p> <p>Conflicto: definición, efectos e consecuencias, solución de conflitos.</p> <p>Toma de decisións: vantaxes e desvantaxes, proceso.</p> <p>Planificación: persoal, profesional: a planificación e a organización do tempo.</p>
TRANSVERSALIDADE	<p>Análise de xénero.</p>



As habilidades persoais relacionadas co mundo laboral son, para os colectivos participantes no PME 04-07, de enorme importancia de cara a unha inserción efectiva

contratación, facilitaba a relación e o seguimento posterior das dificultades que puideran xurdir.

Pola súa parte os “Obradoiros de busca de emprego” formuláronse coa finalidade de contextualizar o mercado laboral do contorno próximo e as súas posibilidades, e foron impartidos ao finalizar a relación do persoal beneficiario cos programas, como complemento á orientación laboral individual recibida.

CONTIDOS ESPECÍFICOS MÓDULO “COHESIÓN GRUPAL E HABILIDADES SOCIAIS” PARA ACCIÓNS FORMATIVAS

Axuste de expectativas ante a acción formativa.

Asunción de responsabilidades.

Diagnóstico competencial: puntos fortes e débiles.

Habilidades sociais: Autoestima, pensamento, comportamento. A crítica.

Comunicación: Estilos comportamentais e diagnóstico individual.

Traballo en equipo.

Resolución de conflitos. Mecanismos e exercicios prácticos.

Toma de decisións.

CONTIDOS XENÉRICOS “OBRADOIRO DE BUSCA DE EMPREGO”

O mercado laboral
O marco español.
O marco galego e o contexto da Mancomunidade de Vigo.
O marco europeo.

Características máis importantes: mobilidade, feminización do desemprego, temporalidade, idade e formación.

Análise da situación laboral da muller nos mercados laborais.

Análise sectorial da presenza da muller no mercado laboral galego.

Migracións e o mercado laboral.

Formación Profesional Ocupacional.

Servizo de orientación laboral no marco do Plan municipal de emprego.

Servizo de orientación do Servizo Público de Emprego.

Canles de obtención de información na busca de emprego.

Novas tecnoloxías aplicadas á busca de emprego.

Inés Fernández Play

Beneficiaria de Acci3ns de acompañamento á inserci3n

¿Recibiches alg3n tipo de formaci3n ao inicio do teu traballo? Cal?

Antes de incorporarme ao posto de traballo no Concello de Vigo explicáronme o funcionamento do programa no que ía participar a nivel xeral, obxectivos e metodoloxía para seguir, ademais de informaci3n doutros programas que se levan a cabo en Emprego.

Tamén recibín unha formaci3n básica en Habilidades Sociais, así como sobre o manexo inicial na área de informática, concretamente no contorno Windows, correo electrónico e procesador de textos. Unha vez no posto de traballo, orientouseme sobre os labores que se levaban a cabo dentro do departamento, e concretamente os labores para realizar por min.

¿Da formaci3n recibida en Habilidades Sociais, cales foron os contidos máis positivos para o teu desenvolvemento profesional?

Na miña maneira de ver as cousas, todo o contido do curso de Habilidades Sociais foi positivo. Máis ao que lle tirei máis partido, pois son unha persoa bastante tímida, é a mellora das relacións cos compañeiros e compañeiras de traballo. Mellorei habilidades de comunicaci3n, tanto a nivel telefónico, persoal como por escrito. Así mesmo, no desenvolvemento da miña expresividade á hora de ter que responder ás dúbidas formuladas polo público e relacionadas co meu traballo, ampliándose isto á miña vida persoal en xeral.

Igualmente axudoume na organizaci3n do meu traballo e no manexo do estrés e adaptaci3n ás condicións laborais ante a aglomeraci3n de tarefas que poidan xurdir nun momento determinado, así como a desenvolverme mellor nos labores encomendados polo meu superior.

No referente ás relacións entre compañeiros, estas habilidades sociais, axudáronme a saber manexar os conflitos que puideron xurdir no ámbito laboral e atopar a mellor maneira de solucionarlos con éxito.

A nivel persoal aportáronme unha maior seguridade en min, a sentirme máis útil e a valorarme, a saber organizar mellor o meu tempo, e a asumir máis responsabilidades.

¿Axustouse a formaci3n ás túas necesidades iniciais? ¿Incorporarías alg3n tipo diferente de formaci3n?

Axustouse moitísimo, posto que coas tarefas




desempeñadas podo encamiñar a miña traxectoria laboral á área que eu desexo. Foi de utilidade todo o traballo desenvolvido nestes meses.

Polo contrario, teño que dicir que debería existir unha maior organizaci3n da planificaci3n do programa, posto que non todos os días tiña tarefas que realizar e, ás veces, acumulábase de golpe.

¿Durante o desenvolvemento do teu contrato recibiches máis formaci3n? ¿En que consistiu? ¿Cal pensas que deberías ter recibido?

A formaci3n recibida durante o meu contrato consistiu na mellora do dominio de mecanografía, na tramitaci3n de correspondencia, na atención de chamadas telefónicas de entidades vencelladas ao meu departamento como do público en xeral, así como no arquivo e xestión de documentaci3n informática.

No referente a habilidades sociais gustárame ter asistido a máis cursos durante o meu contrato laboral.



RESUM O EXECUTIVO D O S PROGRAMAS /SERVIZOS

PARTICIPACIÓN NOUTROS
PROGRAMAS RELATIVOS
AO EMPREGO

3.1. INICIATIVA COMUNITARIA EQUAL-PROXECTO CONTA CON ELAS

3.1.

INICIATIVA COMUNITARIA EQUAL-PROXECTO CONTA CON ELAS

esquema

OBXECTIVOS

Diminuír a discriminación e a desigualdade entre homes e mulleres no contorno laboral. É dicir, que as mulleres poidan acceder a postos de responsabilidade e a profesións masculinizadas.

A sensibilización é o eixo central do proxecto, especialmente a sensibilización empresarial e laboral para minorar a segregación laboral das mulleres, favorecendo o cambio na percepción da posición que as mulleres poden ocupar no mercado de traballo.

En todas as accións aplícase a igualdade de oportunidades, o respecto ao medioambiente e as novas tecnoloxías.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

PARA AS MULLERES

A reafirmación do obxectivo profesional das mulleres formadas en profesións especialmente masculinizadas para facilitar a súa incorporación no mercado laboral.

Impulso da creación de empresas innovadoras e de economía social promovidas por mulleres.

A creación dun banco de socias virtual que favoreza o investimento en proxectos empresariais promovidos por mulleres.

O banco do tempo, unha experiencia mediante a prestación de servizos de intercambio que facilita a conciliación da vida persoal, profesional e laboral.

PARA AS EMPRESAS

Plans de igualdade de oportunidades nas empresas.

Plans de formación para promocionar ás traballadoras no seu posto de traballo.

Recoñecemento público ás empresas que apliquen medidas de acción positiva.

Creación dunha rede de empresas pola igualdade.

Foros en empresas e formación a persoas responsables de recursos humanos sobre igualdade de oportunidades.

Campañas publicitarias sobre diversificación profesional.

PARA AS INSTITUCIÓNS

Impulso do papel das administracións como dinamizadoras en materia de igualdade de oportunidades.

Asesoramento técnico para fomentar a aplicación transversal de xénero: cláusula da igualdade.

PARA A SOCIEDADE

O Bus da igualdade con material divulgativo e audiovisual para a sensibilización do contorno social, educativo e laboral dos concellos da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV).

Centros de asesoramento especializado en materia de xénero.

Formación dirixida a axentes sociais e do ámbito educativo co fin de diminuír a segregación no contorno laboral e facilitar unha elección formativa e profesional non condicionada por estereotipos de xénero.

Fomento da negociación colectiva dende a perspectiva de xénero.

DESTINATARIOS/AS

Mulleres desempregadas formadas en profesións con escasa presenza feminina ou que queiran iniciarse ou perfeccionarse no sector medioambiental.

Mulleres desempregadas ou ocupadas que queiran ser empresarias no ámbito da economía social e/ou das novas tecnoloxías.

Mulleres con posibilidade de promover a postos de responsabilidade na empresa na que traballan.

Empresas, institucións e sociedade en xeral da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

RESPONSABLE DO PROXECTO

Agrupación de Desenvolvemento (AD) AREA METROPOLITANA DE VIGO

ENTIDADES ASOCIADAS

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo
Comisións Obreiras (CC.OO)
Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP)
Confederación Intersindical Galega (CIG)
Deputación Provincial de Pontevedra
Fundación Caixanova
Unión Xeral de Traballadores (UGT)
Universidade de Vigo

FINANCIAMENTO

Orzamento total: 2.713.499,84 €
Fondo Social Europeo (FSE) o 75% do orzamento e Agrupación de Desenvolvemento o 25% restante

O Concello de Vigo, como entidade integrada na Mancomunidade de Vigo forma parte da Agrupación de Desenvolvemento (AD) que xestiona este proxecto europeo encadrado na Iniciativa comunitaria Equal do Fondo Social Europeo.

Aínda que a área de traballo do proxecto "Conta con elas" abrangue toda a MAIV, o Concello de Vigo foi o lugar de realización dalgunhas actuacións específicas, como o Bus da Igualdade, que se estableceu en diferentes zonas da cidade (Coruxo, Saiáns, Teis, Bouzas, Praza de América, rúa Aragón e rúa do Príncipe) para divulgar as súas actividades sobre a promoción da igualdade entre homes e mulleres á cidadanía de Vigo e, en especial, á poboación en idade escolar.





Tamén, e en colaboración coa Concellaría da Muller, o proxecto puxo en marcha unha exposición no museo Verbum-Casa das Palabras denominada **“O planeta da Igualdade”**. Esta exposición, localizada nos cubos “M” e “LL”, concíbese como un espazo interactivo onde as rapazas e os rapaces dos colexios aprenden xogando cal é o significado que ten a igualdade entre mulleres e homes nos distintos ámbitos da nosa sociedade.



Fondo Social Europeo




3.2. CONVENIOS DE COLABORACIÓN

3.2.
CONVENIOS DE COLABORACIÓN

Contratos ACCEDER-VIGO
(Fundación Secretariado Gitano)

ANO	XITANOS/AS	NON XITANOS/AS	TOTAL
2004	65	38	103
2005	29	20	49
2006	68	41	109
2007	33	28	61
TOTAL	195	127	322

Evolución de usuarios/as ACCEDER-VIGO
(Fundación Secretariado Gitano)



O Plan municipal de emprego 2004-2007 contempla a sinatura de convenios de colaboración con entidades que traballan no mesmo ámbito, cunha intención integradora, e menciona especificamente, a colaboración coa Fundación Secretariado Gitano e, tamén, coa Fundación Ecca Galicia.

“Fundación Secretariado Gitano”

A colaboración coa “Fundación Secretariado Gitano”, comezou xa no 2001, cando esta se denominaba “Asociación Secretariado General Gitano”. A través de convenios renovados cada ano ata a actualidade, regúlase a colaboración da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo coa devandita fundación nas accións dirixidas á loita contra as graves dificultades de integración laboral da poboación xitana, no marco do programa plurirrexional de loita contra a discriminación do Fondo Social Europeo 2000-2006.

Esta colaboración, que se desenvolve de forma moi satisfactoria, non só consiste na derivación ao dispositivo ACCEDER da Fundación en Vigo de beneficiarios/as de etnia xitana/cigana (ou do seu contorno) que acoden ás instalacións municipais na busca de emprego, senón que, ademais, concrétase con outras estruturas de participación como a colaboración en xornadas divulgativas ou encontros relacionados con esta etnia.


Paralelamente, no desenvolvemento dos diferentes programas ou proxectos que conforman o PME, existe unha coordinación fluída entre a concellaría e o dispositivo ACCEDER en canto ao seguimento continuado e regular do persoal beneficiario de etnia xitana/cigana e ao seu apoio nos procesos personalizados de inserción laboral e social.



Fundación Ecga Galicia


O convenio de colaboración coa fundación Ecga Galicia, asinado xa a finais do ano 2000 e renovado cada ano ata a actualidade, regula a colaboración coa Fundación ECCA Galicia, co obxecto de cooperar nos programas de formación promovidos pola devandita entidade e destinados, na súa maioría, a dous dos colectivos con maiores dificultades na súa integración laboral (mulleres, xente nova ...), que o Plan municipal de emprego tamén considera preferentes.

No marco deste Plan, o Servizo de Orientación Laboral (SOL) informa e divulga, entre as súas persoas beneficiarias, os programas formativos da Fundación, derivando a aquelas que cumprisen co perfil previamente definido.



Ademais, o Concello de Vigo colabora coa *Fundación Galega do Metal para a Formación, Cualificación e Emprego (FORMEGA)*, constituída, entre outras razóns, para dar continuidade ás actividades que viñan desenvolvendo nos últimos anos os antigos Fondos de Promoción de Emprego, disoltos no ano 2002. Esta fundación persegue entre outros fins, conseguir o perfeccionamento e cualificación profesional do persoal traballador e empresarial.

Así, o Concello de Vigo cedeu en uso a FORMEGA os locais da súa propiedade denominados “Mercado de Cabral” durante vintecinco anos, para o desenvolvemento de actividades de formación e promoción de emprego e animación socio-económica e cultural. FORMEGA, en contrapartida á cesión do devandito inmovible, terá en conta na programación das súas actividades neste centro que, ben mediante o uso das instalacións, ben mediante a asistencia técnica de formadores e técnicos, o Concello de Vigo poderá utilizar de xeito gratuíto os recursos da fundación nunha cantidade anual estimada equivalente a 500 horas.



INFRAESTRUTURAS E SERVICIOS X ER AIS

INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS XERAIS

Para o desenvolvemento das accións incluídas no PME 04-07, o Concello de Vigo pon a disposición do persoal técnico e do persoal beneficiario, as **infraestruturas físicas** e **elementos técnicos de xestión** necesarios nunhas mínimas condicións de calidade. De todos os xeitos, é evidente que os programas de emprego requiren infraestruturas físicas adecuadas, polo que o investimento e a asignación de fondos para estes fins debe ser maior que a destinada ata hoxe, para o que terá que medrar a consideración que, no conxunto da organización municipal, teñen este tipo de actividades de fomento do emprego, compatibilizando isto co conxunto de prioridades do concello establecidas polo Goberno municipal.

En canto aos **elementos técnicos de xestión do PME**, destacar o desenvolvemento dun aplicativo específico de xestión do persoal beneficiario, funcionando a xeito de intranet do departamento. Tomando como base o aplicativo que desenvolveu o proxecto Compás-Equal (executado pola AD Área Metropolitana de Vigo no anterior período de Iniciativas Comunitarias) para a xestión dos seus participantes, a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego encargou a súa adaptación ás características do PME para que, cun cumprimento estrito da Lei orgánica de protección de datos, o persoal técnico responsable da xestión dos programas e proxectos posúira unha maior capacidade de interacción co persoal beneficiario, dun xeito máis doado e completo. Os traballos de deseño, proba e comprobación ocuparon boa parte da duración do propio PME.

No relativo á primeira das cuestións citadas, as **infraestruturas físicas**, indícanse a continuación os espazos destinados á aplicación das políticas activas de emprego no ámbito municipal vigués.

4ª planta da Casa do Concello

Praza do Rei s/n, VIGO

Sede dos servizos centrais da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, e espazo de atención personalizada do SOL e SAE. Xefatura, coordinación, servizos administrativos e sala de reunións-biblioteca, completan a súa distribución.





**Centro de Empleo Rivera Atienza -CERA-
Avda Martínez Garrido 21 -int. baixo-, VIGO**

Sede dos proxectos de Subvención Global FSE (Abeiro, Alicerce e Actívate); ademais de permitir a ubicación dos servizos de xestión e administrativos destes proxectos, posúe dúas aulas así como espazos para atención personalizada.






Escolas obradoiro "Mar de Vigo"

Estrada do Bao 151, CORUXO-VIGO


Nave en réxime de aluguer polo Concello de Vigo para o desenvolvemento destes proxectos. Dispón de espazo para oficinas e administración, aulas e obradoiros. Pola súa proximidade ao mar e á praia do Bao, resulta un lugar idóneo para a promoción das actividades náuticas e, polo tanto, está en estudo a súa adquisición en propiedade polo concello.



Obradoiros de emprego "Vigozoo"

Parque das Ciencias-Vigo Zoo, A MADROA-VIGO

O Organismo Autónomo Local "Parque das Ciencias Vigo Zoo" pon a disposición desta concellaría os espazos necesarios para o desenvolvemento destes proxectos, polo que dispoñen de aulas, oficinas e obradoiros para cada unha das súas especialidades.




Programa BIAL-Parque Central de Servizos do Concello de Vigo

Rúa Bagunda 1, VIGO

Nas instalacións municipais do Parque Central sitúanse as brigadas deste programa municipal de emprego: vestiarios, aulas, oficinas e todas as necesidades loxísticas para o correcto funcionamento desta complexa iniciativa, son cubertas grazas á colaboración do Parque Central de Servizos.






Enclave municipal para a promoción do emprendemento e a creación de empresas-EMPECE-

Rúa Cánovas del Castillo, 2, VIGO

Recén rematada a rehabilitación do edificio que anteriormente albergaba a Escola de hostalaría, dedicarase ao asesoramento a emprendedores/as para a creación de novas empresas e contará, en colaboración co Proxecto "Conta con elas" da Mancomunidade de Vigo, cunha incubadora municipal de empresas nunha das súas 4 plantas: Espazo para mulleres emprendedoras-EME-.



Centro municipal de formación en novas tecnoloxías de información e comunicación -CITIC-

Rúa San Vicente 3 -esquina Méndez Núñez- VIGO

Singularmente, pola importancia e repercusión horizontal das súas actividades, desenvólvese con maior extensión o referido a esta última infraestrutura municipal, seguindo o esquema do resto de proxectos.

CITIC (CENTRO MUNICIPAL DE FORMACIÓN EN NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN)

esquema

OBXECTIVOS

Alfabetización informática do persoal beneficiario dos distintos programas/proxectos do Plan municipal de emprego e formación dos/as emprendedores/as mediante ferramentas informáticas.

CARACTERÍSTICAS XERAIS

O edificio conta con varias dependencias multiuso repartidas nas 3 plantas que compoñen o centro, así como coas dotacións necesarias para o seu funcionamento: ascensor, aseos, acceso a Internet de banda ancha,...; e está adaptado para persoas con discapacidades físicas.

No andar baixo, un amplo recibidor é empregado para recepcións e como lugar de espera, e da paso aos niveis superiores do edificio, así como ao salón de actos que, cunha capacidade para cóseque 80 persoas, está dotado de acceso a Internet de banda ancha, proxector e pantalla para exposicións ou presentacións e, de ser o caso, 6 mesas de traballo que se colocan cando así se precisa.

No 1º andar, ademais de dous despachos usados polo persoal do centro, atópase unha gran sala diáfana con múltiples usos, dotada de acceso á banda ancha de Internet e con varias tomas de voz e datos integradas. Ademais atópase a aula informática empregada para a formación nas novas tecnoloxías polos beneficiarios/as dos proxectos e programas da área de Emprego. A aula tamén conta con acceso a Internet para os 16 postos informáticos que a compoñen, así como de impresoras a cor e láser, escáner, encerado, proxector e pantalla de proxeccións.

No último andar está o centro de datos que aloxa un servidor web usado pola área de Emprego, e a aula-taller destinada a servir de obradoiro para actividades prácticas de mantemento e montaxe de ordenadores.

DESTINATARIOS/AS

Beneficiarios/as do Plan municipal de emprego.

FORMA DE ACCESO

Derivación dende cada programa/proxecto.

EQUIPO

Coordinador-responsable do centro e, no seu caso, profesorado específico.

FINANCIAMENTO

Concello de Vigo e, no seu caso, outras entidades.



O CITIC converteuse nun elemento máis de dinamización do Casco Vello

O centro municipal de formación en novas tecnoloxías da información e comunicación, situado en pleno Casco Vello (rúa San Vicente nº 3-esquina Méndez Núñez) tivo a súa orixe na rehabilitación da antiga Casa Rectoral, dentro das obras previstas no Programa operativo URBAN-Casco Vello, con vixencia entre 1994 e 2000.

O edificio, en estado ruinoso, foi cedido por 25 anos ao Concello de Vigo para a súa rehabilitación, polo Bispado de Tui-Vigo mediante un convenio no que se especificaba o seu uso como centro de formación, con carácter prioritario, e auditorio para actividades culturais e sociocomunitarias.

En 2001, a proposta da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, o edificio destínase a Centro de formación en novas tecnoloxías. Ademais, este destino formativo semellaba moi adecuado na situación proposta



O centro municipal de formación en novas tecnoloxías da información e comunicación tivo a súa orixe na rehabilitación da antiga Casa Rectoral

xa que permitía unha actividade de futuro no Casco Vello, que contribuíría á dinamización social do barrio.

Así mesmo, o decisivo papel que están a xogar as novas tecnoloxías da información e comunicación (TIC's) na vida diaria e, principalmente, na actividade económica e no emprego, aconsellan que dende a administración pública se apoie e poña en disposición da cidadanía os recursos e equipamentos precisos para producir un achegamento e familiarización co uso destas ferramentas.

A Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV) facilitou en grande medida a creación do centro coa cesión do mobiliario e material de hardware e software adscrito ao Proxecto PEGASO-ADAPT, desenvolvido por esa entidade e nesas datas xa rematado.

Así, o CITIC comezou a súa andadura coa pretensión de que unha grande maioría do persoal beneficiario do Plan municipal de emprego recibira, nas súas aulas, polo menos unhas noicións básicas de informática que contribuíran á súa familiarización con este contorno. Pero, coa contratación dun **coordinador-responsable** para este centro, con titulación informática, esta pretensión fíxose pequena e o CITIC comezou a necesitar o uso dun **formulario de solicitude** para utilizar as súas instalacións e, máis adiante, incluso ata un **calendario web** coa finalidade de aproveitar ao máximo as súas potencialidades.

Pola súa aula de informática equipada para 16 postos informáticos pasaron **703 beneficiarios e beneficiarias** dos distintos programas de emprego; algúns recibiron unicamente **alfabetización informática** como o alumnado das escolas obradoiro, obradoiros de emprego, programa BIAL, proxectos Abeiro, Alicerce e Actívate, etc., e, noutros casos, foron formados en áreas **especializadas** acordos co seu itinerario ocupacional ou necesidades, como o módulo de "Informática aplicada e mecanografía" para o curso de "Teleoperador/a".

No caso do persoal emprendedor a formación recibida



O centro serviu para ubicar actividades diversas no corazón do Casco Vello vigués, tanto de impulso municipal como de entidades do propio barrio histórico



A utilización das novas tecnoloxías da información e comunicación, criterio transversal do PME 04-07, concretouse en multitude de accións de alfabetización

neste centro dirixíuse á súa capacitación empresarial, aínda que utilizando como ferramenta as novas tecnoloxías (Seminarios de “Xeración de ideas”, “Plan de empresa” ou “Internet como ferramenta empresarial”).

Paralelamente, e co obxectivo da dinamización do Casco Vello, o salón de actos utilizouse para diferentes actividades como: **xornadas formativas** (“Introdución á Lei de protección de datos”, “Obradoiro de drogodependencias”, formación interna do proxecto Conta Con Elas; xornadas transnacionais do mesmo proxecto; “Creación de Bancos do tempo”; “A igualdade de oportunidades no ámbito laboral”; “Tramitación de permisos de traballo por conta propia”;...); ou **xuntanzas de diferentes tipoloxías** (de técnicos/as locais de emprego que traballan na área de Vigo, de voluntariado, da Asociación de comerciantes e hostaleiros do Casco Vello; do Consorcio do Casco Vello; presentación de diferentes programas e proxectos; actos de entrega de diplomas; ...).



O salón de actos, con capacidade para unhas 80 persoas, é, xunto coa aula informática, o espazo do edificio con máis demanda de uso

Montserrat Fernández Cañamero
docente de diferentes cursos de informática no CITIC



¿Que opinión que che merece o Centro respecto ás infraestruturas, equipamento informático ou complementario para a docencia de materias relacionadas co mundo das TIC, que é o campo no que estiveches traballando aquí?

O equipamento informático pareceume axeitado. En todo momento, cando houbo algún problema cos ordenadores subsanouse enseguida. En canto ás aplicacións informáticas non tivemos tampouco ningún problema porque xa estaban correctamente preinstalados todos os programas dos que ía dar a formación. A aula pareceume moi adecuada: os alumnos tiñan espazo dabondo para desenvolver as actividades sen tropezos. Quizais a cuestión da temperatura na aula foi o problema máis importante que houbo: no verán pasamos moita calor xa que as fiestras son difíciles de abrir, mentras que no inverno facía un pouco de fresquiño. En canto ás instalacións informáticas parecéronme axeitadas. Se cadra, houbese estado ben poder dispoñer dunha impresora en cor e, o acceso á aula polas escaleiras, en principio, non era o mellor porque había xente con minusvalías, pero subsanouse coa posta en funcionamento do ascensor.

¿Que expectativas tiñas cando chegaches ao Centro? ¿Pensabas que o equipamento sería así?

Eu xa coñecía o Centro: sabía, un pouco, o equipamento que tiña... Realmente, non botei nada en falta. Para a formación que dimos pareceume axeitada, os ordenadores funcionaron relativamente ben..., poderíamos dicir que ben, porque cando houbo algún problema ti o solucionabas rapidamente. Así, en canto ás cuestións técnicas non tivemos problemas e no aspecto do software tampouco, xa que moitos dos cursos eran moi básicos. E, comparativamente, esta aula está bastante ben dotada...

En canto ao alumnado que tiveches no Proxecto...¿que expectativas, que idea tiñas de como sería ese alumnado: partiría de cero, pensabas que estarían máis/menos cualificados, con mellor/peor disposición,...? ¿Sorprendeute nalgún aspecto?

Non, porque estos cursos de formación, normalmente, non soen ser moi homoxéneos... É rara a persoa que nunca tocou un ordenador, pero... habelas, hainas. E había de todo nos grupos: xente que nunca tocara un ordenador e que logo sorprendíase de ver como era capaz de entender o xeito de comunicarse co ordenador, de ver para que servía... E eu creo que todos lle sacaron beneficio: os que non tiñan coñecementos de informática atoparon na formación que recibiron unha ferramenta importante, unha ferramenta a ter en conta e que lles serviría máis adiante tanto para a súa formación laboral como persoalmente; porque normalmente, hoxe en día, en todas casas hai un ordenador, e se non en todas as casas hai un sobriño, neto, ou alguén próximo que o ten, e o


feito de verse capaces de acendelo e manexarse minimamente con el é algo importante para eles. E a xente que xa tiña coñecementos previos puido profundizar máis neles. Entón, penso que os obxectivos cumpríronse en todos os grupos: os que viñan a unha formación específica, como por exemplo os do módulo de Tele-operador/a, remataron cuns coñecementos de informática suficientemente amplos como para poder manexarse con soltura; e aqueles aos que lles proporcionamos unha formación básica, polo menos perderon o medo ao ordenador e agora son quen de manexarse un pouco.

¿Cres que o alumnado rematou contento, ... defraudado,...? En definitiva, ¿que grado de satisfacción amosaron ao remate da súa formación?


Eu creo que saíron contentos en xeral. O único que eles comentaban era que para os cursos era pouca formación; era pouco tempo. Ao ver que canto máis sabían, todavía tiñan moito máis que aprender, decatábanse de que pouco a pouco, os seus coñecementos lles reclamaban máis formación... Creo que houbo xente que lle tería gustado que os cursos fosen algo máis amplos.

Os módulos informáticos que impartiches foron para varios itinerarios profesionais, en principio, totalmente desvinculados do mundo das TIC: auxiliar de axuda a domicilio, experto/a en limpeza... ¿Que importancia pensas que ten este tipo de formación nuns ámbitos nos que non parece que sexan moi aproveitables?

É unha ferramenta máis, como poida ser a vasoira ou como calquera outra... Ademais, o acceso á información é algo moi valorable: que eles saiban que cando necesitan algunha información, grazas a Internet, pódena conseguir rapidamente...; iso, indubidablemente, para a súa formación laboral é importantísimo.



ANEXOS



ANEXO 1

OBRAS REALIZADAS POLO PROGRAMA BIAL, DIFERENCIADAS POR PARROQUIAS

ALCABRE

Construción de gabias e rebaixes de beirarrúas nos accesos dos estacionamentos da praia de Samil.

Construción de rebaixes de beirarrúas que permitan o acceso e a saída de vehículos a estes aparcadoiros e construción de gabias para a recollida de augas pluviais.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

**Instalación de duchas e sumidoiros na Praia de Samil.**

Instalación de 6 duchas (unha delas para discapacidade), con construción das respectivas bases en madeira, bordos en pedra e das canalizacións necesarias (acometida e saneamento). Axardinamento dos entornos destas duchas.

Departamento solicitante: Medio ambiente.

**Reparacións no paseo de Samil.**

Reparación e substitución do pavimento de terrazo existente que estaba roto, así como das pezas de lastro da ablaquea. Demolición de ramplas de acceso a zonas de piscina, para posterior construción de xardineiras.

Departamento solicitante: Medio ambiente.

**Instalación de ducha na praia de Carril.**

Instalación de ducha nesta praia, ampliación do xardín próximo e remodelación das varandas. Reforzo do poste de iluminación.

Departamento solicitante: Medio ambiente.

Instalación de mastros nas praias do Vao e Fontiñas.

Construción de 5 bases de formigón e colocación de 3 mastros na praia do Vao e 2 na de Fontiñas, para a elevación de bandeiras.

Departamento solicitante: Medio ambiente.





Reacondicionamento de varandas na avda. Atlántida.

Rehabilitación e reacondicionamento de 61,85 m. de varanda.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

Pavimentado.

Pavimentado da parada do autobús da Praia dos Olmos, dos aparcadoiros detrás do Hotel Samil e da rúa Suso Vaamonde Polo.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

BEADE

Cambio de tendido eléctrico e novos puntos de luz en Beade.

Cambio do tendido eléctrico do alumeadado público e instalación de novos puntos de luz nesta parroquia.

Departamento solicitante: Electromecánicos.

Pavimentado.

Limpeza e aglomerado de: Camiño Quinta, Lagos, Fonte Escura Interior, nº 15 do Cño. Solombo, Mancoña e Alen.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

BEMBRIVE

Construción de bases de farois na Estrada de Bembrive.

Construción de dúas bases de farois de dimensión 50x50x800cm.

Departamento solicitante: Electromecánicos.

BOUZAS

Obras de acondicionamento dun parque infantil nas inmediacións da praia de Fontoura.

Construción dun parque infantil, recolocación de pedras na rampla existente cara ao mar e

reacondicionamento do brañal con xabre e instalación de canalización de drenaxe. Reacondicionamento da fonte de pedra existente.

Departamento solicitante: Montes, Parques e Xardíns.

Instalación de duchas na praia de BOUZAS.

Instalación de ducha nesta praia.

Departamento solicitante: Medio ambiente.

CABRAL

Mellora do alumeadado público desta parroquia.

Mellora consistente no cambio do tendido eléctrico e de lámpadas do alumeadado público nesta parroquia. Instalación de 20 novos puntos de luz.

Departamento solicitante: Electromecánicos.

Canalización augas pluviais no Gorxal.

Construción dun muro de formigón de reforzo e de bloques para o lavadoiro aló construído e dunha soleira de formigón de 6 x1,6 m. Reacondicionamento do lavadoiro e impermeabilización da súa cuberta. Construción e instalación dunha varanda de aceiro galvanizado de 7,12 m de lonxitude.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

Limpeza e reapertura de gabias.

Limpeza e desbrozado das dúas gabias, con máquinas rozadoras e medios manuais, incluíndo a retirada de escombros con camión grúa con culler, e transporte destes ao vertedoiro dos seguintes camiños:

Camiño Mancoña: de 400 m de lonxitude.

Camiño das Cerxeiras: de 200 m de lonxitude.

Rúa Carballal: de 640 m de lonxitude.

Camiño María Soa: de 400 m de lonxitude.

Camiño Gondarisco: de 700 m de lonxitude.

Camiño Sanín: de 500 m de lonxitude.

Camiño Chamuscada: de 600 m de lonxitude.

Camiño Real: de 250 m de lonxitude





Camiño Becerreira: de 200 m de lonxitude
 Camiño Xalon: de 600 m de lonxitude
 Subida a Cotogrande: de 600 m de lonxitude
 Camiño do Monte: de 100 m de lonxitude
 Mestre Alfredo González Fernández: de 280 m de lonxitude
 Camiño Alba: de 600 m de lonxitude
 Camiño Seixo: de 100 m de lonxitude
 Santa Marina: de 1120 m de lonxitude
 Camiño Sardomela: de 250 m de lonxitude
 Camiño Río Mao: de 200 m de lonxitude
 Camiño Río Vello: de 210 m de lonxitude
 Camiño da Lomba: de 400 m de lonxitude
 Camiño da Rinxela: de 250 m de lonxitude
 Camiño das Patas e camiño achegado a este: de 1050 m de lonxitude
 Camiño das Rans: de 310 m de lonxitude
 Camiño do Carballal e C. Interior: de 660 m de lonxitude
 Camiño do Parada: de 200 m de lonxitude
 Camiño do Canto: de 115 m de lonxitude
 Departamento solicitante: Limpeza.

Pavimentado.

Rúa Carballal, María Soa, Canto, Curuxeiras, Fixón.
 Trv. do Camiño Cernades, Goxal e Real.
 Departamento solicitante: Vías e Obras.

CANDEÁN

Construción de beirarrúa no Camiño Devesa.

Construción de beirarrúa de formigón (no contorno da AVV de Candeán) de 1,50 m de ancho e 70 m de lonxitude, con canalización eléctrica para alumeado público.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

Construción de xardín na entrada do VigoZoo, na Praza dos Leóns.

Axardinamento dos terreos pegados ao Zoo no seu flanco dereito ata a rotonda, incluíndo esta.

Departamento solicitante: Medio ambiente.

Pavimentado.

Limpeza e canalización dun foxo e aglomerado e limpeza da Pista no Monte Vixador. Aglomerado de: Camiño Cabo, Camiño Fonte das Bechas, Cño. Gatiñeira, Camiño Lagos e Gondomar. Limpeza de: rúa Rabadeira, Camiño Solombo, Esqueiriña, San Cristobo e Salgueiro.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

CASTRELOS**Remodelación das gradas do Auditorio de Castrelos.**

Reacondicionamento das gradas deste auditorio, con recolocación das pedras, limpeza exhaustiva das herbas existentes e remodelación con grava.

Departamento solicitante: Parques e Xardíns.

Reparacións de fontanaría no Parque de Castrelos.

Reparacións diversas e revisións xerais na instalación de fontanaría deste parque: fugas, tubos, regulación de aspersores, tomas de rego, ...

Departamento solicitante: Parques e Xardíns.

Remodelación no contorno do Pazo de Castrelos.

Remodelación das reixas situadas na entrada do Pazo. Canalización eléctrica de 415 m para a nova instalación eléctrica da zona con instalación de novos farois. Colocación de pavimento de lousa en tiras con morteiro de cemento, entre pavimento de granito existente. Reacondicionamento e perfilado de 270 m² de camiño en xabre. Colocación de mastros para bandeiras. Reconstrución de muro, bancos e mesa de pedra.


Departamento solicitante: Patrimonio Histórico.

Xardinaría no Parque de Castrelos.

Colocación de 164 plantas da tempada.

Departamento solicitante: Montes, Parques e Xardíns.





Reacondicionamento das varandas do Parque de Castrelos.

Reconstrución, tratamento antióxido e pintado das varandas de forxa en cor verde inglés, nas zonas do estanque e da ponte sobre o río Lagares (128,75 m de lonxitude).

Departamento solicitante: Montes, Parques e Xardíns.

Remodelación da caseta de aseos do Parque de Castrelos.

Limpeza da pedra da fachada e a cuberta e posterior reacondicionamento das mesmas, así como da carpintería de madeira existente.

Departamento solicitante: Montes, Parques e Xardíns.

Pavimentado.

Limpeza, aglomerado e selado do Camiño Monte da Serra. Limpeza e aglomerado do Camiño Nogueira. Recrecido do paso de peóns no Camiño Telleira. Selado de xuntas na Rúa Mestres Goldar.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

COIA

Modificación de beirarrúas, construción de rampla e reposición de pavimento en zona axardinada na rúa Cangas.

Recuperación das antigas beirarrúas desta rúa, construción dunha rampla para unir os niveis distintos de beirarrúa e reposición dunha pequena zona axardinada para completar a beirarrúa existente.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

Beirarrúas no estacionamento da Rúa O Grove (detrás do INSS).


Construción de beirarrúas de formigón con acabado fratasado e canalización de pluviais, unha rampla de acceso para minusválidos/as e unha escaleira para o acceso do estacionamento á rúa.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

Construción de rampla de acceso ao Centro Comercial de Coia III.

Construción desta longa rampla na zona axardinada para servir de acceso a este Centro Comercial e instalación de farois. Construción de 7 banzos de formigón.

Departamento solicitante: Vías e Obras.



Construción de rampla de Castelao con Rosal.

Construción desta rampla na zona axardinada co obxectivo de facilitar o acceso ás rúas Castelao e Rosal.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

Axardinamento das plataformas situadas na rúa Baiona.

Axardinamento con instalación de rego incluída destas plataformas.

Departamento solicitante: Montes, Parques e Xardíns.



Canalización de alumeado público na rúa Vilagarcía.

Canalización eléctrica do alumeado público nesta rúa.

Departamento solicitante: Electromecánicos.

Canalización de alumeado público na rúa Salvaterra.

Realización de canalización para o alumeado público e instalación dun novo farol.

Departamento solicitante: Electromecánicos.

Construción de ramplas de accesibilidade en Caldas de Reis interior.

Obra consistente na reparación do pavimento, construción de ramplas de accesibilidade e reparación e pintado de varandas na zona comprendida entre a avda. de Castelao e as rúas Caldas de Reis e Redondela.

Departamento solicitante: Vías e Obras.



Construción de ramplas de acceso e reparación de beirarrúas no contorno das rúas Redondela e Mondariz.

Fronte ao Centro de Saúde da rúa Tui instalouse unha reixa para a recollida de augas pluviais e construíuse unha rampla de acceso á beirarrúa. Ademais, repuxéronse as baldosas rotas ou deterioradas. Construíronse, ademais: dúas ramplas na rúa Redondela, fronte á AVV Cristo da Victoria, outras dúas na rúa Caldas de Reis e outras tres máis na rúa Soutomaior. Ademais, construíuse unha caneta entre a beirarrúa e o asfalto, no paso de peóns no cruzamento da rúa Redondela coa avda. de Castelao.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

Axardinamento das plataformas na rúa Baiona.

Instalación de sistema de rego e axardinamento das plataformas situadas nesta rúa.

Departamento solicitante: Montes, Parques e Xardíns.

Demolición e nova construción de beirarrúa en rúa Cangas.

Demolición de 192 m² de beirarrúa e de 64 m de bordo, para a construción dunha nova. Pintado dos paramentos da pista de patinaxe.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

Reacondicionamento na rúa Marín Interior.

Construción de ramplas nas escaleiras desta rúa, instalación de rego e axardinamento (plantación de 426 hedras e 101 plantas de distintas especies). Ampliación da vía de entrada á urbanización. Reacondicionamento e pintado de 35 farois.

Departamentos solicitantes: Vías e Obras, Montes, Parques e Xardíns.

Remodelación de Caldas de Reis Interior, Redondela e Baiona.

Reparación do pavimento deteriorado deste contorno, construción de rampla de accesibilidade,

reparación de chanzos existentes e reacondicionamento das varandas (157 m na rúa Baiona e 248 m na rúa O Grove). Levantamento de bordos soterrados e construción de dous pozos para recollida de augas na rúa Baiona. Reparación e plantación nas xardineiras situadas ao redor da Asociación do Cristo da Victoria, así como reparación das fendas dos muros. Na beirarrúa de acceso ao Pavillón, reparouse o pavimento e bordos deteriorados e construíuse un peche a base de celosía. Departamento solicitante: Vías e Obras.

Pavimentado

Pavimentado de: Castro-Castriño, Fonte dos Barros e na trav. da rúa Rocío. Caixa na rúa Bda. Fonte dos Barros. Preparación de pista de petanca na praza do Cristo da Victoria.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

CORUXO

Canalización de alumado público na praia do Vao.

Realización da canalización eléctrica do alumado público nesta praia, cunha lonxitude de 134 m, na zona dos aparcadoiros e no paseo pavimentado con pedra.

Departamento solicitante: Electromecánicos.

Instalación de varanda na praia do Serral.

Fabricación dunha varanda e construción dun pequeno muro de formigón/bloque sobre o que se instalou a devandita varanda.

Departamento solicitante: Medio Ambiente.

Instalación de duchas e sumidoiros na praia do Vao.

Instalación de 8 duchas con bases de madeira, nas zonas de paseo de madeira e de pedra. Realizouse tamén a instalación de auga para a Caseta de Cruz Vermella. Construción de rodeiras con xabre para o acceso da ambulancia á caseta.

Departamento solicitante: Medio Ambiente.






Acondicionamento da varanda nos campos de fútbol da praia do Vao.

Soldado para reconstrucion de tramos aproveitados doutro campo, e posterior colocación sobre base de formigón.

Departamento solicitante: Medio Ambiente.

Instalación de duchas na praia de Fontiña.

Instalación de dúas duchas nesta praia e construción de varanda de madeira.

Departamento solicitante: Medio Ambiente.

Demolição de bases dos postes do Campos de fútbol do Vao.

Demolição de 5 bases de cimentación de postes de formigón

Departamento solicitante: Medio Ambiente.



Pavimentado.

Pavimentado do acceso ao cemiterio, limpeza do Camiño Guillade, e pisado de pista de Fragoselo.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

FREIXEIRO

Construción de beirarrúa na Baixada á Igrexa.

Construción de nova beirarrúa, con demolição da anterior que estaba moi deteriorada, e nova instalación da canalización de pluviais.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

LAVADORES

Construción de beirarrúa na Primeira Travesía de Barreiro.

Construción de beirarrúas de formigón con acabado frotasado e con canalización de pluviais e eléctrica, con instalación de farois.

Departamentos solicitantes: Vías e Obras e Electromecánicos.



Reconstrución das escaleiras e zona de acceso de Rivera Atienza.

Construción (fundido) de baldosas e colocación das mesmas para a reconstrución de escaleiras e zona de acceso a Rivera Atienza, dende Martínez Garrido ata a rúa Portela.

Departamento solicitante: Vías e Obras.



Esmaltado de farois no xardín fronte ao antigo cuartel de Barreiro.

Reparación, tratamento antióxido e esmaltado de 12 farois.

Departamento solicitante: Vías e Obras.



Pavimentado.

Pavimentado de: Travesía Silvana, Travesía de Severino Cobas, Camiño Bagunda ata Alcalde Lavadores, Travesía do Camiño Paz Pardo e Camiño Paz Pardo. Limpeza, formigonado, construción de escaleiras e muro no Camiño Meixueiro. Limpeza do Camiño Meixueiro. Pasado de rolo polo campo de fútbol do Meixueiro.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

MATAMÁ

Acondicionamento e pintado de varanda na Rúa dos Canteiros, San Mauro, Capilla e Parada.

Soldado para reparacion de tramos rotos e reacondicionamento das varandas.

Departamento solicitante: Vías e Obras.



Ampliación e construción de beirarrúas e adoquinado fronte ao colexio CEIP Josefa Alonso, na rúa Manuel de Cominges.

Reparacion de pavimento de terrazo na beirarrúa xunto ao aparcadoiro.





Construción de nova rampla de accesibilidade. Nova canalización de pluviais no contorno do cemiterio e do colexio. Lastrado do fronte do cemiterio ata o colexio, así como a construción de beirarrúa ao carón do colexio (ata a parte traseira do mesmo).

Departamento solicitante: Vías e Obras.

NAVIA

Reposición de lousas no contorno do Colexio Amor de Dios.

Reposición das lousas que faltaban e arranxo das defectuosas nas beirarrúas que están no contorno deste colexio.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

Pavimentado.

Aglomerado e selado do Camiño. Quintela e da rúa Bravo.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

OIA

Instalación de novos puntos de luz.

Instalacións de novos puntos de luz e renovación de existentes nestas parroquias.

Departamento solicitante: Electromecánicos.

Renovación de puntos de luz no Camiño Cortado da Estación.

Cambio dos puntos de luz existentes por uns novos.

Departamento solicitante: Electromecánicos.

Pavimentado.

Limpeza en Roteas interior e Baixada á Hermida. Aglomerado do Camiño Matoca, Camiño. Outeiro e Toucido.

Departamento solicitante: Vías e Obras.



SAIÁNS

Instalación de novos puntos de luz.

Instalacións de novos puntos de luz e renovación de existentes nestas parroquias.

Departamento solicitante: Electromecánicos.

Pavimentado.

Aglomerado do Camiño San Xurxo. Facer caixa no acceso ao novo Colexio Infantil e na Baixada á Praia, 83.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

SÁRDOMA

Pavimentado.

Aglomerado e selado do Camiño. Campo da Feira.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

TEIS

Mellora do alumeadado público da parroquia de Teis.

Cambio do tendido eléctrico do alumeadado público e de lámpadas nesta parroquia.

Departamento solicitante: Electromecánicos.

Cambio de tendido eléctrico e novos puntos de luz.

Cambio do tendido eléctrico do alumeadado público e instalación de 40 puntos de luz (integración da Pedrosa).

Departamento solicitante: Electromecánicos.

Construción de beirarrúa en Párroco D. Serafín.

Construción de beirarrúa con canalización de pluviais, de muros de formigón armado (por retranqueo de fincas), de corredoiras de formigón e dunha soleira para contedor.

Departamento solicitante: Vías e Obras.





Instalación de duchas e sumidoiros na Praia da Punta.

Instalación de dúas duchas con bases de madeira e coas respectivas instalacións.

Departamento solicitante: Medio Ambiente.

Acometida eléctrica na rúa Rorís.

Excavación en roca con martillo picador para formación de cimentación de bases para faroís.

Departamento solicitante: Electromecánicos.

Pavimentado.

Aglomerado da rúa Rorís.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

VALADARES

Construción de xardín en Carregal-Valadares.

Construción de novo pavimento para a parada de autobús e construción de xardín, con bancos e mesas.

Departamento solicitante: Montes, Parques e Xardíns.

Acondicionamento de varandas no Campo da Festa de San Campio.

Reconstrución e reacondicionamento dalgo máis de 200 m de varandas situadas neste contorno e dous mastros das bandeiras. Restauración de varanda de cercado do Cruceiro.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

Pavimentado.

Aglomerado do Camiño Nanceles e explanado con balastro o acceso ao Pavillón de Valadares e a entrada da Travesía da Estrada Regueiro.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

CENTRO

Construción de beirarrúa na avda. Fragoso Interior.

Construción de beirarrúa con baldosa e canalización de pluviais nesta rúa.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

Axardinamento na confluencia de Martínez Garrido e rúa Gaivota.

Axardinamento con instalación de rego desta zona verde.

Departamento solicitante: Montes, Parques e Xardíns.

Reacondicionamento da pista deportiva ao carón do instituto do Castro.

Substitución do peche perimetral de 544 m² de rede metálica con colocación e construción de porta de entrada e limpeza e reparación de 136 m de canetas.

Departamento solicitante: Xuventude.

Modificación da plataforma de acceso ao estacionamento da Estación de Ferrocarril.

Redeseño e reconstrución desta plataforma para a mellora do acceso dos vehículos ao estacionamento da Estación.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

Reconstrución e acondicionamento da varanda da Praza da Estación.

Reconstrución e reacondicionamento das varandas do contorno desta praza (rúa Baixada á Estación, escaleira subida da Estación a Vía Norte e terraza miradoiro).

Departamento solicitante: Vías e Obras.





Reparación da escalinata que une Vía Norte-Praza de Estación.

Remodelación destas escaleiras na que foi necesario sacar tramos de pedra en mal estado e substituílos por outros novos feitos a medida.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

Reparación do pavimento da rúa Príncipe e rúas achegadas.

Esta reparación consistiu no levantamento das lousas de pedra rotas ou despegadas e a súa nova colocación.

Departamento solicitante: Vías e Obras.



Reparación e acondicionamento da praza da cuberta do estacionamento da rúa Coruña (Xulgados).


Reparación e acondicionamento do pavimento desta zona.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

Instalación de novo alumeadado no Castro 1ª fase.

Construción de nova canalización para o alumeadado público, de bases para os farois e conexión eléctrica dos mesmos, así como a instalación de novos cadros eléctricos.

Departamento solicitante: Electromecánicos.



Construción de beirarrúa na prolongación da rúa Serafín Avendaño.

Construción de 150 m de beirarrúa de formigón con canalización eléctrica e construción de bases de formigón para a instalación de alumeadado público.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

Canalización de alumeadado público na Subida ao Castelo.

